

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL



CURSO 2023/2024

CEIP MELIDE Nº1

R/Álvarez Carballido 2

15800 Melide- A Coruña



	<u>ÍNDICE</u>	<u>Páx.</u>
1.	<u>CONTEXTO: DATOS XERAIS DO CENTRO</u>	1-6
	<u>1.1 Datos do centro</u>	1
	<u>1.2 Alumnado por niveis e grupo</u>	1
	<u>1.3 Profesorado. Adscrición.</u>	2-3
	<u>1.4 Persoal non docente</u>	3-4
	<u>1.5 Órganos de goberno</u>	4-6
2.	<u>OBXECTIVOS DO CENTRO PARA O CURSO 2023-2024</u>	6-8
3.	<u>MEDIDAS PARA A SÚA CONSECUCIÓN</u>	8-13
	<u>3.1 Equipos de coordinación docente</u>	9-13
4.	<u>XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO</u>	14-15
	<u>4.1 Alteracións do calendario escolar</u>	15
5.	<u>CONCRECIÓN ANUAL DO PEC</u>	15-122
	<u>5.1 Educación Infantil</u>	15-29
	<u>5.2 1º de Educación Primaria</u>	29-44
	<u>5.3 2º de Educación Primaria</u>	44-54
	<u>5.4 3º de Educación Primaria</u>	55-72
	<u>5.5 4º de Educación Primaria</u>	73-85
	<u>5.6 5º de Educación Primaria</u>	86-97
	<u>5.7 6º de Educación Primaria</u>	98-110
	<u>5.8 Pedagogía Terapéutica</u>	110-117
	<u>5.9 Audición e Linguaxe</u>	117-122
6.	<u>PLANS DE ACTUACIÓN</u>	123-173



6.1	<u>Plan de Dinamización da Lingua Galega</u>	123-124
6.2	<u>Plan de actividades do Equipo de actividades complementarias e extraescolares</u>	125-127
6.3	<u>Plan do Departamento de Orientación</u>	127-158
6.4	<u>Plan Anual de Lectura: Proxecto lector</u>	158-160
6.5	<u>Plan de traballo do equipo de Dinamización da Biblioteca: PLAMBE</u>	160-167
6.6	<u>Plan de dinamización das TIC</u>	167-168
6.7	<u>Plan de dinamización da Convivencia Escolar</u>	169
6.8	<u>Plan Anual da sección bilingües</u>	170-173
6.9	<u>Plan dixital</u>	
7.	<u>PLANS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO</u>	173
8.	<u>PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO</u>	174
9.	<u>PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO</u>	174-175
10.	<u>ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS</u>	175-178
	<u>10.1 Transporte</u>	175
	<u>10.2 Comedor</u>	176-178
11.	<u>RELACIÓNS DO CENTRO COAS FAMILIAS E A COMUNIDADE</u>	178-179
12.	<u>PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DAS ANPAS</u>	179
13.	<u>PLAN XERAL DE AVALIACIÓN</u>	179-181
14.	<u>AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL</u>	182
15.	<u>APROBACIÓN DA PXA</u>	183



1. CONTEXTO: DATOS XERAIS DO CENTRO.

1.1. Datos do centro:

<i>Código do centro</i>	15008805		
<i>Enderezo</i>	R/Álvarez Carballido, 2		
<i>CIF</i>	Q-6555070-I		
<i>Teléfonos</i>	Xeral		881 866 138
	Secretaría		881 866 137
	Dirección		881 866 136
	Orientación		981507603
<i>Fax</i>	881 866 139		
<i>Páxina web</i>	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnumero1melide		
<i>E-Mail</i>	ceip.numero1.melide@edu.xunta.gal		

O presente curso 2023-2024 o CEIP Melide conta cun total de 10 unidades: 3 unidades de educación infantil e 7 unidades de educación primaria, existindo dúas liñas en 4 ° de educación primaria.

1.2 Alumnado por niveis:

	EDUCACIÓN INFANTIL			EDUCACIÓN PRIMARIA						
	3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS	1º	2º	3º	4ºA	4ºB	5º	6º
	20	20	20	17	24	24	14	14	20	25
TOTAL	60			138						
TOTAL CENTRO				198						



1.3 Profesorado: adscrición

EDUCACIÓN INFANTIL	
4º EI	Mª Carmen Armas Fandiño
5º EI	Mª Begoña Vietes Castro
6º EI	Davinia Varela Sánchez
APOIO EI	Sonia Mª Pérez Santoalla

EDUCACIÓN PRIMARIA	
1º	Mª Carmen Novás Conde
2º	Inés Cagide Val
3º	Mª Daniela Liñares Lezama
4ºA	Mª Carmen Rodríguez Veiga
4ºB	Mª Mónica Carregal Corral
5º	Lucía Otero García/ Paula Bargo Buján
6º	José Luís Iglesias Vázquez

EDUCACIÓN FÍSICA	José Rodríguez Martínez	Impartirá 2 horas semanais en todos os cursos de EI e EP.
EDUCACIÓN MUSICAL	Lucía Otero García	Impartirá unha sesión semanal en todos os cursos de EI e EP .
	Mª de las Nieves Morogosa	Impartirá en todos os niveis de primaria
LINGUA INGLESA	Neira	
	Paula Bargo Buján	Impartirá en todos os niveis de E.I.

RELIXIÓN	M ^a Jesús Blanco Ríos	Impartirá en EI e EP. Está compartida co CEIP de Toques.
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	M ^a Belén Sánchez Novo	Impartirá en E.I. e E.P.
AUDICIÓN E LINGUAXE	Ana Carballude Iturburua	Impartirá en E.I. e E.P.
ORIENTACIÓN	Marta Aguión Sandá	Compartida co CEIP de Toques e CEIP de Arcediago.

Ao igual que en anos anteriores, seguirán as sección bilingües na materia de Plástica nos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º da Educación Primaria.

Os Mestres encargados de impartir esta sección son:

Paula Bargo Buján	5º
José Luis Iglesias Vázquez	6º
M ^a de las Nieves Morogosa Neira	4ºA
M ^a Mónica Carregal Corral	3º e 4ºB

Por cuestións de dispoñibilidade e de organización de horarios haberá mestres/as, tanto titores, como especialistas que impartan algunha asignatura noutros cursos.

En 5º de Primaria Paula Bargo Buján impartirá as asignaturas de Lingua Galega e Lingua Castelá.

1.4 Persoal non docente

O horario laboral do persoal non docente é o seguinte:

- Cociñeiras: Sete horas e media diarias, cun descanso de media hora.
- Conserxe: Horario determinado polo Concello.
- Limpeza: o horario do persoal de limpeza vén determinado polo concello.

1.5 Órganos de goberno: Unipersoais e colexiados.

Unipersoais: Equipo directivo

Directora	Paula Bargo Buján
Xefe de Estudos	Sonia María Pérez Santoalla
Secretaria	María Carmen Armas Fandiño

O horario do equipo directivo é o seguinte:

HORARIO EQUIPO DIRECTIVO

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30 10:20	XEFATURA	XEFATURA	XEFATURA DIRECCIÓN		XEFATURA LIBRE ASIGNACIÓN
10:20 11:10	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN		DIRECCIÓN	
11:10 12:00	DIRECCIÓN				XEFATURA LIBRE ASIGNACIÓN
12:50 13:40		XEFATURA LIBRE ASIGNACIÓN	DIRECCIÓN	XEFATURA	REUNIÓN E. DIRECTIVO
13:40 14:30	SECRETARÍA	SECRETARÍA	SECRETARÍA	SECRETARÍA	

Colexiados: Claustro e Consello Escolar

CLAUSTRO

Está constituído por todo o profesorado do centro.

CONSELLO ESCOLAR

Equipo directivo

- Paula Bargo Buján (preside)
- Sonia María Pérez Santoalla.
- M^a Carmen Armas Fandiño (secretaria: con voz pero sen voto).

Representantes do profesorado

- Davinia Varela Sánchez
- Marta Aguión Sandá
- M^a Belén Novo Sánchez
- M^a Begoña Vietes Castro
- M^a Carmen Rodríguez Veiga

Representantes dos pais/nais do alumnado

- M^a Carmen Liñeira López
- Yolanda Casal Carril
- José González de la Torre
- Raquel Val Vázquez

Representante do persoal de administración e servizos

- Ana M^a Mosteiro Sánchez

Representante do concello

- Maika Basalo Santín

Representante proposta pola

ANPA "O Forte"

- Gema Torre Rodríguez



Como recolle a lexislación, dentro do seno do Consello Escolar constitúense as seguintes comisións:

- COMISIÓN ECONÓMICA da que pasan a formar parte:
 - Paula Bargo Buján como Directora do centro
 - M^a Carmen Armas Fandiño como Secretaria do Centro
 - Marta Aguión Sandá como profesora do Centro
 - M^a del Carmen Liñeira López como representante dos pais/nais.
- COMISIÓN DE CONVIVENCIA da que pasan a formar parte os mesmos membros que compoñen o consello escolar.
- RESPONSABLE DE IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES
 - M^a Begoña Vieites Castro.

2. OBXECTIVOS DO CENTRO PARA O CURSO 2023-2024

OBXECTIVOS XERAIS

- Velar pola boa organización e funcionamento do Centro, utilizando os recursos materiais e humanos dispoñibles.
- Contribuír ao desenvolvemento integral do noso alumnado, acadando a súa autonomía e identidade persoal e social.



OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Potenciar un bo clima de traballo e de convivencia no Centro en referencia a toda a Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, familias e persoal non docente).
- Estimular o traballo en grupo dos membros do Claustro como medio para lograr unha efectiva organización e coordinación.
- Mellorar o rendemento nas Competencias en Comunicación Lingüística e matemática, ciencia e tecnoloxía.
- Impulsar a biblioteca de centro non só como lugar para fomentar a lectura ou acceder a información, tamén como centro promotor e coordinador das diferentes actividades propostas polos distintos equipos e/ou proxectos que se desenvolvan no centro.
- Activar e usar a aula virtual do centro como instrumento de traballo por parte de todo o profesorado, en todos os cursos.
- Mellorar a competencia dixital do alumnado coa posta en funcionamento e mantemento da aula de informática, para uso e fomento das TICs e das novas tecnoloxías nos procesos de ensino aprendizaxe, en todos os cursos.
- Participar nos plans de innovación educativa: Plans proxecta.
- Favorecer o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e do Plan de Convivencia.



- Atender a diversidade do alumnado, establecendo medidas de apoio e propostas de mellora, favorecendo a integración do alumnado procedente de ambientes desfavorecidos, alumnado con NEAE e alumnado procedente do estranxeiro.
- Integrar o traballo dos distintos equipos para o desenvolvemento do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.
- Potenciar o uso da lingua galega.
- Implicar ás familias no proceso educativo dos seus fillos/as fomentando a participación das familias na vida do Centro.
- Mellorar a dotación do material e equipamentos do centro.
- Mellorar as infraestruturas do centro así como facer as xestións necesarias para as melloras e mantemento do recinto escolar.

3. MEDIDAS PARA A SÚA CONSECUCIÓN

Consideramos fundamental que dentro da estrutura do centro xoga un papel fundamental a coordinación entre os distintos equipos docentes, equipos de traballo, as comisións, órganos de goberno e todos aqueles grupos que compoñen a comunidade educativa.

Establecese un calendario mensual de reunións para os distintos equipos, que poderá desenvolverse tanto de forma presencial, telemática ou mixta.

Quedando do seguinte xeito:



1º luns de mes	2º luns de mes	3º luns de mes	4º luns de mes
Equipo de Biblioteca. E. de Dinamización da Lingua Galega. E. de AA.CC.EE. Equipo TIC.	Equipos de Ciclo.	Comisión de Coordinación Pedagóxica	Departamento de Orientación. Seccións bilingües. Equipo Edixgal.

Os equipos docentes facilitan a coordinación entre os distintos grupos ou niveis, facilita levar a cabo proxectos e actividades e, a súa vez, funciona como canle de comunicación cos órganos de goberno.

3.1 Equipos de coordinación docente

EQUIPO DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL	REUNIÓN
COORDINADORA M ^a Jesús Blanco Ríos Davinia Varela Sánchez M ^a Carmen Armas Fandiño Sonia M ^a Pérez Santoalla M ^a Begoña Vieites Castro	2º luns do mes

EQUIPO DE 1º E 2º NIVEL DE ED. PRIMARIA	REUNIÓN
COORDINADORA M ^a Carmen Novás Conde Inés Cagide Val Marta Aguión Sandá José Rodríguez Martínez	2º luns do mes



EQUIPO DE 3º E 4º NIVEL DE ED. PRIMARIA

REUNIÓNS

COORDINADORA

Mª Daniela Liñares Lezama

Mª Mónica Carregal Corral

Mª Carmen Rodríguez Veiga

Ana Carballude Iturburua

Mª de las Nieves Morogosa Neira

2º luns do mes

EQUIPO DE 5º E 6º NIVEL DE ED. PRIMARIA

REUNIÓNS

COORDINADORA

Lucía Otero García

Mª Belén Novo Sánchez

Paula Bargo Buján

José Luís Iglesias Vázquez

2º luns do mes

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DO DEPARTAMENTO
DE ORIENTACIÓN

REUNIÓNS

COORDINADORA

Marta Aguión Sandá

Belén Novo Sánchez

Ana Carballude Iturburua

María Jesús Blanco Ríos

Mª Daniela Liñares Lezama

Lucía Otero García

Mª Carmen Novás Conde

4º luns do mes



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA

GALEGA

REUNIÓNS

COORDINADORA Davinia Varela Sánchez

Inés Cagide Val

Paula Bargo Buján

Mª Jesús Blanco Ríos

Mª Carmen Novás Conde

1º luns do mes

EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E

COMPLEMENTARIAS

REUNIÓNS

COORDINADORA Mª Mónica Carregal Corral

Lucía Otero García

Ana Carballude Iturburua

Mª Begoña Vieites Castro

José Rodríguez Martínez

1º luns do mes

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

REUNIÓNS

COORDINADORA Mª Carmen Rodríguez Veiga

Mª de las Nieves Morogosa Neira

Mª Daniela Liñares Lezama

Mª Carmen Armas Fandiño

Marta Aguión Sandá

Belén Novo Sánchez

1º luns do mes



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

REUNIÓNS

COORDINADOR/A

Sonia M^a Pérez Santoalla

1º luns ao mes

José Luís Iglesias Vázquez

EQUIPO DE SECCIÓN BILINGÜES

COORDINADORA

María Nieves Morogosa Neira

José Luís Iglesias Vázquez

Paula Bargo Buján

Mónica Careregal Corral

COMISIÓN DE COORDINACIÓN

REUNIÓNS

PEDAGÓXICA

PRESIDE

Paula Bargo Buján

Sonia M^a Pérez Santoalla

Ana Carballude Iturburua

M^a Carmen Novás Conde

Marta Aguión Sandá

M^a Jesús Blanco Ríos

3º luns de mes

Lucía Otero García

M^a Daniela Liñares Lezama

Davinia Varela Sánchez

María Belén Novo Sánchez

M^a Carmen Rodríguez Veiga



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

REUNIÓNS

PRESIDE

Marta Aguión Sandá

María Belén Novo Sánchez

4º luns de mes

Ana Carballude Iturburua

Mª Carmen Novás Conde

Mª Jesús Blanco Ríos

Daniela Liñares Lezama

Lucía Otero García

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DO PLAN DIXITAL

REUNIÓNS

COORDINADORA

Mª Belén Novo Sánchez

Ana Carballude Iturburua

Mª de las Nieves Morogosa Neira

4º luns do mes

Mª Mónica Carregal Corral

Mª Carmen Armas Fandiño

Marta Aguión Sandá

Paula Bargo Buján

EQUIPO EDIXGAL

REUNIÓNS

Paula Bargo Buján

4º luns do mes

Lucía Otero García

José Luís Iglesias

COORDINADOR

Vázquez

4º luns do mes



4. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

O horario do centro continuará sendo de xornada continuada, dende as 9:30 ata as 14:30 organizando así as sesións de cada xornada:

<u>SESIÓNS</u>	<u>HORARIO</u>
1º	De 9:30 a 10:20
2º	De 10:20 a 11:10
3º	De 11:10 a 12:00
RECREO	De 12:00 a 12:30
HORA DE LER	De 12:30 a 12:50
4º	De 12:50 a 13:40
5º	De 13:40 a 14:30
COMEDOR	De 14:30 a 15:30
RECREO TARDE	De 15:30 a 16:15

A vixianza do alumnado de transporte escolar realízase seguindo este horario:

ENTRADA	De 9:00 a 9:30
SAÍDA	De 16:10 a 16:30

Todos os luns pola tarde seguirase o seguinte horario:

De 16:15 a 17:15	Reunións e coordinacións
De 17:15 a 18:15	Atención ás familias
De 18:15 a 19:15	Outras tarefas

4.1. Alteracións do calendario escolar

Os días non lectivos escollidos polo centro son:

- 29 e 30 de abril de 2024.

5. CONCRECIÓN ANUAL DO PEC

5.1. Educación Infantil

OBXECTIVOS POR ÁREAS

CRECIMENTO EN HARMONÍA

-Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.

- Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva.

-Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e eco socialmente responsable.

-Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto, da diversidade e da empatía para



construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos.

DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA

- Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvemento das destrezas lóxico-matemáticas para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.

- Desenvolver de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.

- Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sustentable, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.

Identificar as características e función dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.



COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE

- Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso de seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.
- Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír nova aprendizaxes.
- Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.
- Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.
- Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.

RELEXIÓN

- Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través



da escoita e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.

- Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubriendo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.
- Explorar e admirar diferentes contornas naturais sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubriendo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade ,sensibilidade estética e sentido de pertenza.
- Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.
- Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.

Todos os obxectivos xerais programados están presentes nas unidades didácticas ou nos proxectos que se desenvolverán ao longo do presente curso.



En cada unha das unidades didácticas ou proxectos, traballaranse as seguintes áreas de coñecemento, cos seus correspondentes bloques temáticos:

Crecedemento en Harmonía

O corpo e o control progresivo deste.

Equilibrio emocional e desenvolvemento da afectividade

Hábitos de vida saudable para o auto coidado e o coidado da contorna.

Descubrimento e Exploración da Contorna

Diálogo corporal coa contorna. Exploración creativa de obxectos, materiais e espazos.

Experimentación na contorna. Curiosidade, pensamento científico e creatividade.

Indagación no medio físico e natural. Coidado, valoración e respecto.

Comunicación e Representación da Realidade

Intención e interacción comunicativa.

As linguas e os seus falantes.

Comunicación verbal oral. Comprensión-expresión-diálogo.

Aproximación á linguaxe escrita

Aproximación á educación literaria.

Linguaxe e expresión musical

Linguaxe e expresión plástica e visual.

Linguaxe e expresión corporal

Alfabetización dixital

COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave defínense como os desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais.

As competencias clave da etapa son as seguintes:

Competencia en comunicación lingüística (CCL)

Competencia plurilingüe (CP)

Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería

(STEM)

Competencia dixital (CD)

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)

Competencia cidadá (CC)

Competencia emprendedora (CE)

Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)

PLAN LECTOR

O alumnado do segundo ciclo de Educación Infantil participará nas actividades organizadas tanto polo ciclo como polo grupo da Biblioteca Escolar.

Ademais igual que o resto do alumnado do centro, teremos a hora de ler de 12:30 a 12:50, todos os días na que faremos actividades como: contar un conto, ir á biblioteca do centro, escenificar un conto, mirar contos libremente, etc.

USO DAS TIC

Fomentaremos o uso das novas tecnoloxías con actividades orientadas ó uso do ordenador e da panel dixital. O alumnado de infantil terá unha sesión semanal de educación dixital na aula de informática.

PLAN DE CONVIVENCIA

Participaremos, igual que todo o alumnado do colexio, no Plan de Convivencia, elaborado dende o Departamento de Orientación; teranse en conta aspectos como:

- Educación para a paz.
- Educación para a saúde.
- Educación non sexista.
- Educación medioambiental.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Durante o curso participaremos nas actividades organizadas polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares en coordinación cos outros equipos, tales como: Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do libro e Letras Galegas.



Tamén realizaremos pequenas saídas dentro da localidade e da comarca como por exemplo: visitas á biblioteca municipal e as actividades ofertadas habitualmente polo concello.

En canto ás saídas extraescolares fóra do Concello, poderán concretarse ao longo do curso.

AVALIACIÓN

A avaliación para a Educación Infantil ven marcada polo decreto curricular 150/2022 do 8 de setembro (DOG 9 setembro de 2022).

O proceso de avaliación deberá contribuír a mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe mediante a valoración da pertinencia das estratexias metodolóxicas e dos recursos utilizados. Con esta finalidade, todas as persoas profesionais implicadas avaliarán a súa propia práctica educativa, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

Así pois o tipo de avaliación que se levará a cabo será global, continua e formativa. Estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. Tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas.

🕒 A coordinación do proceso de avaliación da aprendizaxe do alumnado corresponderalle á persoa que exerza a titoría, que recollerá a información proporcionada polos outros profesionais que participan no proceso educativo de cada grupo ou dalgún alumno ou alumna en particular e que deberá deixar constancia

das observacións e valoracións sobre o grao de adquisición das aprendizaxes de cada nena e de cada neno.

- ④ A valoración do proceso de aprendizaxe expresarase en termos cualitativos, recollendo os progresos efectuados polas nenas e nenos e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.
- ④ A observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas e dos nenos e as entrevistas coas familias ou titores legais constituirán as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación.
- ④ As consideracións derivadas do proceso de avaliación deberán ser comunicadas periodicamente ás familias ou titores legais co obxectivo de facelos co-partícipes do proceso educativo das súas fillas e fillos.
- ④ profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.
- ④ Co fin de analizar e valorar o proceso de ensino que ten lugar nas aulas e adaptar progresivamente a intervención educativa ás características e necesidades do alumnado, a avaliación na educación infantil terá en conta aspectos tan relevantes como:
A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación entre o profesorado e o alumnado.
- ④ A coordinación entre os profesionais dun mesmo ciclo e a coherencia entre os mesmo.

- ⓐ A regularidade e calidade da relación cos pais, nais e titores legais e a participación destes no proceso de aprendizaxe dos seus fillos.
- ⓐ A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- ⓐ A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias básicas.
- ⓐ A evolución no proceso de aprendizaxe do alumno.

Como ben é sabido a avaliación constitúe un dos apartados máis relevantes do currículo. A avaliación é continua e realízase a través dos seguintes procedementos:

- Observación directa.
- Interacción oral.
- Análise das producións.

MOMENTOS DA AVALIACIÓN

AVALIACIÓN INICIAL

Cando o alumnado se incorpore ao segundo ciclo de educación infantil, as persoas titoras dos grupos realizarán unha avaliación inicial de cada un. Así mesmo, esta avaliación realizarase cando unha alumna ou un alumno se traslade dun centro a outro. A avaliación recollerá os datos máis destacados do seu proceso de desenvolvemento, terá en conta os datos relevantes achegados pola información das familias na entrevista inicial e, se é o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar. E, de ser o caso, os informes de escolarización anteriores.



A avaliación inicial completárase coa información obtida na observación directa por parte dos profesionais que atenden as nenas e nenos sobre o grao de desenvolvemento das capacidades básicas correspondentes á súa etapa evolutiva durante o período de adaptación ao centro escolar.

O equipo educativo adoptará as decisións relativas ao tipo de información que se precisa neste momento inicial da avaliación, así como ás técnicas ou instrumentos que se van empregar para recoller e consignar a dita información. Estas decisións quedarán reflectidas no proxecto educativo.

AVALIACIÓN CONTINUA

Ao longo do ciclo, e de forma continua, a persoa que exerza a titoría utilizará as distintas situacións educativas para analizar os progresos e as dificultades do seu alumnado, co fin de axustar a intervención educativa para estimular o proceso de aprendizaxe.

Os criterios de avaliación constituirán o punto de referencia inmediato da avaliación continua e permitirán seleccionar os procedementos de avaliación máis axeitados.

AVALIACIÓN FINAL

Ao remate de cada curso, a titora ou o titor elaborará o informe anual de avaliación individualizado, no cal se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua. O dito informe recollerá o grao de consecución dos obxectivos establecidos, así como as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas.

Á finalización do ciclo, co fin de garantir unha atención individualizada e continuada, recollerase nun informe o progreso global de cada nena e cada neno. Nesta valoración considerarase o avance na consecución dos obxectivos correspondentes do ciclo e no grao de iniciación no desenvolvemento das competencias clave. Así mesmo, faranse constar os aspectos máis salientables do seu progreso educativo e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación que se adoptasen. O informe final anual correspondente ao



último curso do ciclo pode ser substituído por este informe final de ciclo, a criterio do equipo docente.

DOCUMENTOS OFICIAIS DE AVALIACIÓN

Actas de avaliación, que se estenderán para cada un dos cursos e se pecharán ao termo do período lectivo ordinario. Comprenderán, polo menos, a relación nominal do alumnado que compón o grupo xunto coas valoracións globais da avaliación das áreas.

EXPEDIENTE ACADÉMICO

Recollerá os datos de identificación do centro, os da alumna ou do alumno, así como a información relativa ao seu proceso de avaliación. Abrirase no momento de incorporación ao centro e recollerá, polo menos, os resultados da avaliación das áreas e as medidas de apoio que se adoptaran para a alumna ou alumno.

HISTORIAL ACADÉMICO

Terá valor acreditativo das ensinanzas realizadas. Como mínimo recollerá os datos identificativos do alumno/a, as áreas cursadas en cada un dos anos de escolarización, as medidas curriculares e organizativas aplicadas, os resultados da avaliación, a información relativa aos cambios do centro e as datas en que se produciran os diferentes feitos.

INFORME PERSOAL POR TRASLADO

Cando unha alumna/o se traslade a outro centro do ámbito da xestión da Comunidade Autónoma de Galicia antes de finalizar a etapa para proseguir os seus estudos, o centro de orixe remitirá ao de destino, por petición deste,



copia do historial académico e o informe persoal por traslado.

Este informe conterá os resultados das avaliacións que se realizarán, as medidas curriculares e organizativas que, de ser o caso, foran aplicadas e todas as observacións que se consideren oportunas acerca do progreso xeral do alumno/a.

INFORME FINAL DE ETAPA

Recollerá información sobre a evolución da alumna ou do alumno ao finalizar a etapa, segundo o disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

No caso dos centros que impartan as etapas de educación infantil e de educación primaria, dito informe será posto á disposición da persoa titora na nova etapa e servirá de orientación para a avaliación inicial.

Cando unha alumna ou alumno se traslade a outro centro, a secretaría deste solicitará ao centro de procedencia o seu informe persoal, así coma os informes de avaliación individualizados correspondentes á escolarización nesta etapa educativa. Cando o traslado se produza sen finalizar o ciclo, o centro de procedencia proporcionará o derradeiro informe de avaliación individualizado.

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

- Corresponde á titora ou ao titor informar regularmente aos pais e nais ou titores legais sobre os progresos e dificultades detectados e ter en conta as informacións que estes proporcionen, segundo os procedementos establecidos no proxecto educativo.
- A información recollida da avaliación continua trasladarase ás familias, como mínimo, nun informe escrito trimestral e de forma persoal cantas



veces se estime oportuno para lograr establecer unha coordinación adecuada no desenvolvemento do proceso educativo das súas fillas e fillos. Os centros educativos establecerán o contido e formato do documento de información ás familias nos cales se comunicarán os datos sobre os progresos e dificultades detectados na consecución dos obxectivos establecidos no currículo, sobre o proceso de integración socio educativa, sobre o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias clave e, de ser o caso, sobre as medidas de apoio e reforzo educativo adoptadas ou propostas.

PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Duración	Do 9 de setembro ao 16 de setembro
Organización	<u>Días 11, 12, 13 e 14 de setembro</u> GRUPO A (formado polo alumnado que ten irmáns no centro): De 9:40 a 11:30
	GRUPO B(o resto do alumnado): De 12:10 a 14:00
	<u>Día 15 de setembro</u> <u>Todo o alumnado de 9:40 a 12h.</u>
A partir dese día farase o horario normal do centro.	

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As propostas didácticas realizadas nas aulas son as mesmas para todo o alumnado. O que varía en cada caso é o resultado da produción e o apoio individualizado na realización da mesma.

Contamos para dar resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe cunha mestra de apoio en Educación Infantil e no centro coas mestras especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica.

Na actualidade en Ed. Infantil intervén a especialista en audición e linguaxe que traballa co alumnado que presenta dificultades no eido da linguaxe

(fundamentalmente estimulación da linguaxe oral e dificultades relacionadas coa articulación) e a de pedagogía terapéutica.

5.2 1º de Educación Primaria

OBXECTIVOS POR ÁREAS

Lingua Galega

- Observar se coñecen as letras do abecedario galego.
- Escribir correctamente nomes propios e apelidos.
- Identificar se len un texto e comprenden o seu significado.
- Verificar que presenten unha narración de xeito ordenado.
- Analizar se saben describirse a si mesmos identificando os seus trazos físicos máis importantes.
- Asegurarse de que constrúan frases ordenadas e con sentido.
- Verificar que utilicen os adxectivos axeitados en cada caso.
- Descubrir a estrutura silábica das palabras.
- Analizar se poden explicar polo miúdo unha experiencia persoal.
- Asegurarse de que contén as sílabas dunha palabra e separen palabras en sílabas.
- Observar se saben ler un poema e interpretalo.
- Observar se empregan os tempos verbais de xeito adecuado segundo o momento cronolóxico ao que se están a referir.




Lingua Castelá

- Observar se respectan normas básicas de interacción verbal nas conversas.
- Analizar se se expresan oralmente con orde, fluidez e un vocabulario oportuno.
- Asegurarse de que comprenden sen dificultades unha sinxela narración e que responden apropiadamente preguntas acerca dela.
- Verificar que escriben correctamente nomes de pía e apelidos.
- Constatar que diferencian sen problemas as vogais das consoantes.
- Evidenciar que saben clasificar nomes comúns en virtude do seu significado.
- Confirmar que saben escribir a data dun día concreto.
- Observar se se expresan oralmente co ritmo, a pronuncia e o xesto adecuados á situación comunicativa.

Matemáticas

- Analizar se saben descompoñer números en decenas e unidades.
- Constatar se saben recoñecer os elementos básicos das figuras planas: triángulo, círculo, rectángulo, cadrado e circunferencia.
- Verificar se identifican o número de lados e vértices dos diferentes polígonos.
- Constatar que identifican o signo que corresponde a unha operación.
- Avaliar se calculan mentalmente os dobres e as súas restas asociadas.
- Avaliar se aprenderon a ler, escribir e ordenar os números naturais de ata dúas cifras, indicando o valor posicional das súas cifras.
- Verificar se saben descompoñer os números naturais ata o 99 en decenas e unidades.

- Confirmar que saben resolver problemas de suma e resta.
- Ver que escriben correctamente o nome dos números de dúas cifras.
- Comprobar se resolven problemas con euros mediante a adición ou subtracción.
- Ver se saben expresar correctamente a localización dun obxecto no espazo e saben recoñecer obxectos desde distintas perspectivas.
- Pescudar que saben estimar distintas medidas convencionais que se corresponden cunha magnitude: peso, lonxitude e capacidade.



Ciencias da natureza

- Adquirir e utilizar correctamente de forma oral e escrita, o vocabulario específico da área que permita o desenvolvemento da lectura comprensiva a través de textos científicos.
- Adquirir e utilizar correctamente de forma oral e escrita, o vocabulario específico da área que permita o desenvolvemento da lectura comprensiva a través de textos sinxelos.
- Coñecer e valorar a importante achega da ciencia e da investigación para mellorar a calidade de vida e benestar dos seres humanos.
- Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que se derivan do coñecemento do corpo humano, respectando as diferenzas.
- Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado corporal que se derivan do coñecemento dos aspectos básicos do seu corpo.



- Mostrar unha actitude de aceptación e respecto cara ás diferenzas individuais (idade e sexo).
- Coñecer globalmente o seu corpo, afianzar a lateralidade, a percepción multisensorial e desenvolver a súa autonomía.
- Participar en actividades grupais respectando as normas e regras de convivencia (quendas de palabra, atención nas intervencións, achega de ideas e consideración das decisións e acordos tomados) e realizando as tarefas asignadas dunha forma responsable.
- Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio, valorándoa criticamente e adoptando un comportamento na vida cotiá de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico.
- Participar na conservación e mellora do medio: manter limpo o seu ámbito espacial, coidar os obxectos materiais (persoais e comúns) e respectar os animais e as plantas.
- Identificar os principais elementos do medio natural analizando a súa organización, as súas características e interaccións, e progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.
- Identificar os elementos principais do medio natural, partindo do próximo ao afastado.
- Iniciarse na observación guiada dos elementos principais do medio natural.
- Iniciarse na recollida de datos do medio natural.
- Valorar positivamente a realización de tarefas e gozar coa súa execución coidadosa.
- Manifestar a súa capacidade de observación e de uso de todos os sentidos para identificar formas e tamaños nos obxectos e para diferenciar os seres vivos dos inertes, recoñecendo as súas funcións básicas e superando os preconceitos polos que identifica o ser vivo co que se move.

- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender e compartir coñecementos, valorando a súa contribución á mellora das condicións de vida.
- Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos significativos no medio.
- Recoñecer a finalidade do uso de aparatos e máquinas próximos á súa experiencia e valorar os aspectos positivos destes recursos tecnolóxicos.



Ciencias sociais

- Adquirir e utilizar correctamente de forma oral e escrita, o vocabulario específico da área que permita o desenvolvemento da lectura comprensiva a través de textos científicos.
- Adquirir e utilizar correctamente de forma oral e escrita, o vocabulario específico da área que permita o desenvolvemento da lectura comprensiva a través de textos sinxelos.
- Coñecer e valorar a importante achega da ciencia e da investigación para mellorar a calidade de vida e benestar dos seres humanos.
- Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que se derivan do coñecemento do corpo humano, respectando as diferenzas.
- Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado corporal que se derivan do coñecemento dos aspectos básicos do seu corpo.



- Mostrar unha actitude de aceptación e respecto cara ás diferenzas individuais (idade e sexo).
- Coñecer globalmente o seu corpo, afianzar a lateralidade, a percepción multisensorial e desenvolver a súa autonomía.
- Participar en actividades grupais respectando as normas e regras de convivencia (quendas de palabra, atención nas intervencións, achega de ideas e consideración das decisións e acordos tomados) e realizando as tarefas asignadas dunha forma responsable.
- Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio, valorándoa criticamente e adoptando un comportamento na vida cotiá de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico.
- Participar na conservación e mellora do medio: manter limpo o seu ámbito espacial, coidar os obxectos materiais (persoais e comúns) e respectar os animais e as plantas.
- Identificar os principais elementos do medio analizando a súa organización, as súas características e interaccións, e progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.
- Identificar os elementos principais do seu entorno, partindo do próximo ao afastado.
- Valorar positivamente a realización de tarefas e gozar coa súa execución coidadosa.
- Manifestar a súa capacidade de observación e de uso de todos os sentidos para identificar formas e tamaños nos obxectos
- Planificar e realizar proxectos, dispositivos e aparatos sinxelos coa finalidade de coñecer as características e funcións dalgunhas máquinas, utilizando o coñecemento das propiedades elementais dalgúns materiais, substancias e obxectos.



- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender e compartir coñecementos, valorando a súa contribución á mellora das condicións de vida.
- Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos significativos no medio.
- Recoñecer a finalidade do uso de aparatos e máquinas próximos á súa experiencia e valorar os aspectos positivos destes recursos tecnolóxicos.

Música e danza

- Discriminar auditivamente os sons da súa contorna e do propio corpo.
- Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
- Valorar a importancia do silencio como parte da música.
- Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da súa contorna.
- Exercitar mellor o oído a partir da audición activa de obras musicais descritivas.
- Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións.
- Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
- Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións: estrofa e refrán, e ostinato rítmico.
- Identificar os instrumentos de pequena percusión e a súa agrupación por familias: metal, madeira e parche.
- Coñecer e decodificar as grafías convencionais (negra, corchea, silencio de negra) e non convencionais.



- Ler partituras sinxelas con grafías non convencionais.
- Vivenciar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario.
- Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.
- Realizar pasos sinxelos dunha danza
- Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.
- Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e os seus protagonistas.

Educación plástica e visual

- Diferenciar claramente o material de plástica entre os obxectos escolares e respectalo.
- Utilizar correctamente as tesoiras na confección dun recortable respectando as liñas de puntos
- Representar unha cara de fronte e de perfil así como as súas posibles expresións.
- Crear figuras simétricas completando a metade que falta.
- Utilizar a creatividade e imaxinación na decoración, na representación de paisaxes e na creación de historietas.
- Colorear con precisión distintos tipos de superficies utilizando de forma axeitada as distintas tonalidades dunha cor.



Lingua Inglesa

- Saúdos e presentacións.
- Expresión do acordo ou desacordo.
- Descrición de persoas e obxectos.
- Petición e ofrecemento de información, axuda, obxectos, permiso.
- Establecemento e mantemento da comunicación.
- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and).
- Afirmación:(affirmative sentences; Yes (+ tag))
- Exclamación (e.g. I love salad!).
- Negación (negative sentences with not), No (+ negative tag)).
- **Interrogación (What, how many...).**
- Expresión do tempo: presente (simple present); futuro (going to).
- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses).
- Expresión da modalidade : capacidade (can); obrigaón (have (got) to; imperative); permiso (can).
- Expresión da existencia (there is/are); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives); a calidade (very + Adj.).
- Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position) Here, there, on, in, under.
- Expresión do tempo: divisións (e. g., summer).
- Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. slowly, well).



Educación física

O Corpo: imaxe e percepción:

- Percibir e identificar o propio corpo e o dos demais.
- Coñecer, identificar e valorar o corpo de forma global e segmentaria, nun mesmo e nos demais.
- Experimentar as posibilidades e limitacións do movemento do seu corpo e dos demais.
- Toma de conciencia dos axustes posturais básicos: variedade de posturas e posibilidade de movemento das mesmas.
- Fomentar a autoestima, o autoesforzo e a confianza nas propias posibilidades.
- Afirmar a lateralidade en si mesmo e nos demais.
- Traballar o equilibrio, con e sen material, variando a posición e os apoios.
- Recoñecer, utilizar e elaborar respostas en diversas situacións de ocupación do espazo.
- Recoñecer as diferenzas entre as relacións de tempo lento-rápido, moito-pouco, antes-despois.

Habilidades motrices:

- Coñecer e practicar distintas formas de desprazamento con e sen obxectos.
- Explorar as posibilidades e limitacións globais do movemento atendendo ós desprazamentos, saltos, xiros, reptacións, trepas, transportes,...
- Resolver problemas motrices sinxelos.
- Adaptar o movemento a estímulos externos e as circunstancias de cada situación.
- Desenvolver globalmente as capacidades físicas e as habilidades motrices en situacións de xogo.

- Aplicar esquemas motores coñecidos (correr, saltar) e elaborar outros novos (golpear, reptar, tirar, ...).
- Explorar as posibilidades e limitacións propias do movemento, con e sen obxectos, con e sen obstáculos.
- Divertirse e gozar coa actividade física independentemente dos resultados.
- Esforzarse por mellorar.

Actividades físicas artístico-expresivas:

- Descubrir e experimentar as posibilidades motrices do propio corpo como medio de expresión e relación cos demais.
- Imitar xestos e movementos para comunicar ós demais unha idea ou estado de ánimo.
- Comprender e comunicar sensacións, ideas e estados de ánimo a través do movemento.
- Utilizar secuencias musicais sinxelas para realizar movementos adaptados as mesmas.
- Coñecer as variacións dos seguintes conceptos: Velocidade(lento-rápido), Duración(moito-pouco), Intensidade(forte-débil), Frecuencia(moita-pouca).
- Identificar direccións e distancias por medio de sons para dar unha resposta motora.
- Desenvolver creatividade e espontaneidade.
- Respetar as manifestacións artísticas dos compañeiros.

Actividade física e saúde:

- Mostrar unha actitude de respecto co seu corpo e co dos demais.
- Adquirir o hábito dunha postura correcta.



- Coñecer e practicar as normas de aseo persoal e de alimentación
- Recoñecer a actividade física como fonte de saúde física e mental.
- Coñecer as posibles situacións de perigo derivadas dalgunhas actividades físicas.
- Respetar o propio corpo e o dos demais.
- Desenvolver autonomía persoal.

Xogos e deportes:

- Vivenciar o xogo como medio de goce, de relación e de emprego do tempo libre.
 - Aceptar a oposición como unha dificultade a superar, evitando as condutas agresivas.
 - Fomentar a participación nos xogos tradicionais e populares.
 - Fomentar a cooperación.
 - Aceptar o rol propio asignado dentro do xogo e respectar o dos demais.
- Evitar a discriminación por características persoais, sexuais ou sociais a través do xogo.

Relixión

- Observar e interiorizar a beleza da natureza que deben respectar e coidar as persoas na súa vida diaria.
- Coñecer a figura de Deus como Pai recoñecendo a súa bondade.
- Descubrir no mundo que nos rodea o amor de Deus ao home a través da Creación e da natureza.
- Identificar os valores que rodean as ensinanzas de Xesús e aplicarlas á vida.
- Tomar conciencia de que Cristo nos mostra o seu amor, perdoándonos e enviándonos o seu Espírito.



- Coñecer e valorar a Igrexa como familia dos Fillos de Deus.
- Valorar o domingo como día do Señor e festexalo.
- Coñecer a vida da Virxe María como Nai Nosa e Nai de Deus.
- Descubrir a vida eterna e valorala como regalo de Deus.

PROXECTO COMPETENCIAL

- Desenvolver un auto concepto positivo que permita a percepción e a expresión axustada das emocións, os seus signos físicos e os sentimentos propios e alleos.
- Recoñecer as características físicas e as calidades persoais, para favorecer a aceptación persoal positiva.
- Tomar conciencia da importancia de mellorar a capacidade de autocontrol emocional para desenvolver maior tolerancia á frustración e favorecer o crecemento persoal e a interacción social.
- Analizar condutas cotiás que permitan a adquisición e a autorregulación de hábitos saudables de auto coidado que fortalezan a autonomía.
- Realizar tarefas dirixidas ao incremento da adquisición de aptitudes e actitudes responsables en diversos contextos da vida cotiá mostrando motivación e entusiasmo.
- Coñecer os dereitos e os deberes das persoas, a través da Declaración dos Dereitos do Neno, analizando os seus dereitos con relación ao xogo, á vivenda e á alimentación.
- Participar en actividades que permitan a expresión e a comunicación de sentimentos e emocións a través de elementos da linguaxe corporal.
- Desenvolver a capacidade de diálogo traballando habilidades de comunicación tales como a escoita activa, o respecto da quenda de palabra e a expresión clara das ideas.



- Desenvolver a empatía para identificar as emocións e as calidades dos outros, apreciar a riqueza das diferenzas e comprender as súas accións.
- Realizar traballos cooperativos que permitan satisfacer as necesidades persoais e grupais nun ambiente de compañeirismo e de axuda mutua.
- Valorar a participación en dinámicas recreativas grupais como medio para gozar dos compañeiros e os amigos e mellorar as habilidades sociais.
- Coñecer e respectar normas básicas de convivencia no ámbito familiar e escolar.
- Analizar condutas cotiás que favorecen as normas de convivencia no contexto escolar.
- Indicar experiencias positivas e negativas da vida cotiá que permitan analizar conflitos escolares habituais e as súas posibles solucións.
- Xerar situacións que promovan o manexo responsable dos materiais persoais e escolares.
- Tomar conciencia das actitudes que incitan á deterioración ou ao respecto e á conservación do medio ambiente.
- Coñecer as normas básicas de educación viaria distinguindo os sinais de tráfico máis comúns que han de respectar os peóns para velar pola súa seguridade e a do resto das persoas.

PLAN LECTOR

Participaremos no plan lector adicándolle vinte minutos diarios ao fomento da lectura, así como tamén seguiremos coas actividades que fomenten a lectura e o gusto polos contos. Tamén leremos unha ficha de lectura diaria con preguntas alternando a ficha de galego co da castelán.



Participaremos tamén das propostas xurdidas do Equipo de Biblioteca do centro e da Biblioteca pública .

USO DAS TIC

Utilizar as TIC como instrumento de traballo e aprendizaxe: promover o uso de Internet como recurso de lectura, e procura de información. Terán unha sesión semanal adicada a educación dixital que se levará a cabo na aula de informática.

PLAN DE CONVIVENCIA

Participaremos activamente co Equipo de Orientación traballando no desenvolvemento do Plan de convivencia.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Celebraremos as conmemoracións a nivel de aula e/ou centro. En canto ás saídas realizaremos aquelas que sexan organizadas polo concello, as saídas á biblioteca ou outras relacionadas co entorno máis próximo. A realización de excursións quedarán ao criterio de cada mestre atendendo ós obxectivos propostos e os intereses do alumnado.

AVALIACIÓN

A avaliación será continua e individualizada, e consistirá na revisión dos traballos diarios, e nas distintas probas orais e escritas, así como no esforzo e actitude do alumnado, dos traballos diarios, tanto individuais como colectivos, así como na revisión das distintas probas orais e escritas e o esforzo e actitude do alumnado.

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

A titora informará regularmente aos pais e nais ou titores legais sobre os progresos e dificultades detectados e terá en conta as informacións que estes proporcionen, segundo os procedementos establecidos no proxecto educativo.

A información recollida da avaliación trasladarase ás familias a través de Abalar trimestral e de forma persoal cantas veces se estime oportuno para lograr establecer unha coordinación adecuada no desenvolvemento do proceso educativo das súas fillas e fillos.

5.2 2º de Educación Primaria

OBXECTIVOS POR ÁREAS

Lingua Galega e Lingua Castelá

- Comprender e expresarse oralmente de xeito adecuado adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Extraer información de textos, comprender e expresarse na lingua escrita facendo uso dunha caligrafía axeitada e das normas ortográficas máis básicas.
- Utilizar os medios de comunicación social para obter, interpretar informacións e relacionalas con vivencias persoais.
- Utilizar a lectura como fonte de enriquecemento persoal e de aproximación á cultura galega e castelá a través da literatura tradicional, grazas ao uso da biblioteca como fonte de recursos e de obtención de información.
- Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia identitaria de Galicia e coñecer e valorar a diversidade cultural.

Matemáticas

- Valorar as capacidades persoais para a resolución de problemas cotiás usando o cálculo de forma oral.
- Coñecer o nome e a grafía dos números ata o 999 e o valor posicional das cifras.
- Desenvolver estratexias persoais de cálculo mental.
- Resolver operacións de suma e resta con levadas.
- Iniciarse na multiplicación e no seu uso en situacións familiares.
- Coñecer e empregar as diferentes unidades de peso, lonxitude e capacidade.
- Identificar formas xeométricas do contorno e utilizalas para a resolución de problemas cotiás e a descrición de itinerarios .
- Entender as unidades de tempo e as súas relacións e ler en reloxos dixitais e analóxicos.
- Coñecer o valor das moedas e billetes e usalas e para resolver problemas en situacións reais e figuradas.
- Valorar o sentido dos resultados, a presentación ordenada e clara e a explicación oral e por escrito dos procesos seguidos.
- Interpretar datos de representacións gráficas e recollelos empregando estas ferramentas.



Ciencias sociais e da natureza

- Desenvolver habilidades científicas de búsqueda de información, investigación, resolución de problemas e planificación.
- Utilizar o vocabulario da área.
- Potenciar valores de autoestima e respecto das diferenzas físicas dos seres humanos.
- Adquirir uns hábitos saudables grazas á análise sobre o funcionamento do noso corpo e as súas funcións vitais (nutrición e respiración)
- Coñecer a diferenza entre seres vivos e inertes recoñecendo as súas características para realizar clasificacións.
- Entender o funcionamento de máquinas de uso cotiá en relación coas profesións e tendo en conta a prevención de riscos.
- Iniciarse no coñecemento das partes e do uso dun ordenador.
- Analizar a utilización dos recursos naturais da Terra recoñecendo a necesidade de coidalos e conservalos, especialmente no caso da auga.
- Analizar os principais órganos de goberno e as funcións do Concello, valorando a importancia dos servizos públicos para a vida das persoas.
- Acrecentar o seu coñecemento sobre nocións temporais relacionándoo coa evolución da contorna e a importancia do patrimonio cultural.
- Comprender as relacións que se establecen entre as persoas (grupos sociais).



Educación plástica e visual

- Explorar sensorialmente e diferenciar os elementos naturais e plásticos na contorna, así como indagar sobre as súas posibilidades plásticas.
- Potenciar a curiosidade por descubrir elementos artísticos e expresarse utilizando a linguaxe artística.
- Coñecer e empregar diferentes técnicas artísticas; mellorar a motricidade fina, o debuxo, o uso e mestura de cores grazas a realización dos distintos traballos plásticos requiridos para as conmemoracións festexadas ao longo do curso.
- Promover o interese polo uso adecuado do material e pola boa presentación dos traballos.
- Desenvolver unha actitude respectuosa polas contribucións e presentacións dos compañeiros e das compañeiras.

Música e danza

- Discriminar os parámetros do son en audicións de sons do ámbito.
- Identificar e describir o son das distintas voces e instrumentos.
- Vocalizar, respirar e articular correctamente nas interpretacións vocais.
- Utilizar a voz como medio de expresión.
- Explorar as calidades sonoras de instrumentos de pequena percusión e de instrumentos de láminas.
- Discriminar a duración, figuras musicais, notas, acentos e silencios na interpretación de partituras.
- Gozar coa música e todo o que a rodea nas interpretacións musicais.



Utilizar o corpo como instrumento adecuando os seus movementos ao ritmo, ao espazo e á coordinación.

- Realizar pasos básicos de danzas.

Lingua Inglesa

- escoitar e comprender mensaxes verbais en diversas interaccións, utilizando a información proporcionada para realizar varias tarefas específicas relacionadas coa súa experiencia.
- expresarse oralmente e interactuar en situacións sinxelas, de rutina cun contido e desenvolvemento coñecido, a través de procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e cooperativa.
- escribir textos diversos con varias finalidades sobre temas abordados en clase e coa axuda de modelos.
- aprender a utilizar con autonomía progresiva de todos os medios ao seu alcance, incluídas as novas tecnoloxías de información e de comunicación na lingua estranxeira.
- valorar a lingua estranxeira e linguas, en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de distintas orixes e culturas e como unha ferramenta para a aprendizaxe de diferentes contidos.
- mostrar a confianza receptivo e na capacidade de un para aprender e usar unha actitude lingua estranxeira.
- usar o coñecemento e experiencia anterior con outras linguas para a adquisición da lingua estranxeira máis rápido eficiente e independente.
- *Present simple questions and answers:* *Where's (Grandma)?*



She's in the (kitchen).

- *Prepositions: in, on, under*
- *Estructuras de repaso: It's a (skipping rope).*
- *Can / can't: She can (catch). She can't (ride a bike).*
- *Present simple affirmative and negative: He's in the classroom.*

She isn't in the playground.

- *Estructuras de repaso: Present simple questions and answers: Where's (Nizzy)?*

He's in the (gym).

- *Prepositions: (It's) behind, in front of, next to...*
- *Have got: He's got (brown eyes). She's got (freckles).*
- *Present continuous: He's wearing (black trousers). She's wearing a (green coat).*
- *Estructuras de repaso: Where's (Uncle Brian)? I can / can't see him.*

I've got (a photo).

- *Adjective + noun: a red T-shirt, a blue coat, a green scarf...*

Educación física

O Corpo: imaxe e percepción:

- Percibir e identificar o propio corpo e o dos demais.
- Coñecer, identificar e valorar o corpo de forma global e segmentaria, nun mesmo e nos demais.
- Experimentar as posibilidades e limitacións do movemento do seu corpo e dos demais.
- Toma de conciencia dos axustes posturais básicos: variedade de posturas e



posibilidade de movemento das mesmas.

- Fomentar a autoestima, o autoesforzo e a confianza nas propias posibilidades.
- Afirmar a lateralidade en si mesmo e nos demais.
- Traballar o equilibrio, con e sen material, variando a posición e os apoios.
- Recoñecer, utilizar e elaborar respostas en diversas situacións de ocupación do espazo.
- Recoñecer as diferenzas entre as relacións de tempo lento-rápido, moito-pouco, antes-despois.

Habilidades motrices:

- Coñecer e practicar distintas formas de desprazamento con e sen obxectos.
- Explorar as posibilidades e limitacións globais do movemento atendendo ós desprazamentos, saltos, xiros, reptacións, trepas, transportes,...
- Resolver problemas motrices sinxelos.
- Adaptar o movemento a estímulos externos e as circunstancias de cada situación.
- Desenvolver globalmente as capacidades físicas e as habilidades motrices en situacións de xogo.
- Aplicar esquemas motores coñecidos(correr, saltar) e elaborar outros novos (golpear, reptar, tirar, ...).
- Explorar as posibilidades e limitacións propias do movemento, con e sen obxectos, con e sen obstáculos.
- Divertirse e gozar coa actividade física independentemente dos resultados.
- Esforzarse por mellorar.



Actividades físicas artístico-expresivas:

- Descubrir e experimentar as posibilidades motrices do propio corpo como medio de expresión e relación cos demais.
- Imitar xestos e movementos para comunicar ós demais unha idea ou estado de ánimo.
- Comprender e comunicar sensacións, ideas e estados de ánimo a través do movemento.
- Utilizar secuencias musicais sinxelas para realizar movementos adaptados as mesmas.
- Coñecer as variacións dos seguintes conceptos: Velocidade(lento-rápido), Duración(moito-pouco), Intensidade(forte-débil), Frecuencia(moita-pouca).
- Identificar direccións e distancias por medio de sons para dar unha resposta motora.
- Desenvolver creatividade e espontaneidade.
- Respectar as manifestacións artísticas dos compañeiros.

Actividade física e saúde:

- Mostrar unha actitude de respecto co seu corpo e co dos demais.
- Adquirir o hábito dunha postura correcta.
- Coñecer e practicar as normas de aseo persoal e de alimentación
- Recoñecer a actividade física como fonte de saúde física e mental..
- Coñecer as posibles situacións de perigo derivadas dalgunhas actividades físicas.
- Respectar o propio corpo e do dos demais.
- Desenvolver autonomía persoal.

Xogos e deportes:

- Vivenciar o xogo como medio de goce, de relación e de emprego do tempo libre.
- Aceptar a oposición como unha dificultade a superar, evitando as condutas agresivas.
- Fomentar a participación nos xogos tradicionais e populares.
- Fomentar a cooperación.
- Aceptar o rol propio asignado dentro do xogo e respectar o dos demais.
- Evitar a discriminación por características persoais, sexuais ou sociais a través do xogo.

Relixión

- Recoñecer a bondade de Deus Pai ao crear o home para que sexa feliz.
- Comprender a amizade de Deus coa humanidade a través do Paraíso.
- Recoñecer e identificar nos relatos bíblicos a acción de Deus na historia.
- Ver en Deus Pai a vida dos Patriarcas : protección, coidado e acompañamento.
- Recoñecer a resposta de María a Deus e valorala.
- Comprender o que significa o tempo Advento.
- Afondar no sentido do Nadal.
- Identificar o Bautismo como a vía de entrada na Igrexa e recoñecer os seus signos.
- Identificar o Pai como figura de unidade na Igrexa.
- Afondar no coñecemento dos tempos litúrxicos.





Proxecto competencial

- Apreciar a diversidade humana como factor de enriquecemento persoal, social e cultural.
- Apreciar e facer uso da colaboración como recurso para resolver problemas a través das normas de convivencia.
- Admitir e recoñecer a importancia de respectar os dereitos humanos.
- Descubrir solucións intelixentes para a vida en sociedade.

PLAN LECTOR

Participaremos no plan lector adicando vinte minutos diarios ao fomento da lectura individual e en grupo. Tamén participaremos activamente en tódalas actividades propostas polo centro como por exemplo : contacontos , teatro ... Ademais leremos unha ficha de lectura diaria con preguntas alternando a ficha de galego co da castelán .

Participaremos tamén das propostas xurdidas do Equipo de Biblioteca do centro e da Biblioteca pública e faremos lecturas ao alumnado de infantil .

USO DASTIC

Utilizaremos as TIC como instrumento de traballo e aprendizaxe e promoveremos especialmente o uso de Internet como recurso básico na busca, manipulación e produción de información. Ademais, este curso contan cunha sesión semanal de educación dixital que se leva a cabo na aula de informática.

PLAN DE CONVIVENCIA

Participaremos activamente co Equipo de Orientación traballando no desenvolvemento do Plan de convivencia. Favorecerase mediante actividades na aula e experiencias os valores de convivencia como o respecto, a empatía, a **solidariedade, asertividade, tolerancia...**

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Celebraremos as conmemoracións a nivel de aula e/ou centro. En canto ás saídas realizaremos aquelas que sexan organizadas polo concello, as saídas á biblioteca e outras relacionadas co entorno máis próximo así como cos contidos traballados nas distintas áreas.

AVALIACIÓN

A avaliación será continua e individualizada. Valorarase o comportamento, a participación na aula, o traballo individual e en grupo, as probas escritas e outras probas realizadas mediante xogos ou outros recursos.

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Regularmente informarase ás familias da evolución do/a seu/súa fillo/a, insistindo na importancia do traballo colaborativo para acadar os obxectivos. As canles de comunicación serán a través do correo electrónico, do teléfono e persoalmente nas titorías que teñen lugar os luns pola tarde.



OBXECTIVOS POR ÁREAS

Lingua Galega

- Ler cunha entoación e fluidez adecuada para a idade.
- Comprender discursos orais e escritos máis extensos e complexos que no ciclo anterior.
- Diferenciar as ideas esenciais das accesorias.
- Analizar os aspectos sinxelos do texto (estrutura do discurso, vocabulario, intención, etc.).
- escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas, etc.).
- Expresarse oralmente e por escrito axeitadamente en situacións formais e informais, ampliando os contextos e interlocutores coñecidos e descoñecidos.
- Representar e recitar textos orais coa articulación, a entoación e o ritmo axeitados, de forma comprensiva e expresiva.
- Utilizar correctamente as estruturas lingüísticas básicas.
- escoitar e relatar experiencias presentes e pasadas, respectando os aspectos normativos da lingua.
- Expresar con claridade, ordenadamente e mediante os mecanismos de cohesión necesarios: vivencias, ideas, observacións, sentimentos, etc.
- Elixir as formas de comprensión e expresión axeitadas á situación e á intención comunicativa.
- Valorar e aceptar as achegas propias e as dos demais, respectando as normas do

intercambio comunicativo.

- Producir textos escritos propios da vida social da aula, como consolidación do sistema lectoescritor para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, fichas, postais, anuncios, carteis...), de acordo coas características propias destes textos.
- Comprender textos escritos do ámbito escolar, producidos con finalidade didáctica ou de uso social (descricións, instrucións e explicacións), para aprender e para informarse, comparando, clasificando, identificando e interpretando os coñecementos e as informacións para ampliar as aprendizaxes.
- Utilizar, de xeito dirixido, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación e os diferentes tipos de bibliotecas (de aula e de centro), mostrando respecto polas súas normas de funcionamento, coa finalidade de obter información e modelos para a composición escrita.

Lingua Castelá

- Ler cunha entoación e fluidez adecuada para a idade.
- Comprender discursos orais e escritos máis extensos e complexos que en cursos anteriores, ampliando os temas de interese, mantendo a atención e unha actitude crítica.
- Diferenciar as ideas esenciais das accesorias.
- Analizar os aspectos sinxelos do texto (estrutura do discurso, vocabulario, intención, etc.)
- escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas, etc.).
- Expresarse oralmente e por escrito adecuadamente en situacións formais e



informais, ampliando os contextos e os interlocutores coñecidos e descoñecidos.

- Representar e recitar textos orais coa articulación, a entoación e o ritmo adecuados, de forma comprensiva e expresiva e de acordo cos usos e as normas da modalidade lingüística da comunidade autónoma.
- Utilizar correctamente as estruturas lingüísticas básicas.
- escoitar e relatar experiencias presentes e pasadas, respectando os aspectos normativos da lingua.
- Expresar con claridade, ordenada e coherentemente, vivencias, ideas, observacións, sentimentos, etc.
- Elixir as formas de comprensión e expresión adecuadas á situación e á intención comunicativa.
- Valorar e aceptar as achegas propias e as dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo.
- Producir textos escritos propios da vida social da aula, como consolidación do sistema lectoescritor para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, notas, avisos, solicitudes...) de acordo coas características propias.
- Comprender textos escritos do ámbito escolar, producidos con finalidade didáctica ou de uso social (folletos, descrições, instrucións e explicacións), para aprender e para informarse, comparando, clasificando, identificando e interpretando os coñecementos e as informacións para ampliar as aprendizaxes.
- Utilizar, de xeito dirixido, as tecnoloxías da información e a comunicación e os diferentes tipos de bibliotecas (de aula e de centro), mostrando respecto polas súas normas de funcionamento coa finalidade de obter información e modelos para a composición escrita.

Matemáticas

- Expresar verbalmente a descrición da situación dun problema formulado e o seu proceso de resolución.
- Xerar diversas estratexias de resolución de problemas aplicando as operacións coñecidas e comprobando as solucións.
- Recoñecer regularidades e patróns en situacións diversas para elaborar predicións.
- Indagar sobre os problemas propostos formulando variacións, dúbidas e aplicacións en contextos próximos.
- Empregar o método científico e os coñecementos matemáticos para a elaboración de hipóteses no contexto da materia.
- Manexar habilidades de comunicación verbal e non verbal na relación cos demais.
- Identificar fortalezas e debilidades para a aprendizaxe da materia.
- Discernir sobre o uso de ferramentas tecnolóxicas e de cálculo de xeito eficaz no desenvolvemento curricular da materia.
- Mellorar o uso de estratexias e de habilidades no traballo individual e en equipo.
- Identificar e escribir os números naturais de 0 a 99. 999.
- Comprender as implicacións do uso dun sistema de numeración de posición decimal.
- Ampliar o concepto de número coa introdución de números decimais.
- Coñecer e aplicar algoritmos para a realización de operacións en sumas, restas, multiplicacións e divisións sinxelas.
- Entender o concepto de medida e aplicalo na selección e no uso de instrumentos e magnitudes nun contexto real.
- Desenvolver estratexias de medida exacta e aproximada de lonxitude, de



capacidade ou de peso.

- Resolver problemas nos que aparezan unidades de medida.
- Distinguir e utilizar con corrección medidas de tempo de uso cotián.
- Recoñecer elementos xeométricos do ámbito (liñas, formas planas: polígonos, ángulos, circunferencia) e describir os seus elementos e as súas transformacións.
- Aplicar os coñecementos xeométricos nas representacións artísticas e o seu uso no ámbito cotián.
- Representar datos mediante ferramentas sinxelas.
- Aproximar cantidades e aplicar a estratexia a exemplos da vida real.
- Resolver problemas apoiándose na lectura de táboas e gráficos para elixir a solución correcta.
- Elaborar táboas e interpretar os datos recollidos.
- Ler, escribir, comparar e representar fraccións sinxelas.

Ciencias da natureza

- Adquirir e utilizar de forma oral e escrita, o léxico científico básico da área.
- Coñecer a importante aportación da ciencia á investigación para mellorar a calidade de vida dos seres humanos.
- Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos para desenvolver hábitos saudables e conseguir o benestar físico, emocional e social.
- Analizar algunhas manifestacións da intervención humana na contorna, adoptando un comportamento de defensa de maneira individual como cooperativa para a



recuperación do equilibrio ecolóxico.

- Identificar, coñecer e protexer o medio natural, social e cultural e adoptar conductas respectuosas para o seu gozo, conservación e mellora.
- Recoñecer no medio natural os cambios e as transformacións relacionados co paso do tempo e indagar algunhas relacións de simultaneidade e sucesión.
- Coñecer e valorar o patrimonio natural, respectando a súa diversidade e o seu interese polo medio ambiente e a natureza, e colaborar activamente na súa conservación e mellora.
- Planificar e realizar proxectos, de aparatos sinxelos coa finalidade de coñecer as características e funcións dalgunhas máquinas.
- Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo do grupo, respectando as normas básicas de convivencia.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para obter información e como instrumento para aprender e compartir coñecementos.
- Observar se se expresan oralmente co ritmo, a pronuncia e o xesto adecuados á situación comunicativa.

Ciencias sociais

- Resolver de forma cooperativa experiencias sinxelas guiadas por preguntas que debe de responder utilizando a observación, instrumentos habituais e rexistros claros.
- Coñecer o sistema solar e os principais astros do Sistema solar.
- Coñecer as características básicas da Terra, os seus movementos e a representación da mesma.

- Identificar as capas da Terra e nomear algunhas das súas características.
- Identificar os movementos da Lúa e as súas fases. Coñecer as súas características.
- Iniciarse en hábitos de orientación e nocións espaciais. Nomear e identificar os puntos cardinais.
- Coñecer as características dun plano e un mapa.
- Coñecer os diferentes gases que compoñen o aire. Nomear algunhas das súas características.
- Coñecer e identificar diferentes fenómenos atmosféricos e as súas causas introducindo as causas e consecuencias do cambio climático e as consecuencias nas paisaxes.
- Coñecer os cursos de auga, os estados da mesma e identificar os tipos de augas entendendo un estilo de vida sustentable cos recursos naturais.
- Coñecer tipos de paisaxe, identificar os seus elementos e nomear as súas características.
- Tomar conciencia do ámbito familiar do que forma parte e coñecer os valores que fundamentan a vida en familia.
- Recoñecer, apreciar e valorar a súa pertenza a uns grupos sociais e culturais determinados (barrio, localidade, comunidade autónoma, etc.), con características e trazos propios (normas de comportamento, costumes, valores, lingua, cultura, etc.).
- Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións, valorando con respecto e empatía a achega de diversidade cultural.
- Desenvolver unha actitude de respecto cara as características e trazos propios doutros grupos, rexeitando calquera tipo de discriminación.
- Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as

condutas sexistas, recoñecendo modelos positivo ao longo da historia.

- Coñecer os principais órganos de goberno e as funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión.
- Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga.

Educación plástica e visual

1ª Avaliación:

- Representar esquemas corporais de modelos humanos e de animais, dos dous sexos, observando as súas proporcións e desprazamentos.
- Recoñecer as partes do corpo de humanos e animais, con claridade.
- Reproducir as cubertas de diferentes animais, utilizando as técnicas do punto, da trama e da mancha no coloreado.
- Recoñecer as cores indicadas por un código e empregalas para darlle vida a figura.
- Usar o lapis e as ceras brandas para sombrear. Comprender as posibilidades da cor, na consecución do relevo e da expresividade facial. Colorear, recortar e dobrar, figuras ofrecidas para obter volumes expresivos.
- Observar e comparar as figuras das crías con respecto aos adultos.
- Fomentar actitudes de respecto polas diferencias sexuais, de persoas e animais e polo medio en xeral.
- Gozar coa realización de figuras tridimensionais.
- Gozar co uso das técnicas plásticas.



2ª Avaliación:

- Expresar gráfica e plasticamente, diferentes modelos de plantas e flores, a partir de esquemas básicos moi sinxelos.
- Utilizar con soltura ceras brandas e témperas. Observar e comparar os elementos básicos dunha composición floral Imitar, no debuxo a lapis, o sombreado do modelo.
- Graduar gamas de cores. Analizar decoracións xeométricas e producir outras similares. Reproducir diferentes **texturas: saco, madeira, pedra...**
- Aplicar as técnicas adquiridas: recortado, pregado e pegado.
- Realizar coidadosamente os recortables.
- Apreciar a orde e a beleza do mundo natural e potenciar actitudes de respecto pola natureza.
- Explorar e experimentar coa cor para descubrir as súas posibilidades para representar froitas e hortalizas.
- Esforzarse no traballo.

3ª Avaliación:

- Observar e discriminar os distintos elementos e formas que aparecen nunha paisaxe.
- Reproducir e colorear diferentes paisaxes en distintos momentos: día, noite estacións do ano... Estimular a capacidade de lectura de imaxes en modelos pictóricos e na creatividade espontánea. Experimentar de forma lúdica a realización de crebacabezas.
- Recrear a imaxinación e expresar plasticamente situacións fantásticas imaxinadas.
- Manipular materias e soportes diversos, experimentando as súas propiedades, con afíns creativos e lúdicos.
- Organización das fases do traballo, e apreciar a execución correcta.



- Manexar técnica do matizado e sombreado con calquera cor para caracterizar escenas de modos diferentes.
- Utilizar de forma lúdica a técnica do recortado con tesoiras e gozar cos resultados. Analizar e interpretar códigos dados e aplicalos con corrección.
- Desenvolver a imaxinación e a expresividade.

Música e danza

- Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da nosa comunidade.
- Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións e na descodificación do son que reproduce.
- Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
- Valorar a importancia do silencio como parte da música.
- Discriminar visual e auditivamente os sons da contorna (a rúa, o bosque, a granxa, a casa, as profesións, do propio corpo...).
- Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
- Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións.
- Clasificar instrumentos por familias: vento, corda e percusión.
- Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos de pequena percusión: metal, madeira e parche.
- Ler e interpretar partituras sinxelas con grafías convencionais e non convencionais.
- Vivenciar o ritmo e o pulso da música a través do compás binario, ternario e



cuaternario.

- Utilizar o corpo como medio de expresión musical a través da danza.
- Realizar pequenas coreografías
- Coñecer as posibilidades sonoras e musicais das diferentes fontes de son: voces, corpo e instrumentos.
- Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra e os seus protagonistas.
- Fabricar instrumentos musicais con materiais de reciclaxe.
- Coñecer algúns nomes significativos de profesionais relacionados coa música e a **actividade que desenvolven (compositor, director, músicos...).**
- Coñecer a dixitación da frauta: escala de DO sen alteracións.
- Interpretar un repertorio básico de pezas para frauta, con e sen acompañamento.

Lingua inglesa

- Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos.
- Expresión da capacidade, o gusto, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.
- Descrición de persoas, actividades, lugares e obxectos.
- Petición e ofrecemento de información, axuda, instrucións, obxectos, permiso,...
- Establecemento e mantemento da comunicación.
- Expresión de relación lóxicas: conxunción (and).
- Afirmación:(affirmative sentences; Yes (+ tag))
- Exclamación: (Help! Sorry!, How + Adj., e. g. How nice!; exclamatory sentences, e. g . I love salad!).



- Negación: (negative sentences with not), no (Adj.), No (+ negative tag)).
- Interrogación: (How are you?, How many...?, Wh- questions, Aux. questions)
- Expresión do tempo: presente (simple present); futuro (going to).
- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present continuous).
- Expresión da modalidade: capacidade (can); permiso (can); intención (going to).
- Expresión da existencia (there is/are); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives); a calidade (very + Adj.).
- Expresión da cantidade: (singular/plural; cardinal. numerals up to two digits; ordinal numerals up to two).
- Digits. Quantity: many, some, (a) little, more, half, a bottle, a cup, a glass, a piece. Degree: very.
- Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance).
- Expresión do tempo: points (e. g. half past past five); divisions (e. g. half an hour, summer), indications of time: anteriority (before); posteriority (after); sequence (first...then).
- Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. slowly, well, quickly, carefully).

Educación física

O Corpo: imaxe e percepción:

- Percibir e identificar propio corpo e o dos demais.
- Tomar conciencia das posibilidades e limitacións do movemento.
- Aceptar as diferencias do propio corpo respecto ó dos demais.
- Afianzar a lateralidade en sí mesmo, nos demais e respecto ós obxectos.



- Controlar a respiración en situacións de reposo e movemento.
- Dominar a relaxación muscular a través de contrastes.
- Potenciar e desenvolver as capacidades de equilibrio e iniciarse en desequilibrios.
- Explorar, coñecer e respectar o espazo, e utilizalo con independencia dos distintos segmentos.
- Adecuar os movementos corporais a estruturas rítmicas en relación ó espazo e ó tempo.
- Desenvolver a autoestima baseándose nas posibilidades de movemento e o esforzo de cada un.

Habilidades motrices:

- Continuar o desenvolvemento das capacidades físicas, ampliando o traballo feito no primeiro e segundo curso.
- Potenciar e mellorar a rapidez e calidade dos desprazamentos habituais e non habituais.
- Adaptar o movemento ás circunstancias utilizando formas de desprazamento non habituais.
- Practicar o salto, xiro, trepa, reptación, suspensión e o transporte.
- Adaptar o exercicio a diferentes medios.
- Mellorar o equilibrio incrementando o nivel de complexidade, elevando o centro de gravidade e reducindo a base de apoio.
- Elaborar novos esquemas motrices: rodar, voltear, utilizando distintas estratexias para resolver un mesmo problema.
- Mellorar a coordinación dinámica específica e coñecer outras coordinacións segmentarias.



- Recoñecer e comprender o froito da realización do traballo prolongado.
- Previr o risco no exercicio físico.

Actividades físicas artístico-expresivas:

- Desenvolver as posibilidades comunicativas mediante movementos corporais de imitación e representación.
- Utilizar o xesto e o movemento para representar obxectos, personaxes, **situacións**,...
- Comprender mensaxes corporais observando os xestos dos demais.
- Recoñecer distintas calidades do mov. a través de estímulos rítmicos.
- Utilizar técnicas sinxelas da expresión: mímica, representación, danza.
- Asociar o movemento e o ritmo mediante a práctica de bailes e danzas sinxelas

Actividade física e saúde:

- Practicar os hábitos de coidado externo do corpo: hixiene diaria, cambio de roupa, ducha, ...
- Coñecer as normas de alimentación relacionadas coa práctica da actividade física: tempo de dixestión, alimentos enerxéticos, ...
- Recoñecer e identificar factores ou prácticas que favorezan o coidado do corpo: exercicio físico, alimentación equilibrada, ...
- Rechazar as prácticas non favorables: tabaco, alcohol e drogas.
- Usar medidas de seguridade e prevención de accidentes.

Xogos e deportes:

- Desenvolver habilidades básicas utilizadas no xogo.
- Continuar utilizando os xogos como medio para conseguir obxectivos.
- Respetar as regras e as normas para desfrutar do xogo, entendendo a oposición



como un elemento a superar.

- Iniciarse nos xogos predeportivos.
- Coñecer e utilizar as estruturas básicas de cooperación, de oposición e de cooperación.
- Fomentar as relacións de compañeirismo e amizade disfrutando do xogo con independencia do resultado.
- Practicar os xogos populares e tradicionais nos momentos de ocio.

Relixión

- Coñecer a acción creadora de Deus en colaboración co home.
- Coñecer as ensinanzas de Xesús dando a coñecer a Deus como Pai Misericordioso.
- Comprender o significado cristián, festivo e cultural do Nadal como celebración do ano litúrxico.
- Analizar e reflexionar sobre os principais acontecementos que se celebran durante a Semana Santa.
- Recoñecer e practicar na vida diaria os valores do amor de Deus, a verdade e a bondade que Xesús ensina.
- Comprender e apreciar os principais xestos que utilizan os cristiáns para relacionarse con Deus e expresarlle o seu amor.
- Identificar e valorar os mandamentos como expresións do amor de Deus e normas que axudan a mellorar a relación con Deus e a convivencia cos demais.
- Observar e valorar a Igrexa como a gran familia de Deus que celebra o amor de Deus e o amor aos demais na sociedade actual.



- Coñecer e identificar as accións do Espírito Santo no pobo de Deus.
- Comprender e respectar as festas e celebracións do ano litúrxico e o culto cristián.

Proxecto Competencial

- Realizar tarefas que permitan a auto conciencia emocional, a expresión das emocións e o respecto polas motivacións e intereses persoais.
- Proceder de forma reflexiva antes de actuar sopesando os pros e os contras das súas accións.
- Participar en actos comunicativos diversos que permitan expresar abertamente ideas, sentimentos, intereses e/ou necesidades considerando ás persoas que o rodean sen renunciar aos seus propios dereitos.
- Coñecer elementos da para linguaxe, como a dicción, o ton e a actitude corporal, e a súa función dentro da comunicación, e apreciar a relación que hai entre a comunicación verbal e a non verbal durante calquera acto de comunicación.
- Participar en discusións que permitan explicar e entender ideas e opinións persoais, escoitando de forma activa antes de responder os demais.
- Valorar e respectar as diferenzas individuais intentando comprender e tolerar diversas maneiras de actuar ante unha mesma situación.
- Tomar conciencia da importancia das relacións entre os compañeiros, as aprendizaxes que xeran e os vínculos de afecto que se establecen.
- Participar en actividades mostrando sensibilidade cara aos estados de ánimo e intereses dos demais.
- Identificar e respectar as normas que rexen a convivencia no contexto escolar e

local.

- Entender e apreciar a solidariedade social como medio de axuda e mellora do benestar familiar e escolar.

PLAN LECTOR.

A biblioteca do centro, a biblioteca pública e incluso pequenas bibliotecas de aula creadas a partir das aportacións dos alumnos, serán os eixes dinamizadora e motivadores cos que fomentaremos o interese pola lectura.

Distintas actividades artísticas, tertulias, etc., feitas a partires das lecturas realizadas complementarán o noso proxecto do plan Lector, no que **contaremos ademais cos vinte minutos diarios da "hora de ler"** adicados a tal fin dentro do horario lectivo xeral.

Participaremos tamén das propostas xurdidas do Equipo de Biblioteca e do Plan Lector Xeral do Centro.

USO DAS TIC

Utilizaremos a tecnoloxía informática que dispoñemos no colexio, os recursos dixitais cos que conta o colexio: Web do colexio e Aulas Virtuais e outro material aportado polo alumnado (CDS do libro de texto, pen-drive, etc.) como recursos didácticos. Tamén participaremos na semana da prensa, revista, etc. Terán unha sesión semanal adicada a educación dixital que se levará a cabo na aula de informática.

PLAN DE CONVIVENCIA

Participaremos nas actividades propostas polo Equipo de Orientación para desenvolver o plan de Convivencia.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Ao longo do curso celebraremos as conmemoracións mínimas obrigatorias que veñen reflectidas na normativa vixente, así como o Magosto, Nadal, Entroido... **que se realizarán sempre a nivel de aula e/ou a nivel de centro**, contando coa participación dos alumnos e dos mestres.

Preveremos ademais a realización de saídas para a realización de traballos de campo de tipo cultural e que complementen o currículo tanto dentro como fora da localidade. Así mesmo participaremos das actividades organizadas por outras entidades tales como Concello, Biblioteca municipal, etc.

AVALIACIÓN

A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados da aprendizaxe do alumnado e a propia práctica docente para facilitar a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos de etapa e das áreas, os criterios de avaliación que figuran no anexo II do *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na comunidade autónoma de Galicia*.

A avaliación do alumnado será continua, global e formativa e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. Promoverase o uso de técnicas e instrumentos de avaliación variados como poden ser: a revisión dos traballos diarios de clase, probas tanto orais como escritas, traballo que poidan facer na casa, o uso de rúbricas ou escalas de observación e o diario docente.



5.5 4º de Educación primaria

OBXECTIVOS POR ÁREAS

Lingua Galega

- Comprender textos orais e escritos para obter, procesar e compartir información, mantendo a atención e unha actitude crítica.
- escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas, etc.) e valorar estas expresións como un feito cultural enriquecedor.
- Expresarse oralmente e por escrito axeitadamente en diferentes ámbitos, adecuando a forma de expresión á situación e á intención comunicativa.
- escoitar e relatar experiencias presentes e pasadas, respectando os aspectos normativos da lingua.
- Expresar con claridade, ordenadamente e mediante os mecanismos de cohesión necesarios: vivencias, ideas, observacións, sentimentos, etc.
- Valorar e aceptar as achegas propias e as dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo.
- Utilizar unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.
- Representar e recitar textos orais coa articulación, a entoación e o ritmo axeitados, de forma comprensiva e expresiva, coa pronuncia propia da lingua galega e coa xestificación adecuada.
- Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura.
- Desenvolver o hábito e o gusto pola lectura, como fonte de aprendizaxe e medio de



comunicación, e amosar certa autonomía lectora.

- Analizar os aspectos sinxelos do texto (estrutura do discurso, vocabulario, intención, etc.).
- Usar o dicionario, en formato papel ou dixital, con certa autonomía.

Lingua Castelá

- Participar en situacións de comunicación dirixidas e espontáneas.
- Expresarse de forma oral satisfacendo as necesidades de comunicación en diferentes situacións.
- Comprender as mensaxes orais.
- Ampliar o vocabulario para a mellora da expresión e a comunicación.
- Comprender e memorizar diferentes tipos de textos.
- Producir textos orais e sinxelos relacionados co ámbito cotián do alumno.
- Utilizar a linguaxe oral para comunicarse.
- Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.
- Ler e comprender distintos tipos de textos acordes á súa idade.
- Utilizar estratexias para a comprensión de textos.
- Utilizar as TIC como medio para a lectura e comprensión de textos e para a realización de exercicios.
- Traballar o Plan Lector para fomentar o gusto pola lectura.
- Producir textos escritos de acordo con modelos sinxelos.
- Utilizar a lingua de forma oral e escrita.
- Utilizar o dicionario como recurso.



- Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas da área.
- Favorecer o pensamento crítico.
- Traballar o plan de escritura para a mellora da eficacia escritora e fomentar a creatividade.
- Utilizar as TIC para presentar as súas producións.
- Identificar os compoñentes básicos dunha situación comunicativa.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos.
- Coñecer e aplicar as normas ortográficas e utilízalas con corrección nos textos.
- Recoñecer e identificar os elementos da frase: suxeito-predicado e a súa relación.
- Recoñecer a realidade plurilingüe de España.
- Utilizar os textos literarios como fonte de gozar e enriquecemento.
- Integrar a lectura expresiva e a comprensión de textos.
- Utilizar as bibliotecas de aula e de centro para obter información e gozar da lectura.
- Elaborar textos sinxelos seguindo patróns.
- Identificar e corrixir en textos orais e sinxelos trazos e expresións que manifesten discriminación.
- Participar en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade.






Matemáticas

- Resolver problemas de forma eficaz tanto en procesos matemáticos como en situacións da vida diaria, reflexionando sobre os distintos pasos a seguir, realizando os cálculos necesarios e aplicándoo como estratexia para afrontar calquera tipo de situación.
- Facer predicións baseándose en procedementos matemáticos a través da descrición, análise e elaboración de conclusións en contextos matemáticos aplicando o método científico.
- Desenvolver habilidades persoais para afrontar as tarefas matemáticas evitando os bloqueos e inseguridades e reflexionando sobre as decisións que se deben tomar.
- Manexar os recursos tecnolóxicos para afrontar os diferentes retos matemáticos que se expoñan en canto ao tratamento da información ou ao apoio ao proceso de adquisición dos coñecementos.
- Dominar a lectura, escritura e ordenación dos números naturais no seu uso nos distintos procedementos matemáticos.
- Utilizar fraccións na interpretación e resolución de problemas en contextos reais.
- Manexar as habilidades básicas de cálculo na aplicación dos coñecementos traballados.
- Utilizar o cálculo mental na resolución de problemas.
- Usar distintos instrumentos e unidades de medidas na medición de ángulos.
- Resolver problemas da vida real coas magnitudes e medidas traballadas.
- Interpretar e elaborar información a través da representación espacial valorando as expresións artísticas baseadas nas nocións xeométricas básicas traballadas.
- Coñecer e clasificar os distintos corpos xeométricos a través da manipulación e a observación.



- Dominar o trazo de rectas e circunferencias na contorna recoñecendo as súas diferentes formas de representación.
- Expresar de forma complexa ou incomplexa as medidas de lonxitude, capacidade ou peso.
- Recoñecer a simetría axial nalgúñas figuras e trazar o seu eixo de simetría.
- Debuxar o círculo e a circunferencia e identificar os seus elementos.
- Utilizar e elaborar gráficos e pictogramas para representar os datos dados nun problema.
- Interpretar un esbozo ou plano e situar os puntos dados nun plano.
- Operar, comparar e ordenar fraccións de igual denominador.
- Usar as unidades de medida da lonxitude, capacidade e peso apropiadamente.
- Coñecer e usar apropiadamente o sistema sexagesimal e os instrumentos de medida do tempo.
- Ler e escribir cantidades de diñeiro utilizando o símbolo € e a abreviatura cént.
- Identificar os símbolos básicos no sistema de numeración romano.
- Ler, usar e escribir números ordinais en contextos reais para indicar a posición dun elemento nunha serie ou unha relación de orde entre varios elementos.





Ciencias Sociais e Naturais

- Utilizar o vocabulario da área na descrición de textos de carácter científico, xeográfico e histórico significativos.
- Desenvolver valores de autoestima e respecto das diferenzas físicas dos seres humanos.
- Adquirir uns hábitos saudables grazas á análise sobre como funciona o noso corpo.
- Utilizar diferentes fontes de información para a construción de contidos relacionados coa área.
- Analizar a utilización dos recursos naturais da Terra recoñecendo a necesidade de conservalos, especialmente no caso da auga.
- Analizar os principais órganos de goberno e as funcións do goberno do país, valorando a importancia da calidade da xestión dos servizos públicos para a vida das persoas.
- Acrecentar o seu coñecemento do pobo galego afianzando a súa pertenza a este e valorando o enriquecemento que supón a diversidade cultural e caracterizando as formas de vida galega.
- Planificar e realizar en grupo investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos.

Educación plástica e visual

Aproveitaremos as conmemoracións, festexos e cambios salientables do ano para facer manualidades propias dese momento concreto.



Música e danza

- Diferenciar distintos tipos de agrupacións musicais.
- Discriminar o timbre de distintos tipos de instrumentos.
- Identificar a estrutura interna das cancións.
- Usar o canto como medio de gozo respectando os demais.
- Clasificar os instrumentos musicais en función das súas características.
- Saber interpretar o contido dunha partitura.
- Investigar sobre a historia da música.
- Utilizar a frauta para expresarse musicalmente coidando a respiración.
- Expresar música a través do corpo.
- Utilizar a danza como medio de expresión.

Lingua Inglesa

- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.
- Valoración da propia cultura a través do coñecemento e valoración doutras culturas, respecto e aceptación de ideas e costumes distintos.
- Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social na lingua estranxeira.
- Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos/as demais.



- Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora etc.
- Descrición das rutinas diarias.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...
- Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compra venda.
- Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.
- Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade.

Educación física

O Corpo: imaxe e percepción:

- Percibir e identificar propio corpo e o dos demais.
- Tomar conciencia das posibilidades e limitacións do movemento.
- Aceptar as diferencias do propio corpo respecto ó dos demais.
- Afianzar a lateralidade en sí mesmo, nos demais e respecto ós obxectos.
- Controlar a respiración en situacións de reposo e movemento.
- Dominar a relaxación muscular a través de contrastes.
- Potenciar e desenvolver as capacidades de equilibrio e iniciarse en desequilibrios.
- Explorar, coñecer e respectar o espazo, e utilizalo con independencia dos distintos



segmentos.

- Adecuar os movementos corporais a estruturas rítmicas en relación ó espazo e ó tempo.
- Desenvolver a autoestima baseándose nas posibilidades de movemento e o esforzo de cada un.

Habilidades motrices:

- Continuar o desenvolvemento das capacidades físicas, ampliando o traballo feito no primeiro e segundo curso.
- Potenciar e mellorar a rapidez e calidade dos desprazamentos habituais e non habituais.
- Adaptar o movemento ás circunstancias utilizando formas de desprazamento non habituais.
- Practicar o salto, xiro, trepa, reptación, suspensión e o transporte.
- Adaptar o exercicio a diferentes medios.
- Mellorar o equilibrio incrementando o nivel de complexidade, elevando o centro de gravidade e reducindo a base de apoio.
- Elaborar novos esquemas motrices: rodar, voltear, utilizando distintas estratexias para resolver un mesmo problema.
- Mellorar a coordinación dinámica específica e coñecer outras coordinacións segmentarias.
- Recoñecer e comprender o froito da realización do traballo prolongado.
- Previr o risco no exercicio físico.



Actividades físicas artístico-expresivas:

- Desenvolver as posibilidades comunicativas mediante movementos corporais de imitación e representación.
- Utilizar o xesto e o movemento para representar obxectos, personaxes, situacións,...
- Comprender mensaxes corporais observando os xestos dos demais.
- Recoñecer distintas calidades do mov. a través de estímulos rítmicos.
- Utilizar técnicas sinxelas da expresión: mímica, representación, danza.
- Asociar o movemento e o ritmo mediante a práctica de bailes e danzas sinxelas.

Actividade física e saúde:

- Practicar os hábitos de coidado externo do corpo: hixiene diaria, cambio de roupa, ducha, ...
- Coñecer as normas de alimentación relacionadas coa práctica da actividade física: tempo de dixestión, alimentos enerxéticos, ...
- Recoñecer e identificar factores ou prácticas que favorezan o coidado do corpo: exercicio físico, alimentación equilibrada, ...
- Rechazar as prácticas non favorables: tabaco, alcohol e drogas.
- Usar medidas de seguridade e prevención de accidentes.

Xogos e deportes:

- Desenvolver habilidades básicas utilizadas no xogo.
- Continuar utilizando os xogos como medio para conseguir obxectivos.
- Respectar as regras e as normas para desfrutar do xogo, entendendo a oposición como un elemento a superar.
- Iniciarse nos xogos predeportivos.
- Coñecer e utilizar as estruturas básicas de cooperación, de oposición e de



cooperación –oposición.

- Fomentar as relacións de compañeirismo e amizade desfrutando do xogo con independencia do resultado.
- Practicar os xogos populares e tradicionais nos momentos de ocio.

Relixión

- Recoñecer a importancia do perdón para a felicidade.
- Traballar os relatos bíblicos sobre o perdón, comprendendo a singularidade do perdón de Deus.
- Coñecer as razóns polas que David sente a necesidade de redención.
- Ler e recoñecer historias bíblicas onde Deus promete o Mesías.
- Traballar e comprender as parábolas do perdón.
- Valorar a sensibilidade de Xesús polos máis necesitados.
- Recoñecer o cumprimento da vontade do Pai na paixón e morte de Xesús.
- Comprender como Deus concede o perdón a través do sacramento da Reconciliación.
- Recoñecer os signos da Eucaristía.
- Recoñecer na Coresma un tempo penitencial.



Proxecto competencial

- Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.
- Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.
- Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación e expresión adecuadas.

PLAN LECTOR

Participaremos no plan lector adicándolle vinte minutos diarios ao fomento da lectura. Ademais disto seguiremos dando continuidade ao proxecto de animación á lectura integrado no Plan Lector de Centro. Tamén leremos unha ficha de lectura diaria con preguntas alternando a ficha de galego co da castelán .Tentaremos facer resumos das lecturas tanto dos libros que leamos como das fichas .

Participaremos tamén das propostas xurdidas do Equipo de Biblioteca do centro e da Biblioteca pública.

USO DAS TIC

Utilizaremos a tecnoloxía informática da que dispoñemos no colexio, así como a aportada polo alumnado (CDS do libro de texto, pen-drive, etc.) como recursos didácticos. Terán unha sesión semanal adicada a educación dixital que se levará a cabo na aula de informática.

PLAN DE CONVIVENCIA

Participaremos nas actividades propostas polo Equipo de Orientación para desenvolver o plan de Convivencia.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Ao longo do curso celebraremos as conmemoracións que veñen reflectidas na **normativa vixente**, así como o **Magosto, Nadal, Entroido...** que se realizarán sempre a nivel de aula e/ou a nivel de centro, contando coa participación dos alumnos e dos mestres.

Prevedemos ademais a realización de saídas de tipo cultural que complementen o currículo tanto dentro como fora da localidade. Así mesmo participaremos das actividades organizadas por outras entidades tales como Concello, Biblioteca municipal, etc.

AVALIACIÓN

A avaliación será continua e individualizada, e consistirá na revisión dos traballos diarios, e nas distintas probas orais e escritas, así como no esforzo e actitude dos nenos/as, poñendo especial atención na valoración das competencias do currículo.



OBXECTIVOS POR ÁREAS

Lingua Galega

- Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá facendo uso das normas de uso lingüístico e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- escoitar e relatar experiencias presentes e pasadas, respectando os aspectos normativos da lingua
- Subliñar, resumir e esquematizar a información dos textos propostos na clase.
- Utilizar os medios de comunicación social e as TIC de xeito dirixido para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes, así como para formar as súas propias.
- Coidar a presentación dos textos escritos, tanto da limpeza e forma, como da ortografía.
- Empregar de forma autónoma o dicionario, en formato papel e dixital.
- Utilizar a lectura como fonte de enriquecemento persoal e de aproximación a obras da literatura galega, grazas ao uso da biblioteca como fonte de recursos e de obtención de información.
- Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia identitaria de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor, evitando así estereotipos lingüísticos que poidan derivar en prexuizos clasistas, racistas ou sexistas.



Lingua Castelá

- Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá facendo uso das normas de uso lingüístico e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- escoitar e relatar experiencias presentes e pasadas, respectando os aspectos normativos da lingua
- Subliñar, resumir e esquematizar a información dos textos propostos na clase.
- Utilizar os medios de comunicación social e as TIC de xeito dirixido para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes, así como para formar as súas propias.
- Coidar a presentación dos textos escritos, tanto da limpeza e forma, como da ortografía.
- Empregar de forma autónoma o dicionario, en formato papel e dixital.
- Utilizar a lectura como fonte de enriquecemento persoal e de aproximación a obras da literatura española, grazas ao uso da biblioteca como fonte de recursos e de obtención de información.

Matemáticas

- Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá.
- Recoñecer o valor de actitudes como: a exploración de distintas alternativas, a conveniencia da precisión ou a perseverancia na busca de solucións.
- Observar o medio habitual do alumnado identificando formas xeométricas do contorno e recoñecendo aquelas situacións que requiran, para a súa comprensión ou



tratamento, de operacións elementais de cálculo; formulalas mediante formas sinxelas de expresión matemática ou resolvelas empregando os algoritmos correspondentes.

- Valorar o sentido dos resultados, a presentación ordenada e clara e a explicación oral e por escrito dos procesos seguidos.
- Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas.
- Utilizar de forma adecuada as tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca.

Ciencias da natureza

- Utilizar o vocabulario da área na descrición de textos de carácter científico
- Desenvolver valores de prevención das enfermidades analizando as repercusións para a saúde do modo de vida e aplicando coidados de hixiene e nutrición.
- Utilizar diferentes fontes de información (enciclopedias) e as TIC para a construción de contidos relacionados coa área.
- Caracterizar os tipos de fontes de enerxía, recoñecendo a importancia da intervención humana na modificación ou conservación das paisaxes e medio físico para produci-la, desenvolvendo hábitos de conservación e respecto.
- Planificar e realizar en grupo, sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos.



Ciencias sociais

- Utilizar o vocabulario da área na descrición de textos de carácter social e histórico significativos.
- Desenvolver valores de autoestima e respecto das diferenzas físicas dos seres humanos.
- Utilizar diferentes fontes de información (enciclopedias) e as TIC para a construción de contidos relacionados coa área.
- Analizar aspectos relacionados coa influencia do quentamento global recoñecendo a necesidade de evitala.
- Analizar os principais órganos de goberno e as funcións do Municipio, das Comunidades Autónomas, do Estado Español e da Unión Europea, valorando a importancia da calidade da xestión dos servizos públicos para a vida das persoas.
- Interpretar en diferentes representacións (mapas, planos, fotografías aéreas e outros medios tecnolóxicos) elementos relevantes de xeografía física e política de Galicia, de España, de Europa e do mundo.
- Acrecentar o seu coñecemento das pegadas do tempo na Idade Media e Idade Moderna.



Educación plástica e visual

- Coñecer o medio natural a través da realización de obras de expresión plástica que impliquen o uso de materiais do entorno.
- Mellorar o control da motricidade fina a través da realización dos distintos traballos de expresión plástica.
- Fomentar o respecto pola natureza, polo medio e pola cultura propia grazas ao seu mellor coñecemento.
- Realizar algún xogos e xoguetes populares galegos da época dos avós.

Música e danza

- Discriminar auditivamente os sons da súa contorna máis próxima diferenciando entre son, silencio e ruído e do propio corpo.
- Recoñecer e discriminar auditivamente as calidades do son: duración, altura, intensidade e timbre.
- Valorar a importancia do silencio como parte da música.
- Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais propias da súa contorna.
- Exercitar mellor o oído a partir da audición activa de obras musicais descritivas.
- Utilizar os recursos expresivos da voz na interpretación de cancións.
- Recoñecer a importancia do coidado da voz e da respiración no canto.
- Identificar diferentes formas musicais e utilízalas no acompañamento de cancións: estrofa e refrán, e ostinato rítmico.
- Interpretar sons con percusión corporal empregando a técnica de Kodaly.





Lingua inglesa

- Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, convites.
- Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.
- Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.
- Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.
- Establecemento e mantemento da comunicación.
- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or).
- Afirmación: (affirmative sentences; (Yes (+ tag))).
- Exclamación: (Help! Sorry!). How + Adj., e.g.: How nice!; exclamatory sentences, e. g.: I love salad!).
- Negación: (negative sentences with not), no (Adj.), No (+ negative tag)).
- **Interrogación:** (How are you?, How many...?, Wh- questions, Aux.questions).
- Expresión do tempo: presente (simple present); pasado (past simple) futuro (going to).
- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present continuous).
- Expresión da modalidade: capacidade (can); permiso (can); intención (going to).
- Expresión da existencia (there is/are); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives); a calidade (very + Adj.).
- Expresión da cantidade: (singular/plural; cardinal numerals up to two digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: many, some, (a) little, more, half, a bottle, a cup, a glass, a piece. Degree: very).
- Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance).



- Expresión do tempo (points (e. g. half past past five); divisions (e. g. half an hour, summer), indications of time: anteriority (before); posteriority (after); sequence (first...then).
- Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. slowly, well, quickly, carefully).

Educación física

O Corpo: imaxe e percepción:

- Percibir o corpo como unha globalidade integrada por un conxunto de partes independentes entre sí e relacionadas en canto o seu funcionamento.
- Lograr un perfecto control global e segmentario.
- Potenciar os segmentos corporais non dominantes.
- Mellorar a coordinación de accións e movementos.
- Adquirir a sensación de relaxación global e segmentaria.
- Controlar e axustar a respiración en situación que impliquen movemento.
- Coñecer e estruturar o espazo: situación, dirección, orientación, apreciación de velocidades e distancias.
- Mellorar a orientación espacial en movemento situando obxectos en relación a outros.
- Dominar as relacións de equilibrio, situacións de re equilibrio e actividade tónica.
- Crear algunhas estruturas rítmicas con certa coordinación.
- Explorar e interiorizar sensacións que o ritmo e a música suscita a cada un.



Habilidades motrices:

- Coñecer e desenvolver as habilidades básicas con eficacia, insistindo no aspecto cualitativo das mesmas: desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos, recepcións, transportes, conducións, ..
- Mellorar a condición física xeral.
- Ampliar as posibilidades de movemento.
- Resolver problemas motrices utilizando distintas estratexias en función de diferentes criterios: economía, orixinalidade e eficacia.
- Experimentar situación de equilibrio con bases inestables, incluíndo os equilibrios invertidos.
- Adaptar o movemento as circunstancias e condicións en distintos medios: acuático, montaña, praia, etc.
- Rentabilizar as habilidades e destrezas para aplicarlas ós deportes.
- Desenvolver o sentido da responsabilidade e a cooperación.
- Valorar e aceptar os resultados de todos.
- Aceptar a realidade motriz de cada un.

Actividades físicas artístico-expresivas:

- Desenvolver as posibilidades comunicativas mediante movementos corporais de imitación e representación.
- Utilizar o xesto e o movemento para representar obxectos, personaxes, situacións.
- Comprender mensaxes corporais observando os xestos dos demais.
- Recoñecer distintas calidades do mov. a través de estímulos rítmicos.
- Utilizar técnicas sinxelas da expresión: mímica, representación, danza.
- Asociar o movemento e o ritmo mediante a práctica de bailes e danzas sinxelas.

Actividade física e saúde:

- Afianzar os hábitos de hixiene que xa se coñecen.
- Recoñecer e identificar algúns factores ou prácticas que favorezan o desenvolvemento do corpo (exercicio físico, alimentación equilibrada) e diferenciarlas das non saudables (tabaco, alcohol, drogas).
- Utilizar indumentaria adecuada na realización da actividade física.
- Levantar e transportar cargas correctamente.
- Relacionar as capacidades corporais coa práctica do exercicio físico (flexibilidade, forza muscular).
- Practicar hábitos de traballo presentes na actividade física: quecemento, parte principal, relaxación.
- Traballar a relación entre saúde, práctica de xogos e actividades recreativas.
- Usar medidas de seguridade e prevención de accidentes na práctica da actividade física e no uso de materiais e espazos.
- Aceptar os propios límites en relación coa actividade física.

Xogos e deportes:

- Potenciar as habilidades e destrezas deportivas.
- Mellorar o control neuromotor e a organización espazo-temporal en situacións reais de xogo.
- Coñecer e valorar os contidos dos xogos.
- Iniciarse no coñecemento e práctica dalgún deporte.
- Habituar a saber gañar e perder, respectando as normas.
- Mellorar as relacións a través do xogo: uso e entendemento das normas.
- Desenvolver o espírito de colaboración en equipo e a capacidade de convivencia.



- Aceptar os diferentes niveis de execución.
- Recoñecer, vivenciar e valorar os xogos e actividades deportivas como forma de facer exercicio, de goce, de relación cos demais e de emprego do tempo libre.
- Antepoñer o xogo ó triunfo, facilitando a integración dos nenos con menos habilidades.
- Practicar e coñecer xogos populares e tradicionais da nosa Comunidade Autónoma.

Relixión

- Saber diferenciar o ben do mal e recoñecer que a persoa humana foi creada con desexo de ben.
- Coñecer e valorar os Dez Mandamentos como as principais normas cristiás.
- Investigar e descubrir que se celebra no Nadal en relación coa Historia da Salvación.
- Coñecer e aplicar a mensaxe que Xesús ensinou e como o ensinou con feitos e con palabras.
- Comprender e asociar o encontro con Xesús, co descubrimento da verdadeira identidade como persoa.
- Tomar conciencia e descubrir o significado cristián da resurrección e a vida eterna, para vivir en completa felicidade con Deus e cos demais.
- Describir e coñecer o significado de Igrexa como novo pobo de Deus, formado por todos os cristiás e os seus ministerios e servizos.
- Aprender e expresar que a Eucaristía é a renovación do sacrificio de Xesús na cruz.
- Investigar e analizar que é a Biblia, a súa estrutura e composición.



Proxecto competencial

- Comprender e aceptar a diversidade humana como factor de enriquecemento persoal e cultural.
- Recoñecer rasgos do carácter propio e adoptar actitudes de mellora.
- Descubrir a necesidade de colaborar para resolver problemas a través de normas de convivencia.
- Admitir e recoñecer a importancia de respectar os dereitos humanos.
- Descubrir solucións intelixentes para a vida en sociedade (democracia).
- Adoptar compromisos de loita pola xustiza.

PLAN LECTOR

A biblioteca do centro e a biblioteca pública serán os eixos dinamizadores e motivadores cos que fomentaremos o interese pola lectura.

Distintas actividades artísticas, tertulias, reflexión crítica e expresión crítica etc., feitas a partires das lecturas realizadas complementarán o noso proxecto do plan Lector, no que contaremos ademais cos vinte minutos diarios da "hora de ler" adicados a tal fin dentro do horario lectivo xeral.

Participaremos tamén das propostas xurdidas do Equipo de Biblioteca e do Plan Lector Xeral do Centro.

O plan lector do 5º nivel inclúe os obxectivos que seguen:

- ☐ Gozar coa lectura.
- ☐ Manter un interese continuado cara a lectura.
- ☐ Narrar oralmente, de xeito ordenado, historias que leron.
- ☐ **Elaborar "Fichas técnicas literarias"** cunha presentación, organización da información e vocabulario axeitado.
- ☐ Facer reseñas orais dos libros lidos.

- ☐ Redactar resumos dos argumentos e recensións desas obras.
- ☐ Expresar oralmente e por escrito a opinión persoal que lles merecen os relatos, os poemas ou as pezas de teatro..
- ☐ Expor oralmente e con corrección a presentación, nó e desenlace dunha historia.

USO DAS TIC

Este curso formamos parte do Proxecto Edixgal, polo que as TICs serán fundamentais no traballo do día a día. Terán unha sesión semanal adicada a educación dixital que se levará a cabo na aula de informática.

PLAN DE CONVIVENCIA

Participaremos nas actividades propostas polo Equipo de Orientación para desenvolver o plan de Convivencia.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Ao longo do curso celebraremos as conmemoracións que veñen reflectidas na normativa vixente, así como o **Magosto, Nadal, Entroido...** que se realizarán sempre a nivel de aula e/ou a nivel de centro, contando coa participación dos alumnos e dos mestres.

Prevemos a realización de saídas e traballos de campo que complementen o currículo tanto dentro como fóra da localidade debido. Así mesmo participaremos das actividades organizadas por outras entidades tales como Concello, Biblioteca municipal, Asociacións culturais, etc.

AVALIACIÓN

A avaliación será global, continua e individualizada, tomando como referencia os criterios de cualificación establecidos nas programacións didácticas.

OBXECTIVOS POR ÁREAS

Lingua Galega

- Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá facendo uso das normas de uso lingüístico e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Utilizar os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes, así como para formar as súas propias.
- Utilizar a lectura como fonte de enriquecemento persoal e de aproximación a obras da literatura galega, grazas ao uso da biblioteca como fonte de recursos e de obtención de información.
- Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia identitaria de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor, evitando así estereotipos lingüísticos que poidan derivar en prexuizos clasistas, racistas ou sexistas.

Lingua Castelá

- Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá facendo uso das normas de uso lingüístico e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- Utilizar os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes, así como para formar as súas propias.
- Utilizar a lectura como fonte de enriquecemento persoal e de aproximación a obras



da literatura española, grazas ao uso da biblioteca como fonte de recursos e de obtención de información.

Matemáticas

- Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá.
- Recoñecer o valor de actitudes como: a exploración de distintas alternativas, a conveniencia da precisión ou a perseverancia na busca de solucións.
- Observar o medio habitual do alumnado identificando formas xeométricas do contorno e recoñecendo aquelas situacións que requiran, para a súa comprensión ou tratamento, de operacións elementais de cálculo; formulalas mediante formas sinxelas de expresión matemática ou resolvelas empregando os algoritmos correspondentes.
- Valorar o sentido dos resultados, a presentación ordenada e clara e a explicación oral e por escrito dos procesos seguidos.
- Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas.
- Utilizar de forma adecuada as tecnoloxías da información e da comunicación e da biblioteca.

Ciencias da natureza

- Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.
- Coñecer os fundamentos do funcionamento fisiolóxico do corpo humano: células, tecidos, órganos, aparatos e sistemas; a súa localización, forma, estrutura, funcións,



coidados...

- Relacionar determinadas prácticas co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables (alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso), sabendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.
- Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.
- Planificar e realizar sinxelas investigacións predicindo o comportamento dos corpos ante a electricidade seguindo os pasos do método científico e empregando programas de simulación.
- Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non-renovables, e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sustentable.
- Planificar co deseño previo de esquemas, simuladores ou debuxos a construción de obxectos e aparatos cunha finalidade previa, utilizando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, realizando o traballo individual e en equipo, e proporcionando información sobre que estratexias se empregaron.
- Realizar experiencias sinxelas para coñecer: diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, o comportamento dos corpos diante das forzas, a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son; e as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica, a electricidade e o magnetismo.
- Desenvolver o traballo cooperativo en actividades grupais, fomentando os principios e os valores da interacción social.
- Desenvolver as capacidades de resolución de conflitos e autonomía como factores de desenvolvemento e crecemento persoal.



- Planificar e realizar un proxecto, e presentar un informe.

Ciencias Sociais

- Coñecer o relevo de España, os seus climas e hidrografía e localizalos no mapa.
- Desenvolver valores como a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no traballo.
- Utilizar e ver o traballo en grupo como fonte de crecemento persoal e social fomentando valores de tolerancia e respecto de ideas e opinións, e resolvendo conflitos por si sós.
- Discriminar os distintos sectores económicos, as súas características, como se distribúe a poboación neles e as actividades que desenvolven.
- Valorar o coñecemento da economía e o valor do diñeiro vinculándoo a procesos persoais de austeridade e aforro.
- Analizar a situación política de España a través do coñecemento da evolución das súas políticas e economía desde o século XIX ata os nosos días.
- Reflexionar sobre a nosa democracia a través do coñecemento da Constitución de 1978.
- Interiorizar os dereitos humanos e os valores distintivos da sociedade valorando e respectando a súa aplicación.
- Comprender a situación de España na Unión Europea e reflexionar sobre as súas institucións, a política e economía que nos vertebra.

Educación plástica e visual

- Coñecer o medio natural a través da realización de obras de expresión plástica que impliquen o uso de materiais do entorno.
- Mellorar o control da motricidade fina a través da realización dos distintos traballos de expresión plástica.
- Fomentar o respecto pola natureza, polo medio e pola cultura propia grazas ao seu mellor coñecemento.
- Realizar algúns xogos e xoguetes populares galegos da época dos avós.
- Traballar a motricidade fina a través da costura en diferentes materiais, elaborando así diferentes obxectos de uso cotiá.

Música e danza

- Recoñecer as posibilidades dos instrumentos acústicos e electrónicos na audición.
- Ser crítico na escoita activa.
- Coñecer a grafía musical e verbalizar sobre o seu uso.
- Valorar o patrimonio musical doutras culturas.
- Crear instrumentos musicais de construción propia a partir do coñecemento dos instrumentos reais.
- Respetar e colaborar cos demais nas actividades de canto.
- Descifrar a linguaxe musical dunha partitura na interpretación musical
- Desenvolver a danza a partir de músicas actuais.
- Recoñecer diferentes xéneros e estilos de danza.

Lingua inglesa

- Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, convites.
- Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.
- Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.
- Narración de feitos pasados remotos e recentes.
- Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.
- Establecemento e mantemento da comunicación.
- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or).
- Afirmación: (affirmative sentences; (Yes (+ tag))).
- Exclamación: (Help! Sorry!). How + Adj., e.g.: How nice!; exclamatory sentences, e. g.: I love salad!).
- Negación: (negative sentences with not), no (Adj.), No (+ negative tag)).
- **Interrogación: (How are you?, How many...?, Wh- questions, Aux.questions).**
- Expresión do tempo: presente (simple present); pasado (past simple) futuro (going to).
- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present continuous).
- Expresión da modalidade: capacidade (can); permiso (can); intención (going to).
- Expresión da existencia (thereis/are); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives); a calidade (very + Adj.).
- Expresión da cantidade: (singular/plural; cardinal numerals up to two digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: many, some, (a) little, more, half, a bottle, a cup, a glass, a piece. Degree: very).

- Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance).
- Expresión do tempo (points (e. g. half past past five); divisions (e. g. half an hour, summer), indications of time: anteriority (before); posteriority (after); sequence (first...then).
- Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. slowly, well, quickly, carefully).

Educación física

O Corpo: imaxe e percepción:

- Percibir o corpo como unha globalidade integrada por un conxunto de partes independentes entre sí e relacionadas en canto o seu funcionamento.
- Lograr un perfecto control global e segmentario.
- Potenciar os segmentos corporais non dominantes.
- Mellorar a coordinación de accións e movementos.
- Adquirir a sensación de relaxación global e segmentaria.
- Controlar e axustar a respiración en situación que impliquen movemento.
- Coñecer e estruturar o espazo: situación, dirección, orientación, apreciación de velocidades e distancias.
- Mellorar a orientación espacial en movemento situando obxectos en relación a outros.
- Dominar as relacións de equilibrio, situacións de re equilibrio e actividade tónica.
- Crear algunhas estruturas rítmicas con certa coordinación.
- Explorar e interiorizar sensacións que o ritmo e a música suscita a cada un.

Habilidades motrices:

- Coñecer e desenvolver as habilidades básicas con eficacia, insistindo no aspecto cualitativo das mesmas: desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos, recepcións, transportes, conducións, ..
- Mellorar a condición física xeral.
- Ampliar as posibilidades de movemento.
- Resolver problemas motrices utilizando distintas estratexias en función de diferentes criterios: economía, orixinalidade e eficacia.
- Experimentar situacións de equilibrio con bases inestables, incluíndo os equilibrios invertidos.
- Adaptar o movemento as circunstancias e condicións en distintos medios: acuático, montaña, praia, etc.
- Rentabilizar as habilidades e destrezas para aplicarlas ós deportes.
- Desenvolver o sentido da responsabilidade e a cooperación.
- Valorar e aceptar os resultados de todos.
- Aceptar a realidade motriz de cada un.
- Actividades físicas artístico-expresivas.
- Desenvolver a capacidade de expresión a través do manexo do corpo de maneira libre espontánea, individual e en grupo.
- Relacionar a linguaxe corporal con outras formas de linguaxe.
- Desenvolver a creatividade utilizando o corpo como vehículo de expresión, mediante unha resposta imaxinativa.
- Lograr respostas motrices utilizando a imitación.
- Analizar as posibilidades expresivas asociada ó movemento: mímica, danza,



dramatización.

Actividades físicas artístico-expresivas:

- Desenvolver as posibilidades comunicativas mediante movementos corporais de imitación e representación.
- Utilizar o xesto e o movemento para representar obxectos, personaxes, situacións.
- Comprender mensaxes corporais observando os xestos dos demais.
- Recoñecer distintas calidades do mov. a través de estímulos rítmicos.
- Utilizar técnicas sinxelas da expresión: mímica, representación, danza.
- Asociar o movemento e o ritmo mediante a práctica de bailes e danzas sinxelas.

Xogos e deportes:

- Potenciar as habilidades e destrezas deportivas.
- Mellorar o control neuromotor e a organización espazo-temporal en situacións reais de xogo.
- Coñecer e valorar os contidos dos xogos.
- Iniciarse no coñecemento e práctica dalgún deporte.
- Habituarase a saber gañar e perder, respectando as normas.
- Mellorar as relacións a través do xogo: uso e entendemento das normas.
- Desenvolver o espírito de colaboración en equipo e a capacidade de convivencia.
- Aceptar os diferentes niveis de execución.
- Recoñecer, vivenciar e valorar os xogos e actividades deportivas como forma de facer exercicio, de goce, de relación cos demais e de emprego do tempo libre.
- Antepoñer o xogo ó triunfo, facilitando a integración dos nenos con menos habilidades.
- Practicar e coñecer xogos populares e tradicionais da nosa Comunidade Autónoma.

Relixión

- Identificar a Xesucristo como o modelo que seguen os cristiáns para practicar o ben e a verdade na vida persoal e social.
- Recoñecer a humanidade da persoa na relación con Deus.
- Apreciar a riqueza dos textos históricos da Biblia.
- Recoñecer o encontro con Deus a través de Xesús.
- Comprender como Xesús cumpre a vontade de Deus a pesar dos obstáculos.
- Ver na Igrexa a continuación da misión de Xesús.
- Recoñecer nos sacramentos de servizo a misión da Igrexa.
- Comprender os trazos do tempo litúrxico de Pascua.
- Identificar no encontro co Resucitado un cambio de vida.

Proxecto competencial

- Comprender e aceptar a diversidade humana como factor de enriquecemento persoal e cultural.
- Recoñecer rasgos do carácter propio e adoptar actitudes de mellora.
- Descubrir a necesidade de colaborar para resolver problemas a través das normas de convivencia.
- Admitir e recoñecer a importancia de respectar os dereitos humanos.
- Descubrir solucións intelixentes para a vida en sociedade (democracia).
- Adoptar compromisos de loita pola xustiza.



Educación en valores sociais e cívicos

- Deliberar e argumentar sobre problemas de carácter ético referidos a si mesmo e á súa contorna, buscando e analizando información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o auto coñecemento e a autonomía moral.
- Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, recoñecendo a súa importancia para a vida individual e colectiva e aplicándoos de maneira efectiva e argumentada en distintos contextos, para promover unha convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica.
- Comprender as relacións sistémicas entre o individuo, a sociedade e a natureza, a través do coñecemento e da reflexión sobre os problemas eco sociais, para comprometerse activamente con valores e prácticas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas e do planeta.
- Desenvolver a autoestima e a empatía coa contorna, identificando, xestionando e expresando emocións e sentimentos propios, e recoñecendo e valorando os dos outros, para adoptar unha actitude fundada no coidado e no aprecio de si mesmo, dos demais e do resto da natureza.

PLANLECTOR

A biblioteca do centro será o eixo dinamizador e motivador co que fomentaremos o interese pola lectura.

Distintas actividades artísticas, tertulias, reflexión e expresión crítica, etc., feitas a partires das lecturas realizadas complementarán o noso proxecto do plan Lector, no que contaremos ademais cos vinte minutos diarios da "hora de ler" adicados a tal fin dentro do horario lectivo xeral. Nesta hora, a través

da lectura, traballaranse lecturas a outros grupos do centro, así como exposicións orais de diferentes traballos e investigacións.

Participaremos tamén das propostas xurdidas do Equipo de Biblioteca e do Plan Lector Xeral do Centro.

O plan lector do 6º nivel inclúe os obxectivos que seguen:

- ☐ Gozar coa lectura.
- ☐ Manter un interese continuado cara a lectura.
- ☐ Narrar oralmente, de xeito ordenado, historias que leron.
- ☐ **Elaborar “Fichas técnicas literarias” cunha presentación, organización da información e vocabulario axeitado.**
- ☐ Facer reseñas orais dos libros lidos.
- ☐ Redactar resumos dos argumentos e recensións desas obras.
- ☐ Expresar oralmente e por escrito a opinión persoal que lles merecen os relatos, os poemas ou as pezas de teatro..
- ☐ Expor oralmente e con corrección a presentación, nó e desenlace dunha historia.

USO DAS TICS.

Este curso continuamos formando parte do Proxecto Edixgal, polo que as TICs serán fundamentais no traballo do día a día. Terán unha sesión semanal adicada a educación dixital que se levará a cabo na aula de informática.

PLAN DE CONVIVENCIA

Participaremos activamente co Equipo de Orientación traballando no desenvolvemento do Plan de convivencia.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Ao longo do curso celebraremos as conmemoracións mínimas obrigatorias que veñen reflectidas na normativa vixente, así como o Magosto, Nadal, Entroido... que se realizarán sempre a nivel de aula e/ou a nivel de centro.

Tamén organizaremos saídas para a realización de traballos de campo de tipo cultural e que complementen o currículo, así como a participación nas actividades organizadas por outras entidades tales como: o Concello, Biblioteca municipal, Asociacións culturais, etc.

AVALIACIÓN

A avaliación será continua e individualizada, e consistirá na revisión dos traballos diarios, na realización de distintas probas orais e escritas, así como no esforzo e actitude do alumnado. Contemplanse na Programación Didáctica os criterios e instrumentos de avaliación para a ensinanza.

5.8. Pedagoxía Terapéutica

XUSTIFICACIÓN

A mestra de Pedagogía Terapéutica constitúe un recurso do centro que, segundo o artigo 57 da orde do 8 de setembro de 2021, está dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Este profesorado exercerá as súas funcións, con carácter prioritario, nas etapas de educación infantil e de educación primaria .

A atención docente directa por parte da mestra de Pedagogía Terapéutica realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá



constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea.

Permanecerá a tempo completo no centro atendendo as necesidades que nel se demanden:

- * Cubrir cos apoios oportunos ás necesidades tanto permanentes como transitorias do alumnado.
- * Prestar especial atención no reforzo das áreas instrumentais básicas.
- * Proporcionar ao alumnado aprendizaxes significativos e funcionais que lles permitan o seu desenvolvemento na vida diaria e lles posibiliten unha maior autonomía persoal.

ALUMNADO

No presente curso escolar, a intervención da mestra de P.T. será dentro e fóra da aula ordinaria, con alumnado que presenta NEE e alumnado con necesidades específicas de apoio educativo sempre que exista dispoñibilidade horaria. Ante estas necesidades a mestra de PT proporciona ao alumnado a axuda que precisan para superar as súas dificultades, facendo posible a individualización da ensinanza, respectando o seu estilo e ritmo de aprendizaxe, así como tamén os seus intereses e motivacións. Para isto realizaranse traballos individualizados e adaptados ás necesidades de cada alumno ou alumna.

Contando coa colaboración da orientadora, que valorará as necesidades educativas do alumnado dos cales os titores demandaron, establecemos as seguintes premisas:

- * Alumnado con NEE.

- * Alumnado con NEAE
- * Atención prioritaria aos cursos inferiores co fin de previr e resolver o antes posible as distintas dificultades ou ben detectar precozmente algunha necesidade e priorizar tamén a atencións ao alumnado con Adaptación Curricular.
- * Formular un horario flexible e aberto ás posibles incorporacións e necesidades do alumnado.
- * Colaborar de xeito interprofesional e incluír a todo o claustro no proxecto de atención a diversidade. A coordinación cos distintos mestres das áreas é fundamental e imprescindible.

MODALIDADE DE APOIO

Tras a avaliación inicial de cada alumno/a, axustamos a modalidade de apoio que consideramos máis oportuna a cada caso: fóra da aula ordinaria, apoio individual, pequeno grupo, dentro da aula... **Unha ou outra opción escóllense** con vistas a ofrecer a resposta máis integradora e optimizadora posible do proceso de ensino -aprendizaxe.

FUNCIÓNS

- a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- b) Prestar atención docente directa ao alumnado con NEE e/ou NEAE, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.
- c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en

colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.

d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.

e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

g) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente.

h) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

OBXECTIVOS

Os obxectivos que nos formulamos dirixense a solventar, na medida do posible, as necesidades detectadas no noso centro dende una triple perspectiva:

CON RESPECTO AO CENTRO

- * Colaborar cos titores na detección e prevención dos alumnos con NEE/NEAE.
- * Asesorar sobre as medidas de atención á diversidade para así responder ás necesidades que presenten os nosos alumnos/as.
- * Colaboración cos profesores de área na elaboración de ACS.
- * Dinamizar a integración dos alumnos/as con NEE/NEAE no centro



e nas diversas actividades
que nel se propoñan.

- * Continuar coa dotación ao centro dunha aula de apoio acondicionada, co material adecuado.
- * Fomentar o traballo cooperativo con todas as persoas implicadas na educación dos alumnos/as con NEE/NEAE.

CON RESPECTO AO ALUMNADO

- * Garantir a inclusión social e escolar.
- * Fomentar o desenvolvemento das aprendizaxes instrumentais básicas.
- * Fomentar actitudes participativas.
- * Mellorar o auto concepto e autoestima dos alumnos/as.
- * Desenvolver técnicas específicas para a adquisición da lectura, escritura e calculo.
- * Traballar os procesos psicolóxicos básicos: atención, percepción, memoria e razoamento.

CON RESPECTO ÁS FAMILIAS

- * Fomentar actitudes participativas nas actividades propostas e deseñadas para os seus fillos/as.
- * Garantir un coñecemento real e positivo das posibilidades e limitacións dos seus fillos/as.
- * Garantir unha relación e contacto cos distintos membros da comunidade educativa.

HORARIO E AGRUPAMENTO

O horario e os agrupamentos para traballar cos alumnos/as configúrese tendo en conta os seguintes aspectos:



- * O feito de compatibilizar o horario de apoio co das aulas nas que están integrados alumnos/as con NEE e/ou NEAE e co dos especialistas, así como cadrar os apoios de PT-AL-profesorado con dispoñibilidade horaria sen solaparse, para un mellor aproveitamento.
- * Unha atención individualizada.
- * Establecer o tempo de apoio de cada alumno/a en función das súas necesidades.
- * Os agrupamentos oscilan desde un ata cinco alumnos/as.

RECURSOS, ESPAZO E MEDIOS

O centro dispón de medios materiais ordinarios e específicos , así como persoais que permiten unha atención específica e profesional para atender ao alumnado.

É necesario dispoñer de Internet na aula para poder utilizar moitos recursos da rede que sempre son mais atractivos e dinámicos para os rapaces, xa que promoven unha aprendizaxe lúdica.

METODOLOXÍA

A metodoloxía terá en conta os seguintes aspectos:

- * Aprendizaxe significativa.
- * Aprendizaxe funcional.
- * Espertar no alumnado a curiosidade e o interese por aprender, empregando sempre que sexa posible a gamificación.
- * Aprendizaxe manipulativo.
- * Indagar acerca de cales son os principios incentivos que movern aos nosos alumnos/as a traballar.
- * Prestar un especial interese polas emocións, motivación e o auto concepto.
- * Axustar a resposta educativa ás necesidades.



As nosas actuacións estarán encamiñadas a levar a cabo unha aprendizaxe construtivista baseada no descubrimento, individualismo, motivación, actividade e flexibilidade.

A educación será multisensorial, sempre realizando e manipulando.

ACTIVIDADES

Ó elaborar as actividades teremos en conta que:

- * Sexan motivadoras, variadas e dinámicas.
- * Estimulen a participación, solidariedade e non discriminación.
- * Promovan o desenvolvemento integral do alumno/a.
- * Integre contidos de distinto tipo, principalmente potenciar competencias básicas.
- * Presente grados de dificultade axustados e progresivos.
- * Admitan a interacción dos alumnos/a.
- * Permitan a xeneralización dos aprendizaxes.
- * Desenvolvan a comunicación.

AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

A avaliación inicial é o punto de partida, polo tanto moi importante ao que lle hai que dedicar unha especial atención, xa que nos permite obter información para saber que imos a traballar co alumnado. Faise en estreita colaboración co titor/a que é quen fai principalmente esta avaliación e coa orientadora.

A avaliación formativa proporciónanos información acerca do desenvolvemento do alumno/a, permitíndonos tomar medidas de corrección ou seguir na mesma liña en función dos resultados que imos obtendo.

A avaliación sumativa tanto do alumno/a coma do proceso de ensino - aprendizaxe, faranos reflexionar sobre os resultados obtidos, o cal permitirá propoñer melloras se fose necesario.



A avaliación do alumnado con nee/nea realiza-se conxuntamente co mestre titor/a e especialista de área, tendo en conta o traballo realizado na aula ordinaria e na de apoio, ademais da súa actitude, participación e respecto polos compañeiros/as.

No caso da elaboración de ACS o alumno/a será avaliado en función dos criterios de avaliación fixados nela.

O seguimento realiza-se mediante reunións periódicas con orientadora, titores/as e especialistas, participando nas sesións de avaliación dos grupos con NEAE, reunións cos pais, etc.

5.9. Audición e Linguaxe

XUSTIFICACIÓN

A linguaxe supón o principal medio de comunicación, representación e relación co noso contorno, así como o principal vehículo para a transmisión do coñecemento. Por este motivo é fundamental unha prevención, detección e rehabilitación temperá das posibles perturbacións, alteracións ou trastornos para impedir que a comunicación e expresión de ideas e sentimentos, así como o procesamento da información, se vexan alterados tanto expresiva como comprensivamente.

Para o presente curso académico 2023-2024 atenderanse dende a aula de audición e linguaxe ó alumnado que presenta dificultades temporais e/ou permanentes da fala, da linguaxe oral e/ou escrita, así como o alumnado con necesidades educativas especiais, nos distintos cursos.

Dita especialista contará con horario completo no centro o cal estará repartido atendendo ás necesidades do alumnado de cada nivel educativo traballando na aula ordinaria ou na de audición e linguaxe dependendo do alumno ou alumna.



NECESIDADES E CRITERIOS DE ACTUACIÓN

No presente curso escolar detéctanse as seguintes alteracións lingüísticas atendendo ao nivel oral e/ou escrito:

➤ En Educación Infantil, alumnado con dificultades no eido da fala, concretamente dislalias e retrasos da linguaxe. Nesta etapa haberá un Programa de Estimulación da Linguaxe Oral de media sesión semanal en quinto e sexto de Educación Infantil e unha sesión completa en cuarto de Educación Infantil. Nesta etapa educativa atópanse os alumnos e alumnas con Necesidades Educativas Especiais polo que unha gran parte do horario estará adicado ao traballo con este alumnado.

➤ En Educación Primaria: alumnado con dislalias de carácter funcional, alumnado con necesidade específica de apoio educativo relacionadas con trastornos da comunicación e da linguaxe oral ou escrita, alumnado con dificultades de aprendizaxe, trastornos de déficit de atención e hiperactividade, alumnado con adaptacións curriculares e alumnado repetidor.

Tendo en conta o nivel e cantidade de necesidades presentes no centro, priorizarase a intervención con aqueles alumnos que amosen dificultades no desenvolvemento da comunicación e da linguaxe en función do grao de dificultade e /ou gravidade.

OBXECTIVOS

Como obxectivo xeral:

- Proporcionar atención á diversidade, especialmente no que se refire ao alumnado con necesidades educativas especiais e necesidades específicas de apoio educativo en aspectos relacionados coa linguaxe e a comunicación.

E como obxectivos específicos:

- Planificar, xunto cos demais membros do D.O, as medidas educativas necesarias para dar resposta aos problemas da comunicación e da linguaxe.

- Diseñar e elaborar, xunto co resto dos membros do D.O e dos titores, programas de intervención para dar resposta educativa axeitada ao alumnado con dificultades.
- Promover no centro actividades que favorezan o emprego da linguaxe oral e que contribúan a paliar os posibles déficits comunicativos dos alumnos.
- Promover que nas P.A de Educación Infantil se inclúan actividades que favorezan a adquisición e desenvolvemento da linguaxe dende unha perspectiva de prevención e atención temperá, evitando que xeren dificultades no desenvolvemento lingüístico dos alumnos nestes primeiros anos.
- Buscar, elaborar e adaptar recursos tanto para a aula ordinaria como para a aula de audición e linguaxe.
- Desenvolver actividades que favorezan a inclusión e a interacción social, así como colaborar no desenvolvemento de actitudes de respecto e inclusión.
- Informar e promover a participación dos pais e nais na xeneralización daqueles aprendizaxes relacionados coa comunicación que previamente se traballarán tanto na aula ordinaria como na aula de A.L.

METODOLOXÍA

Esta programación levarase acabo seguindo una metodoloxía activa (convertendo a aula nun espazo de descubrimento e investigación), investigativa (partindo do próximo ao alumnado, do que xa coñece e lle resulte familiar), participativa, integradora, inclusiva e personalizada (atendendo ás diferenzas individuais, actuando e respondendo de forma diversa). Ademais, basearémonos nos seguintes criterios:

- Concepción constructivista da intervención pedagóxica: son os alumnos os que constrúen, modifican, enriquecen e diversifican os seus esquemas sendo o mestre o encargado de promover situacións para que se produza dita dinámica.

- Principio de normalización, empregando os medios máis normativos posibles e creando situación normativas.
- Planificación da nosa intervención de xeito sistemático.
- Coordinación entre todos os individuos que dalgunha maneira ou outra formamos parte do proceso educativo do alumno ou alumna.
- Prevención, sendo esta esencial para evitar ou minimizar posibles problemas posteriores.
- Socialización, a intervención será sobre o alumno e sobre o medio social que inflúa na mellora do mesmo. Preparar aos alumnos e alumnas para integrarse cos demais compañeiros e compañeiras.
- Utilizaremos tamén outras metodoloxías específicas como a metodoloxía TEACCH, a gamificación ou o aprendizaxe baseado en xogos.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A avaliación ocuparase dos seguintes aspectos:

EN RELACIÓN Á PROGRAMACIÓN

- * Consecución dos obxectivos propostos.
- * Adecuación da programación ás NEAE e posibilidades do alumnado.
- * Aproveitamento dos recursos.

EN RELACIÓN AO ALUMNADO

- * Valoración dos informes de avaliación individualizada; grao de consecución dos obxectivos; dificultades observadas; materias; recursos e metodoloxía empregada.

EN RELACIÓN A PRÁCTICA DOCENTE

- * A estratexias metodolóxicas empregadas, a adecuación das actividades e a temporalización foron as correctas.



- * Os recursos elaborados, adaptados e empregados axustáronse ás necesidades dos alumnos e alumnas.
- * Grado de coordinación co persoal e a vida do centro.
- * Coordinación coas familias e con outros axentes e institucións.

A avaliación do alumnado con nee/neae realízase conxuntamente co mestre titor/a e especialista de área, tendo en conta o traballo realizado na aula ordinaria e na de apoio, ademais da súa actitude, participación e respecto polos compañeiros/as.

No caso da elaboración de ACS o alumno/a será avaliado en función dos criterios de avaliación fixados nela.

O seguimento realízase mediante reunións periódicas con orientadora, titores/as e especialistas, participando nas sesións de avaliación dos grupos con NEAE, reunións cos pais, etc.

ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

INTERVENCIÓN FAMILIAR

Orientada a normalizar o desenvolvemento da comunicación e da linguaxe do neno/a. Proporcionar información-formación aos pais sobre a modificación das condutas lingüísticas e non lingüísticas que inciden negativamente no seu desenvolvemento.

INTERVENCIÓN ESCOLAR

a) Con relación á titoría

É fundamental evitar o illamento do alumno/a dentro da aula ordinaria. Favorecerase o desenvolvemento do auto concepto do neno/a reforzando as condutas positivas, motivándoo a participar en todas as actividades de aula, estimulando unha conduta lingüística normalizada e reforzando os intentos de expresión verbal ou comunicativa.

b) Intervención logopédica.

Os contidos a traballar pertencen aos catro compoñentes da linguaxe:

<u>NIVEL FONOLÓXICO</u>	<ul style="list-style-type: none"> • Bases funcionais • Percepción e discriminación auditiva • Articulación (fonema, sílaba, palabras...) • Conciencia fonética/fonolóxica: memoria auditiva e secuencial
<u>NIVEL SEMÁNTICO</u>	<ul style="list-style-type: none"> • Aumentar o vocabulario comprensivo e expresivo • Nomear obxectos e as súas características • Semellanzas e diferenzas, antónimos e sinónimos,... • Familias de palabras • Relacións e clasificacións semánticas
<u>NIVEL MORFOSINTÁCTICO</u>	<ul style="list-style-type: none"> • Determinantes • Xénero e número • Concordancia • Expansión das estruturas gramaticais
<u>NIVEL PRAGMÁTICO</u>	<ul style="list-style-type: none"> • Diálogos • Poesías, retahílas, cancións... • Dramatización de contos, situacións da vida real... • Coherencia e cohesión do discurso oral e escrita

Este traballo será reforzado coa lectoescritura, axudando a súa integración e a mellorar nestas aprendizaxes.

Neste curso, realizaranse as intervencións do alumnado na aula ordinaria e na aula de audición e linguaxe tanto a nivel individual coma a nivel grupal en grupos de dous/ tres alumnos/as en cada sesión.

6. PLANS DE ACTUACIÓN.

6.1. Plan de Dinamización da Língua Galega (ENDL)

O equipo de dinamización lingüística réxese polos seguintes principios:

- Fomentar o uso da lingua galega en todos os ámbitos.
- Consolidar e renovar valores positivos cara o uso da lingua propia co fin de chegar á súa normalización.
- Potenciar a presenza da realidade galega (cultura, historia, xeografía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore) no ensino a través das diferentes actividades programadas ao longo do curso.
- Sensibilizar os nenos/as así como o resto do persoal do centro da importancia de posuír unha lingua propia.
- Mellorar o acceso dos estudantes do centro á cultura galega.

De modo que, guiados por estes principios, propoñemos os seguintes obxectivos para o vindeiro curso 2023-24:

OBXECTIVOS

- Promover o uso do galego en todas as actividades do centro.
- Fortalecer os referentes históricos, sociais e culturais que permitan a identificación dos nenos/as coa súa terra, fomentando o uso da lingua galega como verdadeiro sinal de identidade, realizando mostras e/ou promovendo visitas a lugares de interese prioritariamente da nosa vila, concello e comarca, así como de profesións tradicionais, utensilios, folclore, dando continuidade a traballos realizados en cursos anteriores como a visita ás parroquias ou a visita ao Museo Terra de Melide.
- Realizar as campañas tradicionais: Magosto, Nadal, concurso de tarxetas de Nadal, Entroido e Semana das Letras Galegas que se viñeron desenvolvendo ao logo destes anos.

- Participar activamente ademais nas outras conmemoracións que o centro celebre.
- Alentar a participación en concursos e actividades que teñan como fin a activación e valoración da nosa lingua.
- Estimular a lectura en lingua galega e de autores galegos, facendo suxestións para a utilización dos recursos da biblioteca escolar (colaborando nas actividades programadas polo equipo de biblioteca) e para a adquisición de novos fondos e facendo uso tamén da biblioteca municipal.
- Chegar á adquisición dos obxectivos planeados utilizando as TIC, dando a coñecer tanto medios audiovisuais como informáticos.
- Colaborar na organización ou fomentar a participación nalgún acto ou espectáculo cultural que nos permita desfrutar da nosa cultura, reafirmándonos nela e elevando a autoestima a través da valoración e disfrute do que nos é propio.
- Promover que alumnos procedentes doutras culturas se mergullen e aprecien a nosa, enriquecéndonos positiva e mutuamente dado o crecente grao de interculturalidade que se observa nos últimos anos no centro.
- Participar das actividades organizadas dende o servizo de Normalización Lingüística da comarca así como doutros organismos que promovan a lingua galega.

ADENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

(art.14.4 do Decreto 79/2010 do 20 de maio)

Segundo establece o Decreto 79/2010 no artigo 6º, as materias de ciencias naturais e sociais impartiranse en galego mentres que a de Matemáticas en castelán.

As áreas de Educación Física e Música impartiranse en lingua galega.

As materias de Plástica e Relixión impartiranse en lingua castelá.

A materia de Plástica impartirase en inglés en 3º, 4º, 5º e 6º dentro do programa das Seccións bilingües.



6.2. Plan de actividades do equipo de actividades complementarias e extraescolares.

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares ten como función a planificación, organización e desenvolvemento das actividades realizadas polo centro, así como a coordinación coa ANPA e demais entidades que colaboren co centro na organización de ditas actividades complementarias e extraescolares.

24 de outubro	Día da biblioteca
31 de outubro	Samaín
10 de novembro	Magosto
20 de novembro	Día universal da infancia
25 de novembro	Día Internacional contra a Violencia de Xénero
<i>Do 28 de novembro ao 5 de decembro</i>	Conmemoración da Constitución Española e do Estatuto de autonomía de Galicia
3 de decembro	Día internacional das persoas con discapacidade
10 de decembro	Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
<i>21 decembro</i>	Nadal
24 de xaneiro	Día Internacional da Educación
30 de xaneiro	Día escolar da non violencia e da Paz
<i>Do 12 ao 14 de febreiro</i>	Entroido
<i>23 de febreiro</i>	Día de Rosalía
<i>Do 4 ao 8 de marzo</i>	Semana da Prensa
8 de marzo	Día Internacional da Muller Traballadora
15 de marzo	Día Mundial dos dereitos do consumidor
1 de abril	Día das Artes Galegas
7 de abril	Día Mundial da saúde
<i>Do 22 ao 26 de abril</i>	Semana do libro
2 de maio	Día internacional contra o acoso escolar
9 de maio	Día de Europa
<i>Do 13 ao 17 de maio</i>	Semana das Letras Galegas
5 de xuño	Día Mundial do ambiente
<i>21 de xuño</i>	Fin de curso



- Participación en concursos e certames convocados por diversos organismos oficiais e outras entidades.

As actividades sinaladas no punto anterior, pódense levar a cabo na aula tal e como o titor/a considere ou de xeito conxunto con actividades coordinadas polos distintas equipos.

Así mesmo, son susceptibles de realizarse todas aquelas actividades que vaian xurdindo durante o curso e que o profesorado considere oportuno polo seu interese pedagóxico, cultural, etc.

OBXECTIVOS:

- Implicar ós nenos en actividades distintas, novidosas, non regradas.
- Desenvolver as capacidades de imaxinación, observación, reflexión, análise,...
- Espertar actitudes abertas e favorables ao novidoso, ao diferente, ao descoñecido.
- Impulsalos á participación e colaboración nas tarefas propostas pola comunidade escolar.
- Espertar valores como a autoestima, o respecto polos demais e polo que fan os outros.
- Respectar e manter as tradicións.
- Fomentar a responsabilidade por medio do traballo en grupo.
- Espertar no neno a necesidade de facer propostas, de manifestar o que pensan, de sentirse útil e necesario.
- Proporcionar ao neno a satisfacción que produce o saber que as súas ideas son importantes, valoradas e respectadas e sumadas as do profesorado.

SAÍDAS E VIAXES CULTURAIS

En función da idoneidade do momento, verase a posibilidade de realizar saídas.

Responsables	Profesorado participante
Recursos económicos	Os do propio centro coa asignación para gastos de funcionamento e aportacións dos pais dado o seu carácter voluntario
Forma de participación	Serán de carácter voluntario coa indumentaria axeitada.

Faranse as que se consideren oportunas, ou as que xurdan ao longo do curso. Algunhas serán:

- Colaboración e participación nas actividades promovidas polo concello a través das súas entidades culturais (Casa da cultura, Conservatorio, Biblioteca, Museo,...).
- Saídas para o mellor coñecemento da contorna acompañados dos/as titores/as.
- Participación en programas de visitas culturais, cos/as titores/as e mestres/as acompañantes.
- Participación en actividades programadas pola ANPA dentro do horario lectivo.
- Participación nas actividades organizadas polo equipo de Dinamización da Biblioteca.

6.3. Plan do Departamento de Orientación.

O Departamento de Orientación deste centro é compartido cos seguintes centros:

C.E.I.P. MELIDE Nº1

C.E.I.P. DE TOQUES

C.E.I.P. ARCEDIAGO

XENERALIDADES DO PLAN

A orientación enténdese coma un proceso que abrangue a toda a comunidade educativa, que debe garantirse dende as primeiras idades do alumnado permitindo así a prevención e detección temperá das súas dificultades tanto no desenvolvemento persoal ou da aprendizaxe como profesional; tal e como se recolle na Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización dos Departamentos de Orientación en Galicia. Deste xeito o noso plan vai dirixido ao alumnado, aos profesionais do ensino, ás familias e aos servizos externos, sendo necesaria unha certa coordinación non só co departamento do I.E.S. ao que estamos adscrito, senón tamén entre os distintos plans dos colexios de E. Primaria da zona, tal e como se recolle no artigo 13º da Orde de 24 de xullo de 1998, citada anteriormente. En dito artigo faise referencia á coordinación necesaria entre os I.E.S e C.E.I.P.I.s cos departamentos de orientación dos colexios de primaria. Coa actual Lei Educativa LOMLOE, poténciase a necesidade e importancia deste servizo, e parece obvia a necesidade de establecer liñas xerais entre os distintos Plans de Orientación dos centros da zona educativa dependente dun mesmo I.E.S. En consecuencia establecemos unhas liñas xerais de actuación coordinada sen prexuízo de que cada centro estableza as súas prioridades.

Como obxectivos xerais a ter en conta o longo do curso subliñamos:

- Continuar co traballo de normas conductuais e prevención de conflitos.
- Toma de conciencia polo respecto ás culturas e diferenzas persoais facendo fincapé na igualdade entre home e muller ou nas diferenzas por razón de discapacidade.
- Atención ao desenvolvemento das capacidades afectivas.

O referente básico destes obxectivos é o Plan de Convivencia.

CUESTIÓN ORGANIZATIVAS

Demandas de intervención:

Cando sexa necesario facer informe psicopedagóxico a un alumno/a deberán cubrirse os impresos seguintes:

- Autorización asinada polos pais ou titores legais do alumno/a para que o orientador/a lle pase as probas correspondentes. Este impreso de autorización facilitaráselle ao mestre/a titor/a para que lla faga chegar aos pais.
- Impreso de demanda de intervención, que facilitará o Departamento de Orientación e que deberá cumprimentar o mestre/a que solicita a intervención, cos datos que a tal efecto se lle pidan, asinando a petición de demanda.
- Dende o Departamento de Orientación elaborárase un informe xeral ou psicopedagóxico segundo o caso, co establecemento da modalidade de apoio/reforzo educativo e orientacións sobre actividades tipo e estratexias que procuren a mellora das necesidades educativas do alumno ou alumna en cuestión. Se é preciso levarse a cabo a derivación ao servizo de saúde (pediatría) . En todo momento existirá un seguimento e evolución de alumnado.

c) Medidas ordinarias:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación dos programas didácticos ao entorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.



- Adaptación dos tempos e instrumentos aos procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas específicos personalizados.
- Programas de habilidades sociais.

d) Medidas extraordinarias:

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do PT e/ou AL.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Programas de diversificación curricular.
- Programas de atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.
- Grupos de adquisición de linguas.
- Grupo de adaptación da competencia curricular.

No caso dos apoios ás aulas por parte das mestras especialistas de P.T. e A.L. será prioritaria a intervención dende Infantil a 1º curso da EP en orde ascendente cara os cursos superiores.

Os apoios realizaranse preferiblemente dentro das aulas ordinarias. *Serán tamén atendidos de xeito prioritario o alumnado con NEE e seguidamente o alumnado con NEAE que polas súas características precise ser atendido fóra da aula e que contén con Informe Psicopedagóxico e/ou A.C.S.*

En E. infantil, e en xeral, só se intervirá aos alumnos/as en casos moi puntuais, respectando en todo momento as etapas evolutivas propias do alumnado.



De cara ao final de curso, en colaboración coas mestras de PT e AL , levarase a cabo un cadro de necesidades do alumnado que precisara dalgún tipo de apoio de cara ao vindeiro curso.

Flexibilización da duración do período de escolarización

Permanencia dun curso máis.

Segundo se recolle na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado con NEE; o Departamento de Orientación, en colaboración coa dirección e xefatura de estudos, promoverá unha reunión conxunta de todos os mestres/as que imparten docencia co fin de decidir que alumnos/as deberían permanecer un ano máis na etapa. Esta reunión terá lugar a última semana de marzo ou a primeira do mes de abril de cada curso escolar. A orientadora levantará acta que será asinada por todos os presentes. No caso daqueles alumnos/as, nos que se decida levar a cabo unha flexibilización na duración do período escolar, informarase as correspondentes familias, seguíndose os trámites legais, de estar conforme coa decisión adoptada.

O mesmo procedemento se seguirá cos alumnos/as aos que se lles solicite a flexibilización da duración do período escolar nesta etapa de xeito extraordinario.

Priorizacións.

Tarefas que son propias e habituais do Departamento de Orientación e que están reguladas polo Decreto 120/1998 e a Orde de 24 de xullo. Estes son os seguintes:

- Levar a cabo unha coordinación e planificación de actuacións entre os distintos departamentos de orientación e destes co departamento do I.E.S.
- Priorizar as axudas ós alumnos/as con nee/nea empezando por Educación Infantil e os primeiros cursos da E. primaria.

- Potenciar a acción tutorial (onde primará a educación emocional do alumnado) e as reunións e procesos avaliativos.
- Prestar especial atención á concesión de becas e a posta en común co persoal que atende a estes alumnos/as.
- Promover á convivencia nos centros prestando especial interese na resolución de conflitos.
- Potenciar os plans de acollida aos alumnos/as especialmente cando procedan do estranxeiro
- Potenciar a orientación cara o emprego das novas tecnoloxías (E-dixgal)
- Adoptar medidas de atención á prevención das drogodependencias.
- Realizar estatísticas das avaliacións.
- Asesorar ao equipo directivo, especialmente nas medidas de atención a diversidade e acción tutorial.

REFERENCIAS LEXISLATIVAS

DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia.

DECRETO 150/2022, de 8 de setembro, por el que se establece la ordenación y el currículo de la educación infantil en la Comunidad Autónoma de Galicia.

ORDEN de 26 de mayo de 2023 por la que se establece la ordenación y el currículo de la educación primaria y se regula su evaluación.

Orden de 30 de mayo de 2023 por la que se establece la ordenación y el currículo de la educación infantil y se regula su evaluación.

ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidad Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



07/11/1995 .Adaptacións do Currículo. Orde 06/10/1995 derogada pola Orde do 8 de setembro 2021

21/10/1996. Organización Centros EI e EP.Decreto 374 17/10/1996

06/08/1996. Escolarización Alumnos con N.E.E.Decreto 320 26/07/1996

19/12/1996. Av. Psicopedagóxica e Escolarización de alumnado con N.E.E. Orde de 31/10/1996. derogada pola Orde do 8 de setembro 2021

27/04/1998. Orientación Educativa. Decreto 120 do 23 de abril de 1998.

31/07/1998. Organización da Orientación e Orde 24/07/1998.

30/01/2003.Escolarización alumnado con N.E.E.Orde 27/12/2002. derogada pola Orde do 8 de setembro 2021

26/02/2004.Alumnado Procedente do Estranxeiro. Orde 20/02/2004 derogada pola Orde do 8 de setembro 2021

15/07/2011. Lei 4/2011, do 30 de xuño ,de convivencia e participación da comunidade educativa.

21/12/2011. Decreto 229/2011, do 7 de decembro , polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, os que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

26/12/2012 Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato

15/03/2013 Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria



obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

27/01/2015. Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Como profesorado de apoio contamos cunha mestra de P.T. e outra de A.L a tempo completo.

Contamos tamén no centro coa figura de Auxiliar Técnico Educativo (coidadora) a tempo completo no centro.

OBXECTIVOS

A hora de plantexar os obxectivos ímosos referir e concretar tendo en conta que as actuacións poden levarse a cabo co alumnado, familias, profesorado, centro.

Respecto ao alumnado

- Realizar as exploracións, observacións e informes necesarios.
- Propoñer impartir sesións de tutoría na EI e nos distintos cursos da educación primaria coa finalidade de mellorar a convivencia e as normas de conduta, tanto dentro como fóra do centro.
- Fomentar a personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe, especialmente naquel alumnado que máis o precise debido as súas características individuais.
- Dedicar unha atención especial a diversidade, compensando e fomentando a comprensión das desigualdades.
- Potenciar a integración do alumnado no seu grupo-clase e no conxunto da comunidade.
- Atención ás demandas persoais dos alumnos.
- Potenciar o plan de acción tutorial na atención ó alumnado.
- Identificar, avaliar e intervir nas necesidades do alumnado con



NEAE, potenciando ao máximo as súas posibilidades.

- Fomentar no alumnado actitudes cooperativas a levar a cabo tanto dentro como fora del.

Respecto ás familias

- Axudar na difusión entre as familias e a través da ANPA do Plan de Convivencia.
- Implicar ás familias en actividades do propio centro e do proceso educativo dos seus fillos prestando a información e orientación que precisen.
- Establecer contactos periódicos coas familias
- Proporcionar información e asesoramento ás familias dos alumnos con NEE/NEAE.
- Servir de enlace na coordinación do profesorado coas familias, especialmente na E.I. e nos primeiros cursos da EP.

Respecto ao profesorado

- Atender ás demandas de informe.
- Proporcionar información e promover a implicación do profesorado no cumprimento do Plan de Convivencia.
- Asesorar e coordinar as actuacións dos profesores tutores/as e das mestras de apoio daqueles nenos con NEE/ NEAE.
- Asesorar no proceso de avaliación do grupo e na información ás familias.
- Asesorar o profesorado na planificación e optimización do seu traballo.
- Colaborar, asesorar, resolver problemas, etc., que xorden na labor de titoría.
- Proporcionar asesoramento en probas para avaliar a comprensión lectora e intentar melloralas.
- Proporcionar ao profesorado información sobre recursos, medios

materiais e didácticos e estratexias metodolóxicas que favorezan a súa labor docente.

- Fomentar a participación en actividades de Perfeccionamento do Profesorado.
- Facilitar o Plan de Acción Titorial.
- Coordinar ao profesorado do centro: titor/a, especialistas e profesorado de apoio con aqueles profesionais que interveñan cos alumnos/as fóra do colexio.

Respecto ao centro

- Elaborar os horarios do profesorado de apoio establecendo a atención aos alumnos/as nas aulas ordinarias e nas aulas de P.T. e A.L.
- Colaborar na elaboración e revisión dos documentos do centro.
- Cooperar coa Comunidade Educativa favorecendo as canles de comunicación e colaboración.
- Fomentar a comunicación e colaboración entre as familias e o centro como partes integrantes do proceso educativo.
- Colaborar e asesorar ao Equipo Directivo, fundamentalmente.

PLAN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS

Os obxectivos que propoñemos podémolos resumir nos seguintes:

- Levar a cabo a exploración e observación dos alumnos/as para a posterior realización dos correspondentes informes e programa de intervención.
- Realizar unha posta en común cos titores e profesorado de apoio para decidir o plan de intervención con aqueles alumnos que o precisen.
- Proporcionar asesoramento ao alumnado, as familias e o profesorado no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Ofrecer asesoramento e apoio á acción e plan titorial.



- Facilitar unha atención especial ós profesores, familias e alumnado con NEE/ NEAE.

ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

REFERIDAS AO ALUMNADO

- Levar a cabo medidas encamiñadas a avaliación e integración/inclusión do alumnado.
 - Levar a cabo actividades de acollida por parte do profesor/a titor/a en colaboración co Departamento de Orientación. Coñecer as normas de convivencia do Centro, os primeiros contactos cos compañeiros, cos profesores, o coñecemento do espazo no que o alumnado se vai mover, etc. Son actividades que cobran especial relevancia cando se pensa en alumnos/as de nova incorporación ao centro. Tanto para os novos/as alumnos/as como para aqueles que cursaron estudos en anos anteriores, será preciso comentar e recordar unha serie de dereitos e deberes propios da convivencia diaria.
 - Coñecer o Plan de Convivencia.
 - Proporcionar información de actividades extraescolares e complementarias.
 - Establecer un calendario de atención ás familias.
 - Coñecer a posición do alumnado con respecto ó grupo-clase.
 - Coñecer a situación socio familiar do alumno/a.
 - Coñecer a dinámica do grupo.
 - Orientar ao profesorado para a realización de informes sobre o alumnado.
 - Proporcionar información por parte dos profesores tutores: aos nenos, ás familias, e ao resto do profesorado de todas aquelas características que inflúen no proceso de ensino-aprendizaxe, da integración ou mesmo das particularidades persoais dos alumnos/as. Esta información será o máis completa posible ó remate de cada curso.
 - Prestar atención ós alumnos con NEAE
- Tendo en conta as funcións de prevención e tratamento que deben estar presentes nas actuacións con este alumnado, o Departamento de Orientación procurará:
- Colaborar cos tutores, familias e equipos docentes na detección temperá das posibles necesidades do alumnado co obxecto dunha pronta intervención.
 - O Orientador propoñerá a intervención a levar a cabo en cada caso, coordinando as



actuacións dos profesores/as de apoio coa colaboración do Xefe/a de estudos para unha óptima organización da atención deste alumnado.

- Fomentar habilidades de estudio-aprendizaxe. Sobre todo nos últimos cursos, será necesario por parte do profesor titor en colaboración co Departamento de Orientación procurar que adquieran técnicas axeitadas de traballo intelectual.
- Ofrecer orientación académica encamiñada a que o alumnado .
- Axudar ó alumno na toma de decisións.
- Potenciar o auto concepto e autoestima, facendo fincapé no que é capaz de facer e non só no que fai mal.
- Proporcionar información sobre a avaliación:
 1. Como vai ser avaliado.
 2. Afondar na avaliación: continua, formativa, sumativa.
- Practicar actividades de auto avaliación.

REFERIDAS AO PROFESORADO

Figura do titor/a co Departamento de Orientación

1. Colaborar na resolución dos problemas de conduta, tanto a nivel grupal como individual.
2. Detectar e previr condutas anómalas e interferentes co proceso educativo.
3. Cooperar nas actividades de orientación e tutoría.
4. Asesorar na elaboración e no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.
5. Fomentar o traballo en equipo.

Figura do titor/a co resto do profesorado

1. Informar aos profesores/as de todos aqueles aspectos relevantes



relacionados co grupo-clase que poidan incidir na calidade do ensino ou no tratamento/relacións co alumnado.

2. Informar nas xuntas de avaliación de todos aqueles aspectos que se consideren relevantes e de importancia, facendo unha síntese da avaliación formativa en aspectos como:

- a. Logros académicos acadados en referencia a avaliación inicial.
- b. Situación do alumnado con NEE/NEAE
- c. Materiais empregados
- d. Metodoloxía aplicada.
- e. Situación do grupo-clase.
- f. Coordinar as accións titoriais.

Figura do titor/a coas familias

1. Intentar favorecer unha comunicación axeitada e produtiva entre o centro e as familias (comunicación presencial, por teléfono ou vídeo chamada).
2. Facilitar e preparar as entrevistas cos pais ou titores, que terán lugar presencialmente, por teléfono ou vídeo chamada.
3. Facilitar información de todo aquilo que se considere relevante, tanto referente ao proceso de ensino aprendizaxe como a nivel de conduta do neno/a.

RECURSOS

Humanos	Materiais
Pretendemos implicar a todos os membros da comunidade educativa no Plan de Orientación, xa que dun xeito ou doutro forman parte do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.	En canto a recursos materiais cos que conta o Departamento detéctanse unha serie de necesidades como son renovar certas probas, dotar de material a aula de AL e PT, etc.

METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada está encamiñada a favorecer a participación de todos os que estamos implicados no proceso educativo.

Por este motivo cremos na importancia de que as directrices que segue o Plan de Orientación estean presentes nas reunións do: Xefe de estudos, Orientador, Titores, alumnos e Familias. Como son:

- Reunións do titor/a co alumnado e familia
- Reunións de Nivel.
- Reunións interniveis.
- Xuntas de Avaliación.
- Departamento de Orientación.
- Claustro e Consello Escolar.
- Reunións individuais entre os distintos membros da comunidade.
- Reunións con axentes externos (logopedas, psicólogos, UAT, psicopedagogos..)
- Entrevistas e coordinación con outros profesionais que atenden a alumnado con NEE/NEAE.

TEMPORALIZACIÓN

As actuacións a desenvolver trimestralmente son as seguintes:

Primeiro trimestre:

1. Constitución do DO
2. Reunións e posta en común cos orientadores da zona.
3. Deseño dos horario das mestras de apoio (PT e AL)
4. Estudo xeral das necesidades do alumnado.
5. Colaborar na solicitude das becas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo do MEC.
6. Colaboración e coordinación co EOE cando sexa preciso.
7. Elaboración do Plan Anual de orientación.
8. Colaborar no deseño e desenvolvemento das ACS.
9. Levar a cabo sesións de coordinación coas especialistas de PT e AL.
10. Establecer as reunións precisas coas familias e axentes externos.
11. Colaboración, se a demandan, nas xornadas de acollida.
12. Colaboración e asesoramento nas reunións xerais titores/pais.

Preparación e posta en común.

13. Establecemento dun horario para atención ós profesores titores
14. Reunións do DO, cos Centros Adscrito e co I.E.S.
15. Información ós alumnos sobre as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.
16. Recopilación e adquisición materiais para o Departamento.
17. Realización da avaliación Psicopedagóxica e intervención cos alumnos con NEE/NEAE.
18. Sesións de Avaliación : fundamentación legal, proceso e reflexións.

Segundo trimestre:

1. Avaliación do funcionamento da orientación no 1º trimestre.
2. Revisar os resultados da 1º avaliación para establecer medidas de mellora e reorganizar os apoios do alumnado se fose preciso.
3. Reunións do DO, cos Centros Adscrito e co I.E.S.
4. Colaboración e coordinación co EOE cando sexa preciso.
5. Reunións de coordinación cos titores e familias, orientadora do I.E.S e especialistas de AL e PT.



6. Avaliacións psicopedagóxicas e programas de intervención do novo alumnado con necesidades que poida xurdir.
7. Realizar a avaliación continua e seguimento dos alumnos/as con necesidades.
8. Seguimento e avaliación das AC.
9. Sesións de Avaliación : fundamentación legal, proceso e reflexións.
10. Participación no Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos.

Terceiro trimestre:

1. Avaliación do funcionamento do D.O. no 2º trimestre.
2. Revisar os resultados da 2º avaliación para establecer medidas de mellora e reorganizar os apoios do alumnado se fose preciso.
3. Tratamento de temas transversais. Educación para a saúde.
4. Reunións do D.O, cos C. Adscritos e co I.E.S.
5. Reunións de nivel ou ciclo nas que se requira a presenza da orientadora.
6. Realizar, se é o caso, as solicitudes de flexibilización da escolarización para alumnos con NEAE no mes de abril.
7. Posta en común sobre os criterios de promoción e repetición.
8. Exploración do alumnado que xurda con necesidades, facer seguimento dos/as alumnos/as anteriormente avaliados e facer avaliación final do alumnado que recibiu apoio educativo, así como revisar as medidas de apoio para o vindeiro curso.
9. Seguimento na atención aos alumnos con NEAE.
10. Realización dunha exploración do alumnado que remata a EI e pasa a EP para rastrear se existen posibles dificultades e necesidades.
11. Asesoramento ós alumnos/as que van para E.S.O.
12. Reunión trimestral coa orientadora do instituto e semanal coas especialistas de AL e PT así como coordinación cos titores.
13. Información sobre estruturación da E.S.O., posibilidades e materias optativas.
14. Avaliación das medidas adoptadas para a atención á diversidade.

15. Avaliación da atención prestada ós profesores, especialmente ó titor.
16. Avaliación do servizo prestado ós pais.
17. Avaliación do servizo prestado ós alumnos.
18. Avaliación do apoio prestado ó proceso de ensino-aprendizaxe.
19. Elaboración de informes do alumnado obxecto de intervención e valoración por parte do D.O principalmente aqueles que inician unha nova etapa educativa, a secundaria.
20. Incluír nos expedientes dos alumnos/as datos relevantes do seu desenvolvemento e proceso ensino- aprendizaxe.
21. Realizar o DRDorienta, DRDadi e DRDespe.
22. Redacción da memoria do Plan de Orientación.
23. Facer propostas de mellora.

OBSERVACIÓNS: Hai actividades que pola súa natureza repítense ao longo do curso e en todas e cada unha das avaliacións, este é o caso das reunións, a atención ao profesorado, atención aos pais dos alumnos, atención ao propio alumno, cando así se requira, etc. pero hai outras actividades que están supeditadas ao tempo do que se dispoña.

AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación do plan farase ao longo do curso, facendo unha reflexión maior ao final de cada trimestre coincidindo coas avaliacións. Intentaremos que a dinámica e funcionalidade presidan o Plan de Orientación sendo a flexibilidade unha característica que queremos incluír para que nos permita a rectificación, ampliación ou supresión dalgunhas liñas de actuación que non nos proporcionen os froitos esperados.

Ao final do curso farase unha avaliación sumativa, tratando de recoller datos e opinións de todos os profesionais do ensino implicados no proceso ou que dalgunha maneira inflúen nel. As reflexións ao final de cada trimestre así como a avaliación que se faga ao final do curso, serán o punto de partida

para deseñar novas estratexias e variar os procesos de intervención que se consideren oportunos.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

Zona de Melide

XENERALIDADES DO PLAN.

A zona educativa de Melide está composta por tres Centros de Educación Infantil e Primaria: CEIP Melide Nº 1, CEIP Martagona e CEIP Mestre Pastor Barral, que están adscritos ao IES de Melide. Ademais hai, nos concellos limítrofes, dous centros educativos adscritos aos DO dos centros de Melide: CEIP de Toques e CEIP de Arcediago.

O presente documento é un instrumento para a planificación, desenvolvemento e avaliación da Acción Titorial no ámbito da zona educativa de Melide. Persegue servir de referente para os respectivos Plans de Acción Titorial, interrelacionado á súa vez cos demais Plans e co fin de conseguir obxectivos comúns, como os seguintes:

- Coordinar as liñas xerais de asesoramento do alumnado, familias e profesorado.
- Unificar criterios dos Departamentos de Orientación sobre as avaliacións psicopedagóxicas, flexibilizacións da escolarización, modalidades de escolarización e ditames de escolarización, así como sobre a escolarización nunha aula específica.
- Coordinarse entre os centros e co IES ao que estamos adscritos para os tránsitos de etapa.
- Contribuír a dinamizar actividades entre as distintas comunidades educativas.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial pódese definir como o conxunto de accións educativas que se deseñan e realizan nun centro educativo para favorecer no alumnado a aprendizaxe, a integración dos coñecementos e experiencias, a socialización, a toma de decisións e o desenvolvemento da súa personalidade. Por esta razón débese considerar que a acción titorial está intimamente relacionada co desenvolvemento da función docente.



A titoría non é unha acción educativa illada dentro do marco do proceso de ensino-aprendizaxe, senón que é unha acción colectiva e coordinada que implica a todo o profesorado e, especialmente, ós titores/as.

Todo “Plan de Acción Titorial” (P.A.T.) debe ir precedido dunha reflexión na que se teña en conta o contexto real do Centro e da Comunidade Educativa. Si ben toda a Comunidade Educativa debe estar implicada na acción titorial, hai diferentes niveis de responsabilidade no seu desenvolvemento.

O PAT tratará de potenciar os contidos de tipo actitudinal, é dicir, referidos aos valores, ás actitudes e ás normas. De todos os xeitos non podemos esquecernos dos contidos de tipo conceptual e procedimental.

A finalidade última deste P.AT. é seguir un desenvolvemento integral e harmónico dos nenos e nenas que lles permita dar resposta ás necesidades e situacións de carácter persoal, educativo e profesional que se van atopando ao longo da súa vida. É dicir, colaborar na consecución das Competencias Clave¹.

FUNCIÓNS DA ACCIÓN TITORIAL

- Desenvolver e potenciar as capacidades básicas do alumnado
- Ofrecerlles ao alumnado orientación co fin de facilitarlle o seu crecemento persoal e unha personalidade madura.
- Promover a dinamización do grupo-clase.
- Contribuír á elaboración, posta en práctica e revisión dun Plan de Acción Titorial (PAT) contextualizado en cada centro, que promova a coordinación de todos os hábitos e axentes educativos que incidan no alumnado.

AXENTES IMPLICADOS

Os axentes implicados na acción titorial son o equipo directivo, a xefatura de estudos, o departamento de orientación, os titores /as, o equipo de docentes que imparte en cada curso, os/as alumnos/as e as familias. Aínda que cada sector terá un nivel de responsabilidade

¹Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

diferente.

- Equipo Directivo facilitará as condicións para que o PAT “se realice conforme os criterios establecidos polo claustro”².
- A Xefatura de Estudos “coordinará e orientará a acción dos titores de acordo co plan de acción tutorial”³.
- O Departamento de Orientación “elaborará, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica as propostas de Plan de Acción Tutorial dos centros, así como coordinar ao profesorado e ofrecerlle o soporte técnico para o desenvolvemento deste plan”⁴.
- O Titor/a é un profesor/a que actuará como mediador entre o alumnado, o profesorado e as familias, que titoriza os procesos educativos dun grupo – clase e que coordina a dinámica educativa e orientadora dos seus alumnos e alumnas a través do PAT. Á súa vez, coordinará a acción tutorial co profesorado que imparte no grupo do que é titor/a.

A acción tutorial iniciarase desde o momento en que o alumno/a se incorpore ao centro educativo, desenvolverase ao longo da súa estancia no mesmo e, con probabilidade, os seus efectos serán duradeiros ao longo da súa vida.

CONSIDERACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTEO DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

As liñas da acción tutorial que marcarán os obxectivos e actividades do PAT, e que serán axeitadas a cada nivel educativo son os seguintes:

- Ensinar a ser persoa: Que se fai para axudar ao alumnado na construción da súa identidade persoal?
- Ensinar a convivir: Que se vai facer para axudar a desenvolver no alumnado as capacidades e as habilidades sociais para unha convivencia axeitada?
- Ensinar a pensar: Que se vai facer para mellorar a capacidade de aprender e pensar no alumnado?
- Ensinar a comportarse: Que se vai facer para mellorar a capacidade de adaptación

²Decreto 374/1996: Artigo 62º.

³Decreto 374/1996: Artigo 34º.

⁴Decreto 120/1998: Artigo 6º.



persoal (familiar, escolar e social) do alumnado?

– Ensinar a decidirse: Que se vai facer cara a axudar a mellorar a capacidade para aprender a tomar decisións.

As dimensións da acción titorial tratarán de potenciar o desenvolvemento do alumnado como persoa e son as relacionadas con:

– Desenvolvemento Afectivo –Emocional: O seu obxectivo é a mellora e a optimización da adaptación persoal: autoestima, auto concepto, rebaixa da ansiedade, asertividade, identidade sexual, habilidades de interacción social,...

– O Desenvolvemento Cognitivo-Intelectual: O seu obxectivo é o de lograr o maior desenvolvemento das capacidades de cada alumno/a co fin de conseguir o máximo rendemento escolar.

Para conseguilo deberase potenciar a aprendizaxe de estratexias, a mellora da comprensión, a resolución de problemas,...

– Desenvolvemento Social: O seu obxectivo básico é a redución ou eliminación de comportamentos non axeitados que significan unha inadaptación do alumno/a que os presenta, de cara a substituílos por un conxunto de “hábitos adquiridos” que lle permitan a súa integración social.

Ademais, as liñas xerais neste documento marcadas, axústanse á seguinte normativa:

– Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e Orde do 22 de xullo de 1997 que o desenvolve.

– Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, 3 maio, de educación.

– Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

– Orde do 26 de maio de 2023 pola que se regula a avaliación na educación primaria .

– Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo da educación infantil n CCAA de Galicia.

– Orde do 30 de maio de 2023 que regula a avaliación en infantil

– Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e



profesional na CCAA de Galicia e Orde do 24 de xullo de 1998.

- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización do alumnado con nee. derogada pola Orde do 8 de setembro 2021
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica para o alumnado procedente do estranxeiro, derogada pola Orde do 8 de setembro 2021.
- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, F.P: e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa na CCAA de Galicia.

Do centro

Consecuentemente, o plan de acción titorial (PAT) ten como principal obxectivo organizar e coordinar as intervencións dos profesores, e principalmente dos profesores titores, con respecto ao alumnado, profesorado, familias e equipo directivo para conseguir a máxima eficacia na atención ós/ás alumnos/as no seu desenvolvemento persoal, académico e social, contribuíndo así a obter un óptimo rendemento das súas capacidades.

O PAT ten especial relevancia naqueles nenos/as que presentan NEAE xa que é neste alumnado onde a coordinación e posta en común do profesorado, familias e institucións cobra especial importancia.

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar as relacións entre as familias e o centro, intercambiando información, para un mellor coñecemento dos ambientes de desenrolo do alumno: a súa familia e a súa escola.
- Atención especial para os alumnos/as que inician a escolaridade, ou daqueles que proceden doutros centros, favorecendo o proceso de incorporación e adaptación .
- Coordinar ao Equipo Docente.
- Facer un seguimento grupal e individual para coñecer as características e dinámica do



grupo así como dos individuos que o integran.

- Ter un coñecemento o máis amplo e exacto posible das capacidades, actitudes, intereses... dos alumnos/as.
- Ser canalizador das necesidades do grupo ou dos alumnos/as individualmente actuando de mediador naqueles problemas que se puideran presentar no proceso de ensinanza-aprendizaxe (traballos, controis, comportamentos, etc.).
- Realizar o seguimento individual do proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos/as.
- Completar e actualiza-la documentación de cada alumno/a , segundo a normativa vixente.
- Informar ás familias do proceso escolar dos seus fillos/as, facendo de forma escrita cada trimestre.
- Potenciar o proceso de integración social dos alumnos/as promovendo a solidariedade, cooperación, convivencia, amizade...

PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO DE ED. INFANTIL

- Exame da documentación aportada pola familia. Cumprimentación de datos.
- Distribución en grupos.
- Reunión cos pais/nais dos alumnos: normas xerais e modos de colaboración.
- Organización da entrada na escola.
- Incorporación dos nenos/as á escola con flexibilidade horaria.
- Integración dos/as alumnos/as no centro: Coñecemento da súa aula e outras dependencias da escola.
- Proceso de integración social: Coñecemento dos/as alumnos/as entre eles, símbolos identificativos... Participación en xogos.
- Iniciación nos hábitos de compartir.

PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO QUE SE INCORPOREN AO LONGO DA SÚA ESCOLARIDADE

- Revisión da documentación e cumprimentación de datos.
- Entrevista do profesor titor cos pais do alumno/a.
- Coñecemento do Centro: aulas e outras dependencias.
- Primeira toma de contacto co grupo clase: presentación dos alumnos.
- Explicación sobre o funcionamento do centro e as normas polas que se rexe. Plan de



Convivencia

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL EN EDUCACIÓN INFANTIL

O Plan de acollida a levar a cabo para o alumnado de 4º de EI e para os de nova incorporación de 5º e de 6º de EI é o seguinte:

REALIZAR UNHA REUNIÓN COS PAIS E NAIS PARA ESTABLECER:

- Canles de comunicación e información.
- Horario ordinario de atención ós pais.
- Normas organizativas do centro e da aula: lugar de esperar ós nenos, horas de recollida...
- Solicitud de colaboración e información acerca da: Hixiene, alimentación, autonomía persoal, información sobre a saúde do neno se houbera algún cambio, etc.
- Reunións individuais cos pais/nais (priorizarase a comunicación por teléfono ou vídeo chamada) na hora destinada semanalmente a tal efecto, coa finalidade de recoller información específica do comportamento xeral do neno/a na casa e proporcionar aos pais asesoramento e orientación sobre o proceso de aprendizaxe, desenvolvemento do neno/a, actividades a realizar, etc.
- Cumprimento da normativa vixente:
 - Asistencia a reunións de equipo docente.
 - Avaliación continua dos alumnos/as.
 - Cumprimentar o boletín trimestral de información ás familias.
 - Cubrir os documentos propios do expediente do alumno/a.
 - Participación, dentro do posible, nas actividades complementarias do Centro.
 - Promover a comunicación e o intercambio de información entre o centro e as familias, priorizando a comunicación por teléfono ou vídeo chamada.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- Aplicar o determinado no Plan de Acollida para o alumnado de nova incorporación.
- Revisión de expedientes e informes cumprimentados polos/as profesores/as do curso anterior.
- Reunión cos pais e nais dos alumnos/as para informarlles das normas do Centro: Avaliacións, Actividades, Obxectivos...



- Establecemento de reunións de tutoría individuais, dando a opción de comunicación por teléfono ou vídeo chamada (Luns de 17:15 h a 18:15 h)
 - Avaliación Inicial nas áreas das Linguas e Matemáticas.
 - Coordinación e reunión mensual co profesorado que imparte cada nivel co fin de poñer en común as actividades do curso, revisar a consecución dos obxectivos, analizar dificultades encontradas, etc.
 - Intentar dar solución aos problemas plantexados polos alumnos/as sen que teña que intervir o equipo directivo.
 - Preparación e/ou participación na elaboración dos R.E. e A.C.S.
 - Reunión trimestral para preparar a avaliación correspondente e a información aos pais.
 - Coordinación do equipo de profesores que imparten no grupo.
 - Cumprir cos cometidos establecidos na lexislación vixente:
 - o Asistencia e participación nas reunións.
 - o Información trimestral, e por escrito, ós pais/nais do proceso de ensino- aprendizaxe do seu fillo/a.
 - o Cumprimentación da documentación correspondente.
 - Participación e colaboración, dentro do posible, nas actividades comúns do Centro.
 - Servir como canle de comunicación e información entre o centro e as familias.
 - Iniciación ás Técnicas de Estudo.
 - Traballar a Educación Emocional do alumnado.
 - Información sobre o sistema educativo na E.S.O.
 - Organización de xornadas informativas entre o I.E.S. e o colexio
 - Organización, no último mes do curso, dalgunha actividade co alumnado de 6º de Educación Primaria, como pre-acollida ao IES.
 - Información para a toma de conciencia dos pais/nais dos alumnos da importancia do remate da escolaridade no centro e o cambio que teñen que afrontar os nenos/as.
 - Coordinar e facilitar a participación de colectivos, asociacións e profesionais na posta en marcha de programas, informacións de interese para estes alumnos, charlas, innovacións, etc.
- Compre puntualizar que os obxectivos preséntanse de xeito xeral para toda a etapa de primaria, xa que estes repítense ao longo dos cursos, aínda que se van engadindo e facendo

fincapé noutros que se estiman necesarios a medida que avanzamos nos distintos niveis, tendo en conta : a idade, intereses, formación e motivacións dos nenos/as.

Do mesmo xeito de cara a 6º de primaria, e dadas as circunstancias especiais desta etapa que pon fin á escolarización no centro para pasar a Secundaria, o que supón un cambio considerable, é importante que teñamos en conta dito aspecto a hora de elaborar o PAT.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PAD)

Zona de Melide

A realidade escolar do noso país obriga aos centros a prestar unha especial atención á diversidade co fin de planificar medidas educativas que faciliten unha resposta adaptada ás necesidades educativas específicas que presentan os alumnos escolarizados e, en especial, aqueles con necesidades educativas especiais permanentes ou transitorias. O obxectivo fundamental é proporcionar aos alumnos, a resposta educativa máis adecuada ás súas necesidades.

Cando falamos de atención á diversidade, non nos referimos unicamente aos ACNEAE, se non á diversidade de características que presentan todos/as o alumnos/as.

Non é necesaria unha reflexión profunda para entender que cada un/a dos nosos/as alumnos/as é diferente. A análise dos expedientes, as primeiras relacións persoais, as primeiras observacións en clase, e a propia avaliación inicial, confirmanolo.

As diferenzas poden darse en distintas dimensións da personalidade: Competencia cognitiva, Equipamento sensorial e físico, Competencia escolar e de estratexias de aprendizaxe,...

OBXECTIVOS

- a) Establecer criterios comúns para a atención á diversidade.
- b) Promover unha atención máis axustada ás posibilidades de cada alumno.
- c) Dar resposta ás necesidades do conxunto do alumnado da zona e dos Centros en particular.
- d) Superar unha forma de actuar baseada en que é o alumno o que ten o problema para



substituílo por un modelo educativo que se centra nas axudas que os alumnos van necesitar para progresar na súa aprendizaxe.

- e) Adquirir, por parte de todos, unha actitude de respecto pola diversidade de opinións, motivacións, intereses...
- f) Favorecer a cooperación entre os distintos centros, o profesorado e as familias, fomentando a implicación destas no proceso educativo dos seus fillos.
- g) Que os/as alumnos/as adquiran hábitos de estudo e esforzo como base para o seu progreso intelectual e persoal.

CRITERIOS DE ATENCIÓN

- A aula onde o/a alumno/a está escolarizado será o referente para deseñar as medidas de resposta diversificada, sendo necesario contemplar na programación de aula as necesidades de todos os alumnos do grupo.
- A detección dos alumnos susceptibles de medidas diversificadas realizarase por parte do titor, adaptando a resposta educativa a través das medidas ordinarias.
- Cando as necesidades que presenta o/a alumno/a implican a adopción de medidas extraordinarias, derivarase para realizar unha avaliación psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación e, posteriormente, planificarase unha resposta educativa adaptada ás necesidades que se concreten no informe de avaliación.
- Os reforzos educativos individualizados realizaranse fóra da aula ordinaria cando se cumpran os seguintes criterios:
 - o Necesidades educativas do/a alumno/a moi diferenciadas ás que presentan os seus compañeiros do grupo.
 - o Realización de actividades que polos recursos e metodoloxía que se van a empregar distorsionarían a marcha xeral da súa aula.

No inicio de curso, ao realizar a programación dos apoios fora da aula, priorizarase que ditos apoios se leven a cabo en períodos que non coincidan coas áreas nas que a participación do/a alumno/a co seu grupo se considere necesaria para a súa integración social e/ou progreso curricular.

PRIORIZACIÓN

O noso fin é perseguir un carácter preventivo en todas as nosas actuacións, polo que



priorizaremos a nosa intervención en Educación Infantil e nos primeiros cursos (1º e 2º) da educación primaria debido á importancia de consolidar a lecto-escritura e os aprendizaxes básicos necesarios para a consecución de posteriores aprendizaxes.. A oferta de apoio continuará en 3º e así sucesivamente ata chegar ao 6º curso.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

A promoción supón un conxunto de decisións, adoptadas a partires do proceso de avaliación, que permiten ao alumnado o paso dun curso a outro.

Estas decisións adoptaranse no marco duns criterios que veñen derivados á súa vez do proceso de avaliación e tendo en conta a normativa vixente, na que se sinala que:

- A decisión debe adoptarse de forma colexiada, por todos os mestres/as que impartan docencia ó/á alumno/a, primando o criterio da persoa titora e realizarse na sesión final de avaliación.
- Debe partir dun proceso de avaliación ó remate de cada nivel.
- Só se pode repetir un ano máis na Etapa de Educación Primaria, e en casos excepcionais de NEAE (necesidades específicas de apoio educativo).
- Sempre que un alumno permaneza un ano máis nun determinado curso a medida irá acompañada dun programa específico de reforzo.
- Ademais de ter en conta o anterior, cando se está cuestionando a promoción ou non dun determinado/a alumno/a, deben terse en conta os seguintes criterios:
 - o Non suspender 3 ou máis materias, ou dúas no caso de ser materias instrumentais.
 - o Ver se o desfase nas aprendizaxes impide ou resulta un obstáculo para realizar con aproveitamento as aprendizaxes dos seguintes cursos.
 - o Valorar se coa repetición sacará rendemento na adquisición das aprendizaxes.
 - o Primar que repita nos cursos o máis baixos posibles.
 - o Valorar se a separación do grupo resulta positiva, negativa ou indiferente.
 - o Ver o número de alumnado do grupo seguinte, contando cos/as alumnos/as que non promocionan.
 - o Ver o número de alumnado do grupo seguinte que presenta necesidades específicas de apoio educativo, que deban recibir RE, que teñan unha ACS ou que sexan repetidores.
 - o Valorar o desenvolvemento físico, social e de personalidade do/a alumno/a.

CRITERIOS DE ATENCIÓN

- Comunicación: promovendo a empatía, acordos e a asunción de compromisos.
- Autonomía: dotando ao alumnado do protagonismo no seu proceso de ensino, partindo das súas necesidades, capacidades, intereses,...
- Personalización: axustando a resposta educativa ás condicións do alumnado para promover o máximo crecemento e desenvolvemento persoal.
- Intervención global: contemplando ao suxeito non de forma illada senón no marco dun contexto social máis amplo.
- Actividade: mediante actuacións que promovan a implicación do alumnado, profesorado e familias para responder ás súas necesidades, intereses...

MEDIDAS DE RESPOSTA EDUCATIVA

As necesidades educativas que poden presentar os/as alumnos/as ao longo da súa escolaridade atópanse dentro dun continuo, que van desde as que se manifestan como diferenzas leves respecto do seu grupo clase, a aquelas outras, que ben por características persoais, por historia escolar ou social, supón diferenzas significativas.

Esta formulación lévanos a entender que o feito de dar unha resposta educativa axustada aos nosos/as alumnos/as, tamén adopta a forma dun continuo. Este continuo ten como referente o currículo ordinario do centro e partindo del, levarán a cabo axustes e adaptacións que permitirán atender adecuadamente a todos os nosos alumnos /as.

A) APLICAR O CRITERIO PREVENTIVO:

A aplicación do criterio preventivo na nosa zona implica a todos os centros, ao profesorado, aos titores, aos departamento de orientación e ás direccións. Entre todos e todas, debemos de analizar a situación, propor estratexias que leven á detección temperá das dificultades e acordar as medidas de resposta educativa. Para realizar, na práctica, o criterio preventivo e acordar a tempo as decisións oportunas, haberá que tomar en serio, como punto de partida, a avaliación, que determinará a situación real do alumnado.

Esta avaliación poderase facer mediante os seguintes instrumentos:



- Avaliación inicial: check-list ou escala de aprendizaxes por ciclos.
- Análise dos traballos e tarefas escolares.
- Observación directa da aprendizaxe.
- Realización de probas psicopedagóxicas correspondentes aos diferentes cursos.
- Entrevistas co alumno/a, a familia e outros/as profesores/as.

Se a avaliación determina que algún alumno ou alumna necesita axuda especial, empregaremos, primeiramente, o reforzo educativo.

B) REFORZO EDUCATIVO:

Algunhas destas medidas: cambios metodolóxicos, actividades alternativas, agrupamentos flexibles ...

O reforzo de áreas ou materias instrumentais básicas teñen como fin asegurar as aprendizaxes básicas das linguas e matemáticas que permitan ao alumnado seguir con aproveitamento os ensinos de educación primaria. Son programas de actividades motivadoras que buscan alternativas ao programa curricular das materias instrumentais. Devanditas actividades deben responder aos intereses do alumnado e á conexión coa súa contorna social e cultural. Entre estas, considéranse actividades que favorezan a expresión e comunicación oral e escrita, así como o dominio da competencia matemática, a través da resolución de problemas cotiáns.

Están dirixidos ao alumnado que se atope nalgunha das situacións seguintes:

- a) O alumnado que non promociona de curso.
- b) O alumnado que aínda promocionando de curso, non superou algunha das áreas ou materias instrumentais do curso anterior.
- c) Aquel en que se detecten, na avaliación inicial ou calquera momento do ciclo ou do curso, dificultades nas áreas ou materias instrumentais

Se continúan as dificultades para un alumno/a ou para un grupo de alumnos/as, realizarase unha avaliación psicopedagóxica.

A avaliación psicopedagóxica recollerá a máxima información relevante sobre o alumno/a, a súa contorna socio-familiar e o contexto escolar, que posibilite tomar as decisións oportunas



de modificación dos elementos curriculares.

C) ADAPTACIÓN CURRICULAR.

A adaptación curricular é unha medida extraordinaria de atención á diversidade que modifica os elementos do currículo, a fin de dar resposta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os programas de adaptación curricular están dirixidos ao alumnado de educación primaria con dificultades graves de aprendizaxe.

A escolarización do alumnado que segue programas de adaptación curricular rexeráse polos principios de normalización, inclusión escolar e social, flexibilización e personalización do ensino.

No caso do alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo a escolarización realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.

Cando presenten graves carencias nas dúas linguas oficiais, recibirán unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirán o maior tempo posible do horario semanal. Quen presente un desfase no seu nivel de competencia curricular en educación primaria, non poderán ser escolarizados en cursos inferiores ao que lles correspondería por idade, nos termos recollidos na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.

COLABORACIÓN CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS E COA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA

Os D.O. dos Centros de Educación Infantil e Primaria: CEIP Melide Nº 1, CEIP Martagona e CEIP Mestre Pastor Barral, que están adscritos ao IES de Melide e os dous centros educativos adscritos ao DO do colexio Nº1 de Melide: CEIP de Toques e CEIP de Arcediago, faremos uso común de materiais que podamos intercambiar en función das necesidades presentes nos nosos centros.

Así, da mesma maneira reclamaremos por parte da Administración Educativa, a dotación adecuada, tanto a nivel de recursos persoais como de recursos materiais, para atender a todas as necesidades presentes.



Tenderemos a priorizar a formación do profesorado en xeral en temas relacionados coa atención á diversidade.

6.4. Plan Anual de Lectura: Proxecto Lector

XUSTIFICACIÓN

O plan anual de lectura está enmarcado no proxecto lector elaborado para dar cumprimento aos obxectivos fixados pola LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro) e nas Ordes que desenvolven o currículo de Educación Infantil e Primaria; así como nas instrucións ditadas pola Resolución do 20 de setembro de 2023 para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares.

OBXECTIVOS

- Converter a lectura nunha estratexia metodolóxica para a mellora da aprendizaxe e a formación de lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar fóra do mesmo.
- Fomentar a lectura para formar lectores competentes, críticos, creativos, tolerantes e con conciencia crítica.
- Lograr que o alumnado descubra a lectura como un elemento de desfrute persoal.
- Concienciar aos pais da importancia da lectura comprensiva.
- Colaborar coas diferentes institucións que posibiliten o fomento da lectura (Xunta, Concello, outras Bibliotecas,...)
- Utilizar as TIC como instrumento de traballo e aprendizaxe: promover o uso de internet como recurso de lectura e busca de información.
- Promover actividades lúdicas (contacontos, obras de teatro,...) que fomenten a participación da Comunidade Educativa.
- Compensar desigualdades socioeconómicas grazas á política de préstamo da biblioteca de centro.



RUTINAS DE LECTURA E ACTIVIDADES SISTEMÁTICA

As actividades serán realizadas polas/os titoras ou outras mestras/es indicados nos horarios do centro, en colaboración co equipo de biblioteca.

Hora de ler

Todo o alumnado adicará 20 minutos diarios á lectura despois de subir do recreo dentro da súa clase (hora de ler establecida no horario).

En Educación Infantil nese tempo pódense facer actividades de: lectura de contos por parte do mestre, dramatización, inventar contos, traer un conto da casa e que o conte o propio neno, inventar adiviñas, representar un conto con marionetas, ler imaxes, ordenar imaxes dun conto coñecido, etc.

En Educación Primaria, ademais da lectura individual e silenciosa de textos pódense facer actividades tipo: lectura colectiva en voz alta (profesor/a-alumnos/as; alumnos/as-alumnos/as), contar o lido resumido de xeito oral, etc. É importante incidir na comprensión lectora, dándolles pautas ao alumnado: facer preguntas orais directas, inferenciais ou reflexivas, ir parágrafo a parágrafo descubriendo a información contida, resumir o texto tanto oralmente como por escrito, facer esquemas, definir as palabras que non se comprenden...

Outra actividade desenvolta neste tempo é **"Pequenos lectores"** na que o alumnado de Primaria participará de xeito voluntario como lectores para ó alumnado de Infantil e outras clases de EP.

"Bolsas viaxeiras"

O equipo de Ed. Infantil valorará se semanalmente ofrecerán ao alumnado unha bolsa viaxeira cun libro dentro para compartilo no ámbito familiar.

Tamén para Primaria verase de achegar ás aulas dende a biblioteca algunhas mochilas temáticas; e tentarase acceder ás que se ofertan dende a Asesoría de bibliotecas escolares.



Hora semanal de biblioteca e apertura durante os recreos.

Cada aula poderá dispoñer dunha ou dúas sesións semanais para desenvolver a actividade que o titor/a lle encomende: ler un libro de xeito individual ou colectivo, buscar información nos ordenadores, realización de traballos, servizo de préstamo etc. O uso da biblioteca na "Hora de ler" quedará reservada para actividades dinamizadoras grupais organizadas polo Equipo de biblioteca.

Todo o alumnado de primaria que o desexe poderá facer uso da biblioteca durante o recreo. Establécese un aforo máximo de 20 alumnos/as.

Visitas á biblioteca municipal.

Visitarase a biblioteca situada a uns poucos metros para asistir a actividades desenvolvidas polos seus titores ou o persoal da propia biblioteca.

6.5. Plan de traballo do Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar: O

PLAMBE

OBXECTIVOS:

- Converter a biblioteca nun centro de aprendizaxe, mais aló da lectura silenciosa, onde o alumnado poida crear, deseñar, experimentar e pensar de maneira colaborativa a través de diferentes recunchos, en definitiva aprender facendo.
- Introducir a robótica paulatinamente a través do traballo con escornabots e empregando os recursos do espazo maker e polos creativos, se o centro recibe dotación relacionada co PFCP que se está a solicitar para este curso.
- Formar usuarios autónomos, a través de actividades, no manexo dos recursos que ofrece a biblioteca (buscar, organizar e utilizar a información).
- Continuar formando parte activa no proxecto lector de centro, modificando este ou o plan de lectura anual si é preciso, e nos documentos

de centro.

- Colaboración nos posibles plans proxecta e outros nos que participe o centro.
- Seguir co blogue de biblioteca e mantelo actualizado e accesible a toda a comunidade educativa para crear un vínculo directo coas familias.
- Formar alumnado colaborador voluntario de 5º e 6º de primaria.
- Continuar coa migración do programa Meiga ao novo programada de xestión de bibliotecas KOHA; así como catalogación e redistribución dos fondos, novos e xa existentes segundo o novo programa.
- Actualizar os fondos da biblioteca con distintos materiais solicitados polos membros da comunidade educativa (caixa de correo de suxestións) e os propostos polo equipo.
- Organizar as conmemoracións do “Día da biblioteca”, “Día de Rosalía”, “Semana da prensa” e “Día do libro” sendo centro das mesmas; e outras veces colaborando cos distintos equipos (ENDL, Orientación, EACE, etc.).
- Participar en actividades relacionadas coa biblioteca do concello.
- Apertura da biblioteca ás diferentes aulas para desenvolvemento de diversas actividades formativas e de lectura.
- Promover a colaboración das familias en actividades relacionadas coa biblioteca poñendo a disposición das mesmas os recursos cos que conta.
- Traballar para que o equipo de biblioteca se converta no motor de arranque dos PDI que se poidan realizar no centro.

ORGANIZACIÓN

Para a organización deste espazo realizarase unha reunión mensual, como mínimo, o primeiro luns de cada mes en horario de tarde. Posteriormente, informarase aos demais mestres a través dos Equipos de ciclo e CCP.

Ao principio de curso, tentarase buscar formación para o profesorado que forma o Equipo de Biblioteca relacionada coa catalogación e organización derivada da mesma.

Formarase tamén o grupo de colaboradores, previa inscrición dos mesmos, que prestarán a súa axuda na organización da biblioteca .

Tamén, ó comezo do curso, realizaranse sesións informativas para o alumnado e profesorado por grupos. Presentarase a biblioteca, a súa distribución, normas e funcionamento nunha sesión, a través dunha actividade motivadora. Para o alumnado de tres anos realizarase unha sesión de acollida, onde se lles presentará a nosa mascota que será a encargada de contarlles un conto.

No fomento e animación lectora participarán todos os compoñentes do Equipo de Biblioteca e os restantes membros do claustro.

ACTIVIDADES

Xestión técnica e organización dos recursos da biblioteca

1º trimestre

- Modificar e elaborar os documentos organizativos de centro.
- Organizar o horario de atención ao alumnado (alumnado voluntario de 5º e 6º EP e profesorado)
- Distribuír o traballo entre os membros da biblioteca.
- Buscar e realizar formación de catalogación dos membros do Equipo de biblioteca.
- Proceso de migración do programa Meiga a KOHA.
- Corrección de datos de catalogación e rexistro.
- Pegado de códigos de barras cos novos rexistros de KOHA.
- Distribuír de novo os espazos da biblioteca para ofrecer máis posibilidades de aprendizaxe ao alumnado.

2º trimestre

- Continuar co pegado de códigos de barras co rexistro de KOHA
- Continuar coa catalogación de novos fondo xa no programa KOHA.
- Crear un lugar lúdico na antesala da biblioteca.
- Adquisición de fondos unha vez revisada as peticións da caixa de correo e as peticións dos membros do claustro.
- Distribuír de novo os espazos da biblioteca para ofrecer máis posibilidades de aprendizaxe ao alumnado mercado mobiliario atractivo e que converta a biblioteca nun espazo acolledor.
- Crear un recuncho maker.
- Ofrecer outras alternativas para a posterior lectura do libro: murais, vídeos, podcast...

3º trimestre

- Continuar coa catalogación dos fondos no programa KOHA.
- Proposta de temas para traballar o vindeiro curso.
- Avaliación do curso e previsións para o vindeiro.

Fomento da lectura

1º trimestre

- Día das escritoras
- Día da biblioteca
- Mesas expositoras con lecturas relacionadas coas conmemoracións.
- Mochilas viaxeiras
- Nadal, recomendacións lectoras.



2º trimestre

- Día da muller e a nena na ciencia.
- Día de Rosalía de Castro.
- Mesas expositoras con lecturas relacionadas coas conmemoracións.
- Mochilas viaxeiras.

3º trimestre

- Semana da prensa.
- Día do Libro (23 de abril).
- Letras Galegas.
- Mesas expositoras con lecturas relacionadas coas conmemoracións.
- Que recomenda o Come contos: elaboración dun tríptico con lecturas para o verán, incluíranse no blogue de biblioteca.

Apoio ao desenvolvemento do proxecto lector de centro

1º trimestre

- Elaborar o plan anual de lectura de centro, organización do alumnado para dramatizacións, contacontos, apadriñamentos lectores, **organización da biblioteca en diferentes espazos, mochilas viaxeiras ...**

2º e 3º trimestre

- **Promover a actividade "Biblioteca como centro de aprendizaxe":** como lugar onde obter fondos para a nosa hora de ler diaria, información relacionada con calquera área ou proxecto, actividades e xogos de creación, lóxica e deseño.
- Adquirir fondos que sexan do interese do alumnado. Iniciar un



proceso de avaliación e de propostas de mellora comezando polas suxestións do alumnado.

Apoio ao estudo ou outras actividades desde a biblioteca para a
compensación de desigualdades sociais

Dispoñer dun recurso bibliotecario contribuirá a compensar as desigualdades do orixe do alumnado xa que deste xeito todos terán garantido o acceso á información e documentación necesaria para o seu desenvolvemento integral.

1º trimestre

- Dar a coñecer a posibilidade de acceder a rede dende a biblioteca, sempre dándolle un uso académico.

1º, 2º e 3º trimestre

- Promover o uso da biblioteca nos tempos de lecer para acceder a información necesaria para as súas actividades de aula.
- Facilitar os medios tanto dixitais como impresos ao alumnado que non dispoña dos mesmos.

Apoio a outros programas e proxectos de aula/centro

1º, 2º e 3º trimestre

Orientar sobre lecturas concretas relacionadas co plan de convivencia, de educación en valores, coeducación, etc. Realizar actividades dinámicas e interesantes dende a biblioteca para concibir a biblioteca como un recurso chave na aprendizaxe. Favorecer lecturas dirixidas a



traballar problemáticas no día a día na aula (conflitos, diversidade, **medio ambiente...**) ou **socialmente de actualidade.**

Adquisición de fondos para colaborar coas diferentes efemérides. Consolidar unha metodoloxía de traballo na que o emprego da biblioteca sexa constante.

Accións para a integración da cultura impresa/cultura dixital

1º, 2º e 3º trimestre

- Exposición no taboleiro da posibilidade de préstamos en rede e consultas de libros ou revistas online.
- Exposición de material bibliográfico para traballar as **conmemoracións, mes da ciencia, Letras Galegas...** tanto na biblioteca, como a través do blogue con acceso a información dixital.

Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca

1º trimestre

- Colocar como páxina de inicio nos ordenadores da biblioteca a propia páxina da mesma dentro do programa KOHA.
- Dar a coñecer nas sesións informativas de comezo de curso como acceder ao catálogo.

1º, 2º e 3º trimestre

- Utilizar blogue da biblioteca para anunciar as novidades así como a conta de instagram.
- Expoñer no expositor de novidades os novos exemplares mercados e realizar recomendacións lectoras.

AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL DE LECTURA E DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A través da práctica diaria, realizarase unha observación directa e sistemática do alumnado. Ademais rexistrarase a información a fin de analizala e poñela en común en cada unha das reunións para identificar melloras.

Polo tanto, empregaranse como instrumentos, a observación directa, o rexistro dos resultados obtidos, as enquisas e cuestionarios, a caixa de correo de suxestión e as estatísticas de empréstitos.

Enviarase enquisas de avaliación tanto ao profesorado, ao alumnado e ás familias.

6.6. Plan de Dinamización das TIC

A aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos/as, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Neste curso continuamos coa utilización da aula virtual do colexio <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnumero1melide/aulavirtual/> . Poren organizaremos un horario de uso semanal da aula de informática para asistir periodicamente cos distintos grupos de infantil e primaria, para que poidan familiarizarse co uso da aula virtual e de certas ferramentas necesarias para editar e organizar a información, así como os contidos dixitais das editoriais e outros recursos interesantes, tendo sempre presente o uso responsable da internet.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispor de



habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información coas TICs para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van dende o desenvolvemento de habilidades que faciliten o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse, así como facer un uso responsable das redes sociais e da navegación pola internet en xeral.

Así mesmo o plan TIC fomentará o traballo cooperativo e colaborativo entre os alumnos e tamén entre os profesores, de xeito que esta formación que reciban en Primaria facilite a adquisición de futuros coñecementos (en Secundaria, Bacharelato e na súa vida adulta) e a súa transmisión mediante estas novas ferramentas comunicativas.

OBXECTIVOS DO PLAN TIC

- Proporcionar ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.
- Utilizar programas e entornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Facer un uso responsable das Tic e as normas básicas para a súa utilización de xeito respectuoso.

6.7. Plan de Dinamización da Convivencia Escolar

No Decreto 8/2015 regúlase a convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Como centro educativo compétenos a elaboración do Plan de Convivencia de centro, no que recollerán as actuacións relativas á favorecer unha axeitada convivencia no centro.

Os obxectivos xerais que recolle o noso plan de convivencia son os seguintes:

- Sensibilizar sobre a importancia da convivencia escolar, prevención e solución de conflitos a todos os membros da comunidade educativa
- Fomentar actuacións preventivas e positivas nos distintos ámbitos da convivencia, organizando de modo sistemático, o conxunto de decisións, procedementos e medidas educativas.
- Fomentar valores democráticos como a solidariedade, tolerancia, colaboración e o respecto a outras persoas e outras ideas.
- Potenciar hábitos de responsabilidade na resolución de conflitos.
- Conseguir a coordinación entre os diferentes profesionais que interveñen no centro para dar coherencia a todas e cada unha das medidas que se establezan
- Fomentar a participación, a responsabilidade de alumnos/as e desenvolver a capacidade de autorregulación emocional para responder de forma apropiada ás situacións que se presenten.
- Actuar con aqueles alumnos/as que presenten alteracións graves de conduta ou ante aquelas situacións de maltrato entre iguais segundo o protocolo que establece a normativa.

A liña de actuación será a consecución das mesmas así como o cumprimento das normas que garantan un bo clima no centro.



6.8. Plan anual das Seccións bilingües

O presente curso académico continuaremos coas seccións bilingües na materia de plástica dende 3º ata 6º de educación primaria.

Ademais estamos á espera dun auxiliar de conversa coa finalidade de mellorar no noso alumnado a competencia en comunicación lingüística na lingua inglesa.

6.8. Plan anual do plan dixital de centro

O PD do centro está intimamente relacionado cos outros proxectos Educativos. O PD contribuirá á consecución de obxectivos de tódolos plans do centro: Plan de Convivencia, Plan Lector e de Biblioteca, Plan de Normalización Lingüística... En definitiva, estará incluído de forma xeral no Proxecto Educativo e relacionado de forma estreita con outros programas nos que se participa (PLAMBE, Proxecta...).

1. Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 23/24

O PD estará concretado cada ano na Programación Xeral. Neste curso revisaranse os obxectivos acadados o curso pasado e renovaranse e/ou actualizaranse segundo as necesidades que se formulen. Ao finalizar o ano revisarase e proporanse liñas de actuación para o seguinte curso.

2. Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Durante os últimos anos o centro realizou un constante esforzo por manter as instalacións e o equipamento informático actualizado e adecuado as necesidades detectadas.

Ademais ampliouse a cobertura de rede para que se dispoña de conexión WIFI dende tódalas partes do centro.



Co fin de acercar a toda a comunidade educativa as actividades que se realicen no centro, eventos significativos, logros, recoñecementos, etc. o Colexio dispón da páxina Web e da aula virtual, onde se poderá acceder a contidos dos eventos conmemorados. Tamén é un Centro que conta con Edixgal no último ciclo de primaria e co uso da aplicación corporativa Abalar. Ademais tamén se creou un perfil de Instagram da biblioteca

2.2 Análise DAFO

Tendo como base o SELFIE e o test CDD elaborouse o análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. Analizáronse as seguintes categorías: infraestruturas–equipamento, persoal docente, persoal non docente, alumnado, familias, lexislación , organización do centro, contorna e outras entidades. A partir da elaboración desta análise foi como se crearon os obxectivos que trataremos a continuación.

3. Plan de Acción

3.1 Obxectivos

A partires do análise DAFO o equipo TIC seleccionou os seguintes obxectivos,

1. Elaboración de RRDD e moodle, para enriquecer o EVA do centro. Creación dun banco de REA.
2. Creación de recursos dixitais educativos baixo a perspectiva do DUA.
3. Redacción dun protocolo sobre xestión de datos: protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autor.

3.2 E como contidos:

1. Recursos dixitais e moodle.
2. Ferramentas de autor para creación de recursos para enriquecemento do EVA, baixo a perspectiva do DUA.
3. Protección de datos, propiedade intelectual e licenzas de autor.
4. Plan de acción: deseño de obxectivos, actuacións e métodos de avaliación e difusión.

Temos que salientar neste curso tamén, que contamos no centro con paneis dixitais interactivos.

Vanse abrir tres liñas de formación PFPP, unha de arquitectura pedagóxica, outra de DUA e unha terceira de Polos Creativos, que contribuirán e afondarán na consecución dos obxectivos formulados no noso Plan.

Ademais do anterior, hoxe en día é imprescindible saber facer un manexo adecuado das tecnoloxías e sobre todo de internet, de forma que a navegación resulte segura para os menores. O obxectivo que se propón é o de ofertar formación e charlas orientadas á seguridade dixital tanto para o profesorado coma para o alumnado, de forma que poida ser de aplicativo nas aulas no día a día.

Por outra banda, nas conclusións do curso pasado, falabamos das prácticas de avaliación e propúxose Crear instrumentos de avaliación e auto avaliación sobre a utilización dos recursos TIC.

Outro obxectivo que se englobaba no Plan dentro dos tres anteriormente mencionados, era a mellora das Competencias dixitais do alumnado: Dirixir o coñecemento previo do alumnado cara o uso adecuado das novas tecnoloxías. No centro contamos cunha hora semanal en tódolos grupos de Tics para formar ao alumnado no manexo e uso das tecnoloxías.



3.3 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No caso do noso centro necesitamos melloras de equipamento e infraestruturas, aínda que nos anos anteriores se dotou ao centro de certo equipamento, como paneis dixitais, etc. Compre seguir a mellorar os equipos informáticos cos que se conta, seguir dotando de paneis dixitais interactivos nas aulas onde non hai, así como doutros materias como impresoras 3D...

4. Avaliación do PD

A avaliación do plan será trimestral e constará de dúas fases:




- Unha avaliación procesual trimestral onde se terá en conta o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e as posibles modificacións das accións e propostas de mellora.
- Unha avaliación final en xuño do 2024 na que se considerará a valoración do logro dos obxectivos e propostas de mellora.

5. Difusión do PD

O resumo do plan estará incluído nas concrecións da PXA para o curso 2023/2024 e está publicado na páxina web do centro de forma que está a man para toda a comunidade educativa.

7. PLANS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

O presente curso académico, ao igual que en anos anteriores, levaremos a cabo o de Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) con tres liñas de actuación:

-  Polos Creativos
-  "Arquitectura pedagóxica" (para dinamizar o patio durante os recreos)
-  DUA

Ademais diso:

-  Solicitouse a participación nos Plans Proxecta.



8. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Este curso ábrese a posibilidade de realizar actividades que supoñan a utilización das instalacións por persoas externas ao colexio e será o consello escolar o encargado de estudar as propostas de actividades culturais, deportivas, etc. ofertadas por distintos organismos.

Tamén, e como marca a lexislación vixente, colaborará coas A.N.P.A.s facilitándolle espazos, sempre que esten dispoñibles, para a realización das súas actividades.

As especialidades de Inglés, Música e Relixión impartirán as sesións na aula de referencia de cada especialidade.

O colexio poderá ou non facilitar o uso das instalacións de patio cuberto e duchas para albergue provisional de peregrinos (en períodos vacacionais de verán), e sempre que se solicite por parte do Concello e este se faga cargo da vixilancia e control das persoas que accedan a esta parte do centro, así como dos posibles desperfectos e responsabilidades materiais e persoais que se puideran ocasionar e se conte coa autorización do xefe territorial.

En tódolos casos os usuarios das instalacións faranse responsables dos posibles desperfectos ocasionados durante o desenvolvemento das actividades, así como da hipotética responsabilidade civil e danos físicos que se poidan derivar das mesmas.

9. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

O novo Plan de Auto protección do centro foi elaborado no curso 2021-22, pero pódense resaltar os seguintes elementos de protección do centro:

O colexio conta con extintores de incendios, repartidos nos corredores, no comedor, na cociña e na sala de caldeiras.

Os vellos depósitos de gasóleo foron cambiados no curso 98-99. Agora mesmo contamos con un só depósito que ten unha capacidade de 1500 litros e está situado no almacén.

O centro conta ademais cun pararraios non radioactivo (o anterior foi retirado por ENRESA) instalado polo concello de Melide.

A instalación da cociña é de gas propano (bombonas grandes) e o depósito está situado no exterior do edificio, ao carón do patio de Educación Infantil, apoiado na parte de atrás da cociña, e cerrado por un enreixado. Todo isto está supervisado por REPSOL BUTANO.

Así mesmo, para garanti-la protección de todo o alumnado do centro, procurárase manter, na medida do posible, o recinto pechado durante o horario lectivo e de recreo de comedor.

Actualmente o centro conta cun sistema de alarma (conectado a unha central receptora) en determinados puntos.

10. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

10.1 Transporte

Actualmente funcionan 6 rutas de transporte:

	PARADA	ALUMNADO TRANSPORTADO
<u>RUTA 1</u>	Golán	5
<u>RUTA 2</u>	O Barreiro	10
<u>RUTA 3</u>	Anduriña-Folladela	6
<u>RUTA 4</u>	Feal	9
<u>RUTA 5</u>	Salgueiros	30
<u>RUTA 6</u>	Lubeiro	
TOTAL DE ALUMNADO TRANSPORTADO		60



10.2 Comedor

Elaboramos a relación de comensais segundo a resolución de comedores: Instrución 2/2023 da secretaría xeral técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades, do 1 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023/2024. O total de comensais entre alumnado, colaboradoras/es non pode pasar dunha media de 150 por día.

Outros comensais.

DIRECTORA: Paula Bargo Buján.

ENCARGADA DE COMEDOR: Inés Cagide Val.

COCIÑEIRA: Luísa Conde Barco.

AXUDANTE DE COCIÑA: Ana M^a Mosteiro Sánchez.

PROFESORADO COLABORADOR DO CENTRO: Ana Carballude Iturburua e M^a Carmen Novás Conde.

PERSOAL NON DOCENTE COLABORADOR DO CENTRO: Daniel Blanco Varela.

PERSOAL NON DOCENTE **DO CENTRO "COIDADORA"**: Berta Teresa Castelo Mosquera.

COLABORADORAS: 5.

NORMAS DO COMEDOR

- Antes de entrar ao comedor dispoñemos de 5 minutos para ir ao aseo, lavar as mans e ir facendo as filas tranquilamente e sen correr; unha vez dentro da S.de comer non se volverá a saír.
- Organizaranse filas fixas no patio e entrará de unha en unha para non romper os grupos estables de convivencia. Non se entrará con libros, déixanse no patio e nos colgadores habilitados para tal fin.
- Entrarase ó comedor en silencio e de forma ordenada. Non se empezará a comer ata



que estea todo o mundo sentado e os colaboradores desexen bo proveito.

- Comerase con educación e mantendo os bos modos na mesa: sen xogar coa comida ou coa auga, sen falar coa boca chea, collendo o garfo, coitelo e culler axeitadamente,...
- Durante a comida só se poderá falar nun ton baixo e moderado e c@s compañeir@s que están cerca, sen levantarse para falar cos das outras mesas.
- Estarase á procura de manter os bos modos dentro dun ambiente agradable, sen discutir, como corresponde a unha boa convivencia. Este respecto é cara a tod@s: compañeir@s, mestres, cociñeiras e colaboradoras de comedor.
- Sérvese un mínimo de alimentos necesario para medrar, polo que é necesario cómelo todo. Pódese repetir á comida sempre que se queira.
- As persoas colaboradoras de comedor velarán pola boa dinámica na hora do xantar. Ó rematar de comer e saír ao patio comeza o tempo de lecer e do recreo de comedor, para poder xogar e divertirse cos compañeiros, non para pelexar e discutir.

FUNCIÓNS DOS/AS COLABORADORES/AS

Ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo de comedor (entrada, xantar e tempo de xogo) o persoal colaborador desempeñará as seguintes funcións:

- *Facer cumprir as normas expostas no taboleiro.*
- *Desempeñar a labor de coidado e atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas.*
- *Asegurarse de que os alumnos acceden ás filas do comedor en orde, sen carreiras, berros ou pelexas. Saír do comedor tamén en orde coidando de que ningún se adiante ao colaborador.*
- *Para repetir serán as colaboradoras as que collan as fontes e servirán aos nenos que levanten a man.*
- *Supervisar e ensinar a maneira de comer correctamente:*
 - o *Na utilización dos cubertos.*
 - o *Evitando que quede algún prato sen probar.*
 - o *Non deixando que se farten só de pan.*



- Resolver as incidencias ou conflitos que poidan ocorrer entre o alumnado tanto dentro coma fora do comedor.
- Informar á encargada de comedor ou dirección no caso de que acontecera algún feito relevante; tamén se se observa que algún neno /a non come o imprescindible.
- Se algún neno se atopase indisposto deberán chamar á casa e de apreciarse certa urxencia tamén ó 112.
- Polo que atinxe á Atención aos alumnos con alerxia alimentaria deberase seguir o protocolo indicado na lexislación vixente.
- Os colaboradores deberán de encargarse de organizar as saídas para a casa coidando de que cada alumno acceda en orde á saída que lle corresponda segundo sexa ou non de autobús (poñendo especial atención ao alumnado de infantil que debe ser recollido polos familiares autorizados).

FUNCIÓNS DOS/AS XEFES/AS DE MESA (Quedan sen efecto ata que a situación o permita)

- Axudar aos mais cativos a colocarse na fila adecuada antes de entrar e recordarlles ir ao baño.
- Intentar manter un ton axeitado, sen berrar, xogar ou pelexar. De non conseguilo chamar a unha colaboradora.
- Servir aos tres nenos do grupo sen levantarse, que eles vaian pasando o prato. Repartir ben a comida.
- Axudar aos máis cativos nalgunhas tarefas complicadas: cortar carne...
- Recoller culleres, garfos, vasos e pratos ordenadamente, botando todos os restos nun só prato que se colocará enriba. Se un neno non come nada dun prato non se retira ata que dea permiso unha colaboradora.

11. RELACIÓNS DO CENTRO COAS FAMILIAS E A COMUNIDADE.

É importante sinalar que a colaboración entre o colectivo docente e os demais membros da comunidade educativa é moi positiva.

Este curso promocionarase especialmente a información publicada na páxina web do colexio <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnumero1melide/> para que toda a comunidade se manteña informada dos protocolos de adaptación, Programa de acollida, Plan de continxencia e outra información de interese para as familias.

Este curso tratarase de facilitar ás familias a información necesaria que permita unha mellor participación na xestión do centro e o establecemento de vías que permitan levar adiante propostas conxuntas, sempre que a situación sanitaria o permita.

É importante sinalar tamén a colaboración do centro con ANPAs e o Concello de Melide, así como con diversas asociacións culturais.

Dende o centro cremos fundamental a comunicación entre todos os membros da comunidade educativa, pois todos e cada un de nos xogamos un papel fundamental na educación do noso alumnado.

12. PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DAS ANPAS

Este curso académico si se realizarán actividades extraescolares en horario **non lectivo proposto pola ANPA "O Forte" dentro das instalacións do colexio**. Pero intentarase que se integre algunha iniciativa dentro do horario lectivo e mantendo os grupos de referencia, como dinamización de recreos ou tempos de lecer así como outras actividades que se consideren interesantes para o desenvolvemento do alumnado.

13. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN.

A Avaliación do centro farase a través do seguimento e revisión dos documentos de planificación docente e dos diferentes proxectos. Ademais reflectirase na memoria final os aspectos de mellora de cada curso.

A avaliación dos alumnos/as axustarase ó disposto na lexislación vixente. Será continua, terá carácter formativo e estará integrada no proceso

educativo. As actividades da avaliación oriéntanse a detectar os progresos e/ou dificultades dos alumnos/as durante todo este proceso.

Ó longo do curso académico realízanse tres tipos de avaliación:

- Avaliación inicial
- Avaliación continua
- Avaliación Final

As actividades de avaliación en Educación Primaria son levadas a cabo polo profesor/a titor/a correspondente coa colaboración do resto de profesorado das respectivas especialidades.

A información as familias sobre a avaliación ten lugar antes do Nadal, antes de Semana Santa e despois fin de curso; tal e como se recolle na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar. Darase a coñecer mediante Abalar. Estes, así mesmo, serán puntualmente informados das incidencias (progresos e fallos detectados nos seus fillos/as) así como das posibles medidas correctoras a adoptar.

Quedan fixadas as seguintes *datas de avaliación*:

1º AVALIACIÓN

Xuntas de avaliación:

- 11 de decembro: Infantil, 1º e 2º de Ed. Primaria
- 18 de decembro: 3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria

Publicación de cualificacións en Abalarmóbil: 21 de decembro

2º AVALIACIÓN

Xuntas de avaliación:

- 11 de marzo: Infantil, 1º e 2º de Ed. Primaria
- 18 de marzo: 3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria

Cualificacións en Abalarmóbil: 22 de marzo

3º AVALIACIÓN

Xuntas de avaliación:

- 24 de xuño: Infantil e primaria.

Cualificacións en Abalarmóbil: 25 de xuño



Ao final de cada curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, tomaranse as decisións sobre promoción ao seguinte curso do alumnado. A decisión de promoción adoptaraa o equipo de profesores/as que imparten docencia ao grupo de alumnos/as no último curso, e deberá ter en especial consideración a información e o criterio do titor ou titora.

O alumnado acadará a promoción ao curso seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e un axeitado grado de madurez. Accederase tamén ao seguinte curso cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo curso. Neste caso, o centro educativo adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os apoios necesarios para a recuperación das ditas aprendizaxes.

Cando o alumno/a non cumpra as condicións establecidas parágrafo anterior, permanecerá un ano máis no curso, tendo en conta que esta medida só se poderá adoptar unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa. Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo educativo.

Esta avaliación quedaría incompleta senón se inclúe tanto a avaliación da práctica do profesorado.

En canto ós docentes teremos en conta:

- A adecuación dos obxectivos propostos nas correspondentes unidades didácticas.
- A distribución, progresión e adecuación dos contidos.
- A proposta de actividades axustadas ó nivel do alumnado.
- Sacarlle o máximo partido ós materiais didácticos.
- Realizar agrupamentos apropiados segundo a actividade a realizar.
- Crear un clima idóneo para a aprendizaxe e a cooperación entre os alumnos/as.
- Coordinación con outros mestres.

14. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

Avaliarase segundo o grao de consecución dos obxectivos marcados nela. Esta avaliación quedará reflectida na memoria de fin de curso.

A avaliación realizarase a partir de:

- Información aportada polos representantes dos distintos sectores no Consello Escolar.
- Seguimento trimestral feito polo Consello Escolar.
- Avaliación feita pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.



15. APROBACIÓN DA PXA



Dona. María Carmen Armas Fandiño, secretaria do CEIP Melide Nº1,

CERTIFICA:

Que a presente PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL do CEIP Melide Nº1 foi aprobada en reunión de CLAUSTRO e CONSELLO ESCOLAR celebradas ambas as dúas o luns 2 de outubro do 2023.

E para que conste, expido a presente certificación firmada por todo o equipo directivo.

O equipo directivo,

A xefa de estudos	A secretaria
	
Sonia María Pérez Santoalla	Mª Carmen Armas Fandiño
A directora	
	
Paula Bargo Buján	